

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA**

D Antón García Fernández con DNI nº 32 34 35 19 e domicilio en Fouco nº 15 Chaín, Gondomar, 36389 actuando en representación da **Plataforma POLA PROTECCIÓN DA SERRA DO GALIÑEIRO**, integrada polos colectivos:

A RÍA NON SE VENDE
A.C. BERRA VAL MIÑOR
ADEGA
ASOCIACIÓN GALEGA DE APICULTURA
AMIGOS DA TERRA
ASOCIACIÓN “FESTA DA PREHISTORIA”
ASOCIACIÓN PERMACULTURA “EIRAS DO MIÑO”
ASOCIACIÓN TRECE CATORCE
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE VINCIOS
ASOCIACIÓN A GROBA
ASOCIACIÓN MUNDO MINERO
ASOCIACIÓN PEDRAGHULLO DE VINCIOS
ASOCIACION VECIÑOS CHENLO
BEMBRIBE: PENA CABALARIA
C.C. AS PEDRIÑAS
C.M.V.M.C. DE CHAÍN
C.M.V.M.C. DE COUSO
C.M.V.M.C DE VALADARES
C.M.V.M.C DE VINCIOS
C.S. A REVOLTA
CLUB ESCALADA MONTAÑA AZIMUT
CLUB MONTAÑEIROS CELTAS
CLUB PEÑA TREVINCA
M.G. CLUBE DE MONTAÑA XISTRA
CLUBE ESPELEOLÓXICO MAÚXO
C.S. FAISCAS
FEDERACIÓN A.A.V.V. EDUARDO CHAO
VIGO FEDERACIÓN GALEGA MONTAÑISMO
INSTITUTO DE ESTUDOS MIÑORANOS
OUTROVIGOÉPOSIBLE
PLATAFORMA DEFENSA DA RÍA – CIES
SALVEMOS MONTEFERRO
SOS SERRA DA GROBA
VERDEGAIA

en relación co Proxecto do Parque Eólico da Serra do Galiñeiro provomido pola empresa Terra do Vento S.L.,

EXPÓN:

Que con data 25 de outubro de 2012 foi publicado anuncio no DOG da *“RESOLUCIÓN do 27 de setembro de 2012, da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública para autorización administrativa, declaración de utilidade pública, en concreto e a necesidade de urxente ocupación que iso implica, aprobación do proxecto de execución, proxecto sectorial de incidencia supramunicipal da instalación eléctrica e estudo ambiental das instalacións referidas ao Parque Eólico Serra do Galiñeiro nos concellos de Gondomar, Mos, O Porriño e Vigo (expediente IN661A 2011/20-4)”*.

A documentación exposta ao público é a seguinte:

- **Proxecto sectorial:** Contén unha memoria xustificativa cuxa primeira parte é un copia pega do Plan Sectorial Eólico, e unha serie de apartados dos que se pode afirmar, ofenden á intelixencia das persoas que os len, e que tamén iremos comentando nos seguintes apartados.
 - **Estudo de Impacto Ambiental (EIA).** Este estudo contén documentación suficiente na que se pon de manifesto a incompatibilidade do parque eólico cos valores da serra do Galiñeiro. Só que logo, e a pesar da evidencia, se conclúa que a obra é compatible. Tamén en posteriores apartados entraremos a analizar este documento, os seus acertos e as súas carencias. Pero sobretodo, é máis que evidente que tras a lectura de toda a documentación achegada non se pode concluir máis que a serra do Galiñeiro non é o lugar axeitado para a ubicación deste parque.
 - **Proxecto de execución:** unha parte importante do proxecto está en inglés, que saibamos non é lingua oficial en Galicia, e polo tanto non é conforme ás normas de presentación de documentación (art.36 Lei 30/1992, de 26 de novembro).
 - **Relación de bens e dereitos afectados,** no caso de solicitar a declaración de utilidade pública.
- A lei 8/2009 no apartado 2 establece: “Durante o prazo indicado no número anterior calquera persoa, entidade ou organismo interesado

- poderá presentar cantas alegacións considere oportuno ou solicitar o exame do expediente e da documentación técnica, ou a parte desta que se acorde”.

Que contra dita Resolución e os documentos expostos formúlense as seguintes **puntualizacións e alegacións.**

A. EN CANTO AO PROXECTO SECTORIAL:

A.1. MEMORIA

A documentación esixida para os Proxectos Sectoriais está establecida no artigo 10 do decreto 80/2000 23 marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriales de incidencia supramunicipal.

A Memoria debe contar cunha descripción detallada do ámbito afectado (art. 10 a)). Este apartado, denominado no proxecto sectorial 2.2. “Descripción del ámbito territorial afectado”, non describe nada, só afirma que o parque se sitúa na Serra do Galiñeiro, nos municipios de Vigo, Gondomar O Porriño e Mos, para logo pasar a contar as maravillas do aerogenerador Vestas112, rematando o apartado da descripción do ámbito afectado cun *“El funcionamiento de los aerogeneradores se controla y supervisa mediante un sistema informático centralizado en el ya mencionado centro de control, que garantice que o se provoquen fluctuaciones de tensión debidas a las variaciones de la intensidad del viento”*. Non existe nin a máis mínima descripción do ámbito afectado, aínda que o apartado se denomine así.

Tamén debe contar cunha memoria xustificativa (art.10b)) *“do interese público ou utilidade social, de carácter supramunicipal, da infraestrutura, dotación ou instalación, así como da idoneidade da localización elixida, da viabilidade económica-financeira da actuación e do acomodo do proxecto sectorial ós instrumentos de ordenación do territorio vixentes e, se é o caso, ó plan sectorial correspondente”*

O proxecto sectorial comeza a súa memoria xustificativa cun “copia-pegar” do suposto “Plan Sectorial Eólico” colgado na web do Inega, cuxa mellor cualidade é que permite copiar e pegar.

No que atinxe a este Plan Sectorial debemos puntualizar varias cuestións, a primeira é que nin este Plan, nin o anterior do 1997, foron publicados. Si se publicou a resolución de aprobación pero nunca o seu contido.

Pódese consultar un documento na páxina web do Inega denominado “Modificación del Plan Sectorial Eólico de Galicia” (por certo, en castellano).

Na Memoria do PSEGA non se fai ningunha referencia ao Galiñeiro.

Na web atópase un plano denominado “Plano do Plan Sectorial Eólico” de data de 2007, se a aprobación do PSEGA foi en decembro de 2002, é difícil que ese plano se corresponda con nada aprobado. Noutros planos que figuran na web, efectivamente recóllese unha trama correspondente a **“Gamesa”**, con **20 MW**, na Serra do Galiñeiro.

Polo tanto, e respecto ao acomodo ao Plan Sectorial, pódese afirmar:

1.- O Plan Sectorial Eólico non existe xurídicamente, ningunha norma é de aplicación se non se publica.

2.- O Plan Sectorial recolle nun plano a trama “Gamesa” sobre o Galiñeiro. Terras do Vento non é Gamesa, e isto que pode parecer unha obviedade, ten unha importancia capital. Esta zona estaba dentro dun Plan Eólico Estratéxico, asinado no ano 1995, ao abeiro do Decreto 205/1995, (publicado no DOG de 6 de xullo de 1995). Este decreto regulaba o proceso de autorización dos Plans Eólicos Estratéxicos (despois Empresariais). O Decreto 205/1995 indicaba que, o conxunto de actuacións para ser desenvolvidas polo adxudicatario dun PEE, tería lugar nun período máximo de dez anos, así que no ano 2002 este PEE estaba todavía en vigor, razón pola que foi recollido na modificación do PSEGA de 2002. Os titulares dos PEE adquirirían unha serie de dereitos e de obrigas. En resumo, xa que o tema é longo, unha vez pasados eses dez anos, ningunha validez teñen os PEEs e polo tanto ningunha validez ten o PSEG respecto a estas zonas ligadas aos PEEs, que foron delimitadas nos planos con este obxecto e nas que non foi desenvolvido ningún parque eólico.

3.- Nos planos refíctense 20 MW, tampouco neste extremo ten acomodo o Proxecto Sectorial ao PSEG, si ao concurso, pero non ao PSEG.

4.- Tampouco se acomoda o proxecto sectorial no que atinxe á delimitación da poligonal, xa que esta foi modificada. A este respecto deberíase ter en conta que a modificación dun plan sectorial (se existira) teríase que ter feito a través da tramitación **dun novo plan sectorial** e non a través dunha Orde (Orde do 29 de marzo de 2010 para a asignación de 2.325 MW de potencia na modalidade de novos parques eólicos en Galicia). Polo tanto, de existir un plan sectorial, a modificación das súas determinacións tería que obrigatoriamente facerse a través dunha modificación do Plan Sectorial. Estas modificacións son ilegais.

APARTADO: “Justificación del interés público y utilidad social”.

- Neste apartado fanse afirmacións que non son de consideración no caso do Galiñeiro. non é certo que evite importacións do exterior, xa que Galicia exporta aproximadamente un 40% da enerxía eléctrica que produce.
- Non é a serra do Galiñeiro unha zona “*de montaña muy deprimidas económicamente.*”
- Neste caso preténdese que unha multinacional, adquira mediante expropiación a propiedade dos nosos montes para facer un negocio. A maquinaria que pretenden instalar é danesa, importada, polo tanto. A creación de man de obra é ficticia, e a destrución da existente é real. Provoca un alto impacto, e a eficacia baséase máis na envergadura dos aerogeneradores que na existencia de recurso eólico, etc.
- O discurso sobre as bondades da enerxía eólica a nivel mundial é bonito, e non vamos negar a importancia da enerxía eólica, pero resulta que estamos nunha comunidade autónoma na que o índice de aerogeneradores por unidade de superficie triplica a media de España. E España é o segundo

país de Europa en capacidade total instalada (terceira por unidade superficial), e cuadriplica a Italia, Francia e Reino Unido, 3º, 4º e 5º, respectivamente, datos de 2010.

Alomenos deberíamos reflexionar e cuidar máis as localizacións dos futuros parques eólicos. O discurso das bondades da enerxía eólica é, en parte, correcto, pero isto non pode servir de excusa para encher Galicia de aeroxeradores. Este é un país que ten como seña de identidade a calidade da súa paisaxe. E desde logo, ese discurso non pode servir de excusa para destruír unha serra cunha diversidade de valores sociais, naturais, ecolóxicos, xeolóxicos, arqueolóxicos, paixasísticos, etnográficos, etc. Poucos puntos de Galicia presentan unhas características tan singulares.

APARTADO 1.5 “Idoneidad de la localización elegida”.

Artigo 10 do Decreto 80/2000 tamén require a xustificación da localización elixida así o proxecto sectorial contén un apartado denominado: 1.5. “Idoneidad de la localización elegida”.

Este apartado realiza afirmacións absolutamente incorrectas. Afírmase que esta área foi incluída “*debido a los estudios realizados y el trabajo de campo realizado por el INEGA*” isto é incorrecto. Xa explicamos nos apartados anteriores como o PSEG recolle os PEE vixentes nese momento, e o PEE, correspondente a Gamesa foi asinado en 1995.

O Instituto Enerxético de Galicia nace a través de la Lei 3/1999, de 11 de marzo. Dificilmente puido facer estudos, nin no ano 1995, nin no ano 1997 que foi cando se elaborou o PSEG. Por outra parte a inclusión destas zonas no PSEG non se fundamentou nin nas investigacións, nin nos traballos de campo, senón que o PSEG, se limitou a recoller uns PEE en vigor. Na modificación do PSGA non se recolle ningún estudo desta zona, nin supuxo ningún cambio para o PEE de Gamesa. **Ningunha referencia hai no texto do Plan Sectorial á serra do Galiñeiro.**

Respecto á idoneidade nada máis se di. Vese que o redactor do Proxecto Sectorial non atopa ningunha razón, nin achega estudo que avale que a Serra do Galiñeiro é unha “localización idónea”, porque non a é.

Logo pasa a xustificar que é mellor solución a de menos aeroxeradores e máis grandes, que máis e máis pequenos. Di que desde un punto de vista ambiental supón uns efectos menores. Isto é unha opinión persoal que non se basea en ningún estudo nin análise. Tampouco explica neste apartado a razón do cambio, respecto o documento de inicio, do tipo de aereoxerador e a ubicación dos mesmos (en cotas máis altas). No documento de inicio eran 13 aeroxeradores modelo VESTAS90 de 3 MW, de 150 m de altura, e neste proxecto elíxense 13 aeroxeradores VESTAS112 de 3MW de 176 m de altura. Se a potencia é a mesma, por qué se aumenta o tamaño do aeroxerador? Se se trata do menor impacto, por qué se cambian os aeroxeradores a uns máis grandes e se colocan nunhas cotas máis altas?

E xa o cuarto e último parágrafo non ten desperdicio:

“Podemos entonces concluir que la alternativa elegida garantiza la protección del medio ambiente y del medio socio económico, además de ser

económicamente viable, adoptándose, en base a un riguroso estudio de campo, las máximas precauciones en el trazado y diseño de los viales y las zanjas”.

Nin se recolle ningún traballo de campo, nin existe máis análise cunha opinión persoal. Non se estuda nada polo tanto non se pode garantir nada.

COMPATIBILIDADE CON OUTROS PLANES E PROXECTOS SECTORIAIS:

Di o texto (páxina 106) o proxecto sectorial tamén é compatible “con outros planes y proyectos sectoriales”, sen especificar.

Deberíase testar o acomodo deste Proxecto Sectorial ás Directrices de Ordenación do Territorio (DOTs). No que atinxe ás Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) o Plan non se acomoda ao establecido nas súas determinacións, que prioriza a repotenciación dos parques xa existentes (páxina 310 relativa ás determinacións) e unha planificación, tanto do sector enerxético como do sector eólico. Este proxecto Sectorial entra en contradicción coas determinacións das DOTs.

No que atinxe ao Plan de Ordenación do Litoral (POL) é evidente que este Proxecto Sectorial altera gravemente o fondo escénico da zona litoral de Vigo, Nigrán e Baiona.

VIABILIDADE ECONÓMICA-FINANCEIRA DA ACTUACIÓN, apartado 1.6. do Proxecto Sectorial.

Os cálculos toman como dato de partida unha produción de 2.831 horas equivalentes. O dato de 2831 horas equivalentes é incorrecto, produto da imaxinación do redactor. Nin sequera dando como válidos os datos de medición de vento que se aportan na páxina 42 do estudo de impacto (ao que nos referiremos noutro apartado) chegaríamos a esa cantidade de horas, xa que no texto se di que a velocidade media dos ventos na zona é de 2-4 m/seg, e con estas velocidades non se poden acadar esas horas equivalentes.

Os cálculos da produción eólica realízanse mediante un complexo sistema informático, obtendo datos dunha torre anemométrica virtual. E o estudo de implantación de aeroxeradores se efectuó modelizando un mapa de ventos virtual, cun programa informático denominado WASP, desenvolvido por el Riso National Laboratory de Dinamarca, polo tanto danés, igual que os aeroxeradores.

Polo tanto, a viabilidade económica está comprometida mentras non se aporten datos reais, deducidos de estudos reais, feitos na zona.

Por outra parte se estima un prezo unitario de venda de 73,71 €/MWh, este prezo é o correspondente á retribución percibida conforme ao RD 661/2007, esto é un erro, en abril de 2012, data da análise, xa estaba en vigor o decreto 1/2012 de 27 de xaneiro, polo que se procede á suspensión dos procedementos de preasignación de retribución e á supresión dos incentivos económicos para novas instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir

de coxeneración, fontes de enerxía renovables e residuos (BOE de 28 de xaneiro de 2012). **A análise da viabilidade económica-financeira non é correcta.**

A. 2. MEMORIA DESCRIPTIVA.

2.1 Descrición das características do parque eólico.

Adícase esta parte da memoria a facer unha descrición das obras tanto das pistas, como das plataformas de montaxe, das zapatas dos aeroxeradores, gabias, etc.

As zapatas proxectadas teñen unha superficie de 265,30 m² e 2,23 m de profundidade, o que supón un volume de 591,62 m³ de pedra. Trátase dun octógono que ten un diámetro de case 20 metros e unha profundidade de alomenos 2,23 m.

Non se recolle no proxecto sectorial o tipo de solo no que se situarán estas zapatas. A excavación tería que facerse en rocha (gneis de ribekita) e polo tanto os medios a utilizar serían ou dinamita ou un mortero diferido (non mecánicos como se afirma no proxecto de execución) o que provoca roturas pouco precisas, tanto máis en rochas con fendas naturais como é o gneis que forma os cumios, pedra de gran dureza pero que presenta estas fracturas naturais.

O resto do apartado adícase á descrición do resto das instalacións. Sinalar que se di *“Como norma general, las zanjas para cables eléctricos discurrirán, **siempre que eso sea posible**, paralelos a los caminos del parque o caminos existentes”*.

Polo tanto non sabemos por onde va ir o cableado.

APARTADO 3.1. “Estudio de incidencia territorial”.

Non entendemos porqué se denomina así este apartado porque de estudo non ten nada.

O ARTIGO 10 do Decreto 80/2000 establece como estudos obrigatorios, os definidos no apartado c):

c) “Estudio da incidencia territorial da infraestrutura, dotación ou instalación prevista, especialmente sobre os núcleos de poboación, usos do solo, infraestruturas, equipamentos e servicios, proteccións e afeccións urbanísticas e ambientais e medios de corrección ou de minimización de impactos”.

“3.1 Núcleos de poboación”.

Debería este apartado recoller un estudo dos núcleos existentes afectados, pero non o fai en absoluto. Fai mencións xenéricas, recollidas do PSEG, de cómo medir os 500 m de distancia mínima. Non se fai nin o mínimo esforzo por

buscar as delimitacións dos núcleos existentes e o cálculo. A incidencia nos núcleos de poboación é algo máis que unha distancia que nin se calcula.

A distancia nalgún caso é menor aos 500 metros, xa que existe unha vivenda habitada a 425 metros do aeroxerador nº9 (como exemplo).

Incumpre polo tanto o establecido neste artigo, que é a distancia de 500 m.

“3.2. Usos del suelo”

Non se estuda nada porque segundo o redactor *“El parque eólico no incide sobre los usos actuales del suelo, excepto en los aprovechamientos forestales que quedan limitados en función de las pendientes de las laderas de los montes.....”*.

Pero esta afirmación frívola non se basea en ningún estudo, nin análise. Nin sequera nunha visita a zona. Os usos do solo nesta zona son variados, pero neste suposto “estudo” se descoñecen, non interesan. Este apartado incumpre o establecido no artigo 10 do Decreto 80/2000.

Tamén pode resultar cómica e ridícula a afirmación de que as novas pistas van mellorar o aproveitamento gandeiro, cando nin se analiza que tipo de aproveitamento e que especies son as que hai na serra. Tampouco se estudan as repercusións dos rúidos, as obras, etc.

A.3. MENCIÓN AO ARTIGO 5.3 DO DECRETO 80/2000.

Realiza o redactor do proxecto sectorial afirmacións incorrectas e absurdas.

Dí o artigo 5.3.

“No solo rústico de especial protección quedan prohibidas as actuacións que resulten incompatibles cos seus valores ecolóxicos, ambientais, paisaxísticos, históricos, etnográficos, culturais ou calquera outro que sexa obxecto da protección outorgada ou coas proteccións derivadas da lexislación sectorial de aplicación”.

A lectura comparada deste artigo coa lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (coas posteriores modificacións), é clara e non permite interpretacións absurdas coma as que realiza o redactor do proxecto.

A lei distingue entre o solo rústico de protección ordinaria e os solos rústicos de especial protección. Dentro destes existen diferentes categorías. Nos concellos de Vigo e Porriño a clasificación é de rústico de especial protección de espazos naturais. Gondomar ten nestos momentos o PXOM nas oficinas municipais, a clasificación para a zona é de Solo Rústico de Protección dos Espazos Naturais.

Defínese o solo rústico de especial protección de espazos naturais como *“constituído polos terreos sometidos a algún réxime de protección por aplicación da Lei 9/2001, de conservación da natureza, ou lexislación reguladora dos espazos naturais, a flora e a fauna. Igualmente terán a dita consideración os terreos que os instrumentos de ordenación do territorio, as normas provinciais de planeamento ou o planeamento urbanístico consideren necesario protexer polos seus valores naturais, ambientais, científicos ou recreativos”*.

Este é o caso da serra do Galiñeiro.

O réxime de usos para este tipo de solos está establecido no artigo 33 da LOUGA. O uso pretendido encadrase no apartado **2. m)** de dito artigo *Infraestructuras de abastecemento, tratamento, saneamento e depuración de augas, de xestión e tratamento de residuos, e instalacións de xeneración ou infraestructuras de produción de enerxía*”.

No réxime de usos permitidos e autorizables para o solo rústico de especial protección de espazos naturais non se atopa o uso 2.m).

O artigo 39 establece como usos autorizables:

1. *Os relacionados no apartado 2, letras e, f, j y l, do artículo 33 da presente Lei, así como os sistemas de tratamento ou depuración de augas e as actividades vinculadas directamente coa conservación, utilización e disfrute do medio natural, e os que poidan establecerse a través dos instrumentos previstos na lexislación de ordenación do territorio, ou polo planeamento dos recursos naturais contemplado na Ley 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, sempre que non conleven a transformación da súa natureza rústica e quede garantida a integridade dos valores obxecto de protección.*

Para autorizar os usos sinalados polo apartado 2, letras j y l, do artigo 33, sobre suelo rústico de especial protección de espazos naturais, será necesario obter o previo informe favorable da consellería competente en materia de conservación de espazos naturais sobre o cumprimento da lexislación sectorial autonómica, estatal y da UE que resulten de aplicación.

2. *Usos prohibidos:*

Todos os demais.

A LOUGA non permite a localización dun parque eólico nun solo rústico de especial protección de espazos naturais.

A lectura conxunta da lexislación urbanística e de ordenación do territorio permite concluir que non é posible a ubicación deste parque eólico na serra do Galiñeiro.

No DOG de martes 28 de febreiro de 2012 publicouse **RESOLUCIÓN CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS** de 9 de febreiro de 2012, de la Secretaría General Técnica de la Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, por la que se hace pública la cofinanciación por la Unión Europea a través del Fondo Europeo de Desarrollo Regional en un 70% en el marco del Programa operativo Feder Galicia 2007-2013 de varios contratos.

Dentro destes contratos atópase no punto 8: Servicio para la redacción del Plan de ordenación de los recursos naturales y del medio físico del lugar de importancia comunitaria (LIC) y zona de especial protección de los valores naturales (ZPPVN) denominado Pena Trevinca (Ourense) y del **Plan de ordenación de los recursos naturales y del medio físico de la Serra do**

Galiñeiro denominado ampliación del parque natural del Monte Aloia (Pontevedra) (2 lotes), (expediente 97/2008), adjudicado por Resolución de 7 de abril de 2009. Eje 3, tema prioritario 51.

Polo tanto a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas adica uns fondos europeos para a redacción dun Plan de ordenación dos recursos naturais (PORN) para a ampliación do parque natural do Monte Aloia (Parque Natural e Red Naura 2000).

Segundo se establece na Lei 9/2001 de 21 de agosto de conservación da natureza de Galicia:

Artículo 25: Réxime de Protección Preventiva

1.- A iniciación dun procedemento de declaración dun espazo natural protexido ou do procedemento para a elaboración dalgún dos instrumentos de ordenación previstos nesta Lei determinará a prohibición de realizar actos que supoñan unha transformación sensible da realidade física o biolóxica que dificulte ou imposibilite a consecución dos obxectivos da declaración de espazo natural protexido ou supoña un risco para os esus valores naturais.

2.- En calquera caso, a iniciación do expediente da aprobación dun Plan de Ordenación dos Recursos Naturais determinará automaticamente a esixencia de informe favorable da Consellería de Medio Ambiente para calquera autorización, licenza ou concesión que habilite para realizar transformacións da realidade física ou biolóxica no ámbito territorial ao que afecta o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais.

Non pode quedar dúbida ningunha de que a zona contén valores suficientes que obrigan necesariamente á súa protección, e polo tanto, obrigan á paralización do proxecto eólico, que suporía a destrución destes valores.

O redactor do proxecto sectorial fai unha sesgada lectura da lexislación de ordenación do territorio e da lexislación urbanística, da que conclúe que a actuación pretendida está permitida por ambas lexislacións, algo que é totalmente incorrecto. Absurdas afirmacións que amosan non ter nin coñecementos legais nin sensibilidade algunha co territorio que se pretende destruír.

Respecto á parte incluída no Proxecto Sectorial denominada Estudo de Impacto Ambiental, mellor vamos a non entrar a comentar, xa que por unha banda, existe un documento que acompaña a esta documentación que é o Estudo de Impacto Ambiental, que entendemos que é o verdadeiro estudo, e por outra banda por que esta parte ofende á intelixencia humana.

Unha cousa que se afirma é certa: **“Un parque eólico es una instalación industrial para el aprovechamiento de la energía”** (páxina 109). Logo xa “lindezas” como que morren máis aves electrocutadas que por choque coas pás, que van cambiar os niños das aves, que as aves aprenden a esquivar ás pás, etc, non merecen máis comentario.

Se non fose que a cousa é grave serían parágrafos nos que disfrutaríamos, ríndo coas ocorrencias. Pero isto é algo serio, e o ton burlón e despreciativo coa natureza que desprenden este tipo de afirmacións fan sentir unha profunda indignación.

A.4. CUMPRIMENTO DAS NORMAS DE APLICACIÓN DIRECTA DA LOUGA

A.4.1. Respecto ao cumprimento do artigo 42 da LOUGA:

Deberíase ter en conta que o acceso que se prevé para a subestación e o edificio de control, é titularidade da Comunidade de Montes de Herbille, non é un vial público. Neste sentido a Lei 7/2012 de 28 xuño de Montes de Galicia, no seu artigo 98.1. establece que:

Todo camiño de tránsito rodado de titularidade pública ou privada, fora da rede de carreteras, vinculado á xestión forestal e ubicado en solo rústico de protección forestal terá a consideración de pista forestal, quedando adscrito á xestión agroforestal, e, en ningún caso, terá a consideración de acceso rodado público aos efectos previstos na lexislación urbanística.

Non se garante o abastecemento de auga, se di que se fará un pozo de barrena, pero non se conta coa autorización do organismo de conca.

Tampouco se conta coa autorización do organismo de conca, para o verquido de augas residuais.

Ademais das augas residuais existen outro tipo de residuos, que non se contemplan. O artigo 42 establece (ademais de acceso, auga potable e depuración) "... o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes...". Nada se di do tratamento, por exemplo, do lixo, aceites, etc.

No que atinxe aos aparcamentos, en ningún plano se reflicten os aparcadoiros que din se garanten neste apartado. Nos planos da relación de bens e dereitos se delimita tan só o recinto do edificio de control e subestación, polo tanto non se teñen en conta os aparcadoiros que din garantir neste apartado.

O artigo 42 sinala que a edificación non pode ocupar máis do 20% da parcela, como non se cumpre, se di que se computan todas as parcelas como unha. É dicir, todos os cachiños separados, que forman os terreos das bases dos 13 aeroxeradores, fan unha parcela. Isto é unha burla, a ningún cidadán lle deixan facer unha edificación se non ten a parcela mínima, e se non cumpre a ocupación máxima na mesma. O feito de que teña outra separada a 200 metros, por exemplo, non lle serve para nada. Pero esta empresa entende que a eles se lles pode aplicar esta singularidade interpretativa.

Tampouco cumpre os retranqueos previstos xa que se afasta do borde da parcela **2,3 m**, non 5,00 m como establece a lei.

A parcela onde se atopan o edificio de control e a subestación ten unha superficie de **990 m²** (30 x 33, segundo cotas reflectidas no proxecto de execución), cando a parcela mínima son 3.000 m².

A parcela onde se atopa o edificio de control e a subestación está totalmente desligada do resto das parcelas que se pretenden computar. É dicir, realizan os cálculos do cumprimento do artigo 42 e 44 da LOUGA, co conxunto de parcelas, 14 parcelas separadas.

O conxunto do edificio de control máis a subestación non cumpre o establecido nos artigo 42 e 44 da LOUGA.

A.4.2.-CUMPRIMENTO DO ARTIGO 104 DA LOUGA

Dise neste apartado que: “para su análisis se efectuaron simulaciones que reflejan el grado de integración paisajística del proyecto”.

ISTO É MENTIRA, non se realizou ningunha simulación, ou polo menos non quixeron publicala, nin no proxecto sectorial nin no EIA, nin no estudo de integración paisaxística.

Desafiando o cumprimento do artigo 104, esta memoria xustificativa di: *“Así mismo, hay que puntualizar que la afección visual que provocan los aerogeneradores depende de criterios subjetivos, puesto que, según la percepción del observador, pueden llegar a ser atractivos”.*

Deducimos, pois, de tal espléndida reflexión que o artigo 104, non ten razón de ser, xa que cada cousa é, segundo quén a mire..... sendo así, realmente, este parque eólico, segundo a percepción dos habitantes que rodean a zona, é realmente feo, non se adapta ao entorno e desfigura o cumio do Galiñeiro, que é un fito paisaxístico para os habitantes dun territorio tan amplo e densamente habitado como é o sur da provincia de Pontevedra. Polo tanto esta instalación **incumpre o establecido no artigo 104 da LOUGA.**

En canto ao expresado en relación co cumprimento do artigo 106, xa comentamos que o vial de acceso ao edificio de control non é un vial público senón unha pista forestal propiedade da comunidade de montes de Herbille.

A.5. RELACIÓN CO PLANEAMENTO URBANÍSTICO VIXENTE.

A.5.1. Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, a clasificación é de Rústico de Protección de Espazos Naturais.

En canto o que se di neste apartado xa foi comentado en apartados anteriores, ademais de que non se contempla este uso no réxime de usos correspondente a esta clase de solo, os usos contemplados no apartado m) do artigo 33.2, precisamente é un dos usos prohibidos nesta clase de solo, xa que no artigo 39 da LOUGA, correspondente a solo de Especial Protección de Espazos naturais non está dentro dos autorizables, como se di que os prohibidos son todos os demais, é claro que **os usos contemplados no apartado m) do artigo 33.2 atópanse expresamente prohibidos** en Solo Rústico de Especial Protección de Espazos Naturais.

A literatura que introducen despois de isto non ten máis razón de ser que de negar o que é evidente: os usos contemplados na alínea m) están prohibidos en solo rústico de especial protección de espazos naturais, nin a “Carta de los Suelos del Consejo de Europa” nin a “Estrategia Mundial para la Conservación”, nin o “Quinto Programa de Acción”, etc, etc cambia o que a

LOUGA establece no que atinxe ao réxime de usos dos solos Rústicos de Especial Protección dos Espazos Naturais.

Denota unha gran ignorancia ao citar a lei “1/1997 del suelo de Galicia”, norma derogada fai dez anos.

É absolutamente incorrecto que o “Consejo de la Xunta” declarase expresamente a compatibilidade dos parques eólicos con todos as categorías de solos rústicos de especial protección. **Os usos relacionados na alínea m)** do artigo 33 apartado 2, **non se contemplan nin, artigo 38:** Solos rústicos de protección das augas, as costas, de interés paisaxístico e de patrimonio cultural; **nin no 39: rústico de especial protección de espazos naturais.** Polo tanto, nestas categorías de solos rústicos de especial protección, **os usos da letra m) quedarían dentro dos denominados “Usos Prohibidos”.**

A mesma lei 8/2009 do 22 de decembro, no seu artigo 31 establece a exclusión da implantación de parques eólicos *“aqueles espazos naturais declarados como zonas de especial protección dos valores naturais para formar parte da Rede Natura 2000, consonte a normativa vixente en cada momento, agás os proxectos de repotenciación”*, isto será por alguha razón, aínda que lendo tanta bondad sobre parques eólicos, é posible que o redactor do proxecto sectorial non entenda as razóns que levaron á redacción deste artigo, algunha haberá.

Pois ben, como xa se dixo, a serra do Galiñeiro posúe unha protección preventiva xa que se está a redactar un PORN, e ten valores naturais suficientes para formar parte do Parque Natural do Monte Aloia, parte da Rede Natura 2000. De feito denomínase: *“Plan de ordenación de los recursos naturales y del medio físico de la Serra do Galiñeiro denominado ampliación del parque natural del Monte Aloia (Pontevedra)”*. Polo tanto estaría no caso do artigo 31: *“para formar parte da Rede Natura 2000”*.

A.5.2.- PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE PORRIÑO.

Aínda que o redactor do proxecto sectorial nos regale un “copia-pega” da parte de Vigo, nós entendemos que non é necesario repetir o mesmo catro veces, así que nos remitimos ao escrito para o caso de Vigo.

A.5.3.- CONCELLO DE MOS

O caso de Mos é diferente xa que no caso dos Solos rústicos de especial protección forestal (equivalente ao non urbanizable de masas forestais) si se permiten os usos descritos no epígrafe m) do artigo 33 apartado 2.

O que non cambia é o feito de que o solo posúe valores naturais e arqueolóxicos que merecen a súa protección, a clasificación operativa do solo habería que realizala conxugando tanto as zonas de interese arqueolóxico, como aquelas áreas que posúen valores naturais que deban ser protexidas.

A.5.4.- CONCELLO DE GONDOMAR.

Este caso é máis complexo xa que efectivamente o planeamento foi anulado e están en vigor as Normas Subsidiarias Provinciais. Pero en Gondomar, na zona

de actuación atópase a fortaleza do Galiñeiro, declarada BIC, polo tanto o réxime de aplicación para a zona (BIC máis áreas de protección e respecto) sería o correspondente a solo o *rústico especialmente protexido para zonas con interese patrimonial, artístico ou histórico, que estean contempladas no planeamiento ou na lexislación sectorial que lles sexa de aplicación* (artigo 32 2.h da LOUGA). Tamén as zonas dos petróglifos e a súa contorna estarían necesariamente nesta clase de solo.

Tamén o feito de que se estea a redactar un PORN altera a clasificación do solo xa que a categoría de solo rústico de aplicación sería o de especial protección de espazos naturais. A cualificación do solo neste caso é un acto reglado, non é posible a modificación por outra categoría de solo rústico que supoña unha menor protección.

A proposta feita ao futuro PXOM de Gondomar de clasificar a zona como solo rústico de protección de infraestruturas non é posible. O PXOM que se vai a aprobar a clasificación é de Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais.

B.- RESPECTO AO ESTUDO DE IMPACTO AMBIENTAL (EIA).

B.1. ANÁLISE DE ALTERNATIVAS.

Este apartado responde a un modelo que serviría para calquera parque eólico, e que o único que pretende é cubrir o expediente.

As hipotéticas medicións de vento non constan en ningún sitio, de feito non se reflicten nin no proxecto sectorial, nin no proxecto de execución. Se houbera datos concretos, serían istos os que tiveran aportado e non os do Aeroporto de Peinador, que non está na serra do Galiñeiro.

Faise referencia neste apartado, como noutros, do programa WASP, programa danés, para o cálculo da simulación do vento.

B.1.1 ALTERNATIVAS PROPOSTAS:

As alternativas propostas e “avaliadas”, son a alternativa cero, e as alternativas 1 e 2.

Estas alternativas, agás a cero, non son alternativas reais xa que só difiren na ubicación de tres dos trece aeroxeradores.

No estudo de alternativas non se avalía:

- A elección do aeroxerador.
- As diferentes posibilidades para o trazado das pistas e gabias
- A colocación do edificio de control e subestación, etc

Entre a alternativa 1 e 2 a única difencia que atopamos é a ubicación de tres dos trece aeroxeradores. Entendemos que non son dúas alternativas, é a mesma alternativa cunha pequena modificación.

A alternativa 1 a denominan “dispersa” e a 2 “aglutinada”, na súa descripción: *“En esta alternativa localiza los aerogeneradores de una manera más próxima entre sí, de tal forma que impide la posición de algunos en las zonas más*

elevadas de la Serra do Galiñeiro, todo ello sin que afecte a la viabilidad y rentabilidad modelizada en estudios anteriores con respecto a los vientos dominantes en la zona”.

Isto é absolutamente falso, dos 3 aeroxeradores que se cambian dous se desprazan a cotas máis altas (o 13 da 525 á 650, nada menos!). E o aeroxerador número 09 se alonxa do resto dos aeroxeradores, nunha situación máis dispersa, e máis preto das edificacións dos núcleos de Mos.

Diferenzas entre a alternativa 1 e 2, é colocación de tres dos trece aeroxeradores:

- **Aeroxerador 13:** na alternativa 1 está nunha cota de 525, na alternativa 2 se sitúa na cota 650. Ademais da elevación do aeroxerador, este desprázase aproximándose a unha zona sinalada de maior intensidade de voo das aves. A situación da alternativa 2 de ese aeroxerador, é peor desde un punto de vista paisaxístico e faunístico.
- **Aeroxerador 09:** Na alternativa 1 estaba na cota 570 e na alternativa 2 se sitúa na cota 530. Aínda que a alternativa 2 a definen como aglutinada este aeroxerador alónxase do grupo e sitúase máis preto de núcleos poboados do Concello de Mos. A situación desde un punto de vista patrimonial é peor que a situación na alternativa 1 (ver no estudo arqueolóxico).
- **Aeroxerador 08:** Na alternativa 1 está situado a cota 530 e na 2 na 570, O aeroxerador que se move, desde un punto de vista da vexetación está peor situado, igual que o 07, xa que está sobre unha zona de breixeira húmida, habitat prioritario, isto se pode comprobar nos planos achegados no Anexo relativo á vexetación. Ademais na alternativa 1 atopábase fóra da área vermella de maior intensidade de voo das aves, na alternativa 2 sitúase dentro desta zona con maior risco de colisión. A alternativa 2 é claramente máis desfavorable desde un punto de vista paisaxístico, da vexetación, (hábitats prioritarios) e da protección da avifauna. Isto pode comprobarse nos datos recollidos na documentación presentada polo equipo redactor.

Pois ben, ademais de que entendemos que non poden denominarse alternativas do proxecto polas escasas diferenzas, resulta que **a alternativa escollida é a peor desde un punto de vista medio ambiental.**

B.1.2. ELECCIÓN DO AEROXERADOR E DA POSICIÓN DOS VESTAS112.

Nada se di da elección do aeroxerador, o VESTAS112. No documento de inicio o aeroxerador escollido era o VESTAS90. O aeroxerador cambiase por outro de máis altura e máis envergadura. Non se explica, nin neste apartado, nin noutro, a razón para escoller este aparato que, coa mesma potencia ca do aeroxerador do documento inicial, acada os 176 m de altura.

A razón, xa que o equipo redactor non a di, podémola explicar nós.

VESTAS é unha empresa danesa (ao igual que o programa WASP, citao ao longo dos documentos) que ademais de ser fabricantes de aeroxeradores ofrecen multitude de servizos relacionados co deseño, planificación, xestión, mantemento informático, etc, dos parques eólicos.

Na súa páxina web: <http://www.vestas.com/en/wind-power-plants/procurement/turbine-overview/v112-3.0-mw.aspx#/vestas-univers>

pódese comprobar como son eles os que fan os proxectos, elixen o modelo de aeroxerador e a súa ubicación, cun só condicionante: o recurso eólico (ou a ausencia). Nese programa utilizado para o deseño de parques non se teñen en conta condicionantes medio ambientais, patrimoniais, sociolóxicos, paisaxísticos, etc.

A elección do modelo de aeroxerador e a ubicación destes, é determinada por VESTAS, e ven condicionada, no caso do Galiñeiro, polos baixos ventos da zona, pero VESTAS ten solución para estes casos, e che venden igual unhas máquinas perfectas:

Di a páxina web:

“Diseñado para sitios de baja y media velocidad del viento, el V112-3.0 MW turbina proporciona un costo altamente competitivo de la energía. La turbina ofrece una alta productividad, debido a su gran área barrida, una mayor eficiencia de rotor y mejor capacidad de servicio y fiabilidad, que a su vez mejorar la disponibilidad. Su fiabilidad está garantizada por el centro de pruebas de Vestas”.

A razón do cambio do modelo só é unha: a falta de recurso eólico. Os valores ecolóxicos da serra, a calidade da paisaxe, o medio no que se sitúan, non son criterios avaliados, nin na elección do aeroxerador, nin na ubicación dos 13 aeroxeradores.

Consultado todo o documento, especialmente o proxecto de execución, páxinas da 151 a 180, pódese comprobar que a única razón pola que se moveron eses 3 aeroxeradores é a busca do mellor aproveitamento eólico xa que a serra do Galiñeiro presenta unhas características pouco favorables.

Hai unha falta de rigor na análise da alternativa cero. Hai multitude de variables que non se analizan nesta avaliación de alternativas, por exemplo a variable da conservación do patrimonio, conservación da fauna (zonas de voo de aves), etc.

B.1.3. MATRIZ DE AVALIACIÓN:

Dentro dos obxectivos, **principios de sostenibilidade e criterios ambientais**, a cero é a mellor.

Variable: “Garantizar **espacios naturales protegidos**”, é ridículo poñer que cumpren en maior grado (cariña verde) ás tres alternativas. Os parques eólicos e os espazos protexidos son espazos contrapostos. Debería terse posto “Non cumpre”, tanto para a 1 coma para a 2; especialmente á 2.

Conservación de hábitats singulares: Agás a cero, debería poñer non cumpre. Mal avaliado, a 2 é peor alternativa ca 1, como xa explicamos.

Conservación da paisaxe: Agás a cero, debería poñer non cumpre. Mal avaliado, a 2 é peor alternativa ca 1, como xa explicamos.

No caso das tres **variables hídricas**, agás a cero, están mal avaliadas, nin a alternativa 1 nin a 2, teñen en conta, nin estudan, a protección da calidade das augas fronte aos riscos de contaminación.

No caso dos **recursos edáficos**, as tres variables recollidas están mal avaliadas, a alternativa 2 é máis desfavorable ca 1; o aeroxerador 13, na alternativa 2 está nunha zona de maior pendente, sitúase preto dos cumios. O mesmo pasa co aeroxerador 08.

No que atinxe á **calidade atmosférica**, entendemos que a colocación de 13 aeroxeradores na Serra do Galiñeiro non va a reducir a emisión de gases de efecto invernadoiro. Terían que explicar, en qué consiste esa redución. Por unha banda agora non hai emisións de gases de efecto invernadoiro na serra. Por outra banda terían que dicir onde, como, cando, en qué medida, etc, se vai a producir esa redución, non é certo.

No que respecta **ás rutas e sendas de ocio**: segundo equipo redactor a serra vai cumprir mellor a xestión de rutas de ocio tras a colocación dos 13 aeroxeradores. Ou isto é un erro de redacción ou é unha tomadura de pelo. As rutas están xestionadas e conservadas pola Federación Galega de Montaña e Montañeiros Celtas, organizacións totalmente en contra deste parque eólico. As rutas coa colocación dos aeroxeradores desaparecerían, ou deixarían de se utilizar.

Como se ve que o da redución de GEI, da algo de xogo o volven a repetir dúas veces máis. Pois tres veces podemos negar que se vaian a reducir os GEI por que unha multinacional coloque 13 aeroxeradores na serra do Galiñeiro, e se é así que especifiquen cómo, onde, cando, etc se vai producir esa redución.

Variable: **socioeconomía** “Aumento de la economía comarcal y descenso del desempleo”. En ningunha parte da voluminosa documentación que conforman o Proxecto sectorial e o EIA, se fai a máis mínima análise dos empregos relacionados co uso da serra do Galiñeiro (aproveitamento sostible do monte, deportivo, de lecer, hostelería, turismo, etc, etc), polo tanto tampouco se avalía a destrución de emprego asociada ao parque eólico. **Que a colocación do parque eólico vai a supoñer un descenso do emprego é mentira**. Se non se fai un estudo dos empregos relacionados coa serra e as consecuencias da colocación do parque eólico non se pode afirmar que o balance final vai ser positivo para o emprego.

O mesmo acontece coas **rendas municipais**, existe unha importante economía asociada á serra do Galiñeiro e ao turismo na zona (ver o estudo da poboación, a maioría do emprego está no sector terciario). Os Concellos o saben, e precisamente por iso ningún dos concellos afectados está a favor da construción do parque eólico. Son conscientes de que ista instalación suporía unha perda de ingresos nas arcas municipais.

O estudo di na páxina 129:

*“En este sentido de forma general se pode observar que **la alternativa cero es la que cumple todos los objetivos ambientales propuestos**, sin embargo no cumpliría ninguno de los objetivos propuestos por el mismo proyecto como es la producción de energía renovable, creación de empleo y rentas, reducción de GEI por habitante y reducción de gases efecto invernadero. Por ello esta alternativa quedaría descartada, ya que mantendría las condiciones ambientales actuales pero no llegaría a cumplir nunca los objetivos de sostenibilidad propuestos por el mismo proyecto”*

Pensabamos que GEI significaba “gases de efecto invernadero”, pero se ve que non, xa que os 13 aeroxeradores van a reducir os GEI “**y**” os “gases de efecto invernadero”. Poderían explicar a diferenza, entre unha cousa e outra.

Podemos afirmar que falta unha avaliación de alternativas reais. Falta unha descripción das alternativas, están mal descritas, non é certo o que se di na **alternativa 2**, nin que é aglutinada, nin que é mellor desde un punto de vista paisaxístico, nin medio ambiental; **é a que lle interesa ao promotor.**

Na alternativa 2 un dos aeroxeradores o 08 que se despraza se coloca enriba dunha zona de breixeira húmida, este zona está perfectamente sinalizada nos planos que acompañan ao Anexo II Inventario y Cartografía da Vexetación. A razón é que os anexos están para iso, anexalos, para completar o expediente, pero non para consultalos, estudialos ou valoralos. De feito pódese comprobar como este anexo (como o arqueolóxico e outros) foi realizado unha vez xa decidida á localización dos aeroxeradores, e non ao revés, é dicir antes, como parte da toma de decisións.

O estudo de alternativas é o núcleo dos EIA e polo tanto este debería ser rigoroso e permitir unha avaliación obxectiva de cada unha delas. Deberíase estudar co mesmo grado de profundidade (algún en todo caso) as posibles alternativas de ubicación, diseño, elección dos aparatos, etc, tendo en conta os efectos previsibles, directos e indirectos sobre a poboación, a fauna, a flora, o solo, o aire, a paisaxe, xeomorfoloxía, etc. Deberían ir tomándose decisións, integrando criterios ambientais e condicións de protección que permitan finalmente valorar e propor a elección da alternativa idónea, non só baseada en termos de viabilidade económica, senón tamén en termos de viabilidade ambiental.

O proceso de toma de decisións foi o seguinte: primeiro colocar os aeroxeradores e logo xa mirar o que hai debaixo, iso é facilmente detectable na lectura completa da documentación. De feito a documentación, memoria e planos do Proxecto Sectorial, onde todo o parque está perfectamente definido ten data de abril de 2012, o Estudo de Impacto Ambiental de maio de 2012.

Resumindo: Ao noso entender o EIA, no que atinxe ao estudo das alternativas, o único que pretende e cubrir o expediente, non que forme parte da toma de decisións.

B.2. IDENTIFICACIÓN, DESCRIPCIÓN Y VALORACIÓN DEL IMPACTO AMBIENTAL.

No EIA identifícanse, descríbense e valóranse mal os posibles impactos tanto en fase de obra, como en fase de explotación como na fase de abandono.

Esta parte contén contradicións co resto da documentación, contida nos anexos, no que atinxe á identificación de impactos e a súa valoración.

En xeral, o apartado é moi pobre xa que non se realiza unha análise dos impactos sobre cada un dos elementos do medio ambiente.

Como exemplo:

- **Fase construción_Hidroloxía superficial**

Non se inventarían nin se analizan os efectos que se producirán sobre os nacementos da auga. Non aparcan representados nos planos todos os regatos

existentes. Non se analiza que o camiño que une o aeroxerador 01 co 04 e éste co 09 cruza directamente dous regatos que desemboca no río Amial. Tampouco se analiza que o camiño que une o aeroxerador 09 coa estrada de Herville discorre paralela a un regato.

Non se analizan os impactos sobre o embalse de Zamáns.

- **Fase construción_Hidroloxía subterránea**

No que atinxe á hidroloxía subterránea, as afirmacións que realizan como *“Este fenómeno presenta muy baja probabilidad de ocurrencia ya que los terrenos de la sierra están constituidos por materiales granitoides y metamórficos que presentan una permeabilidad muy baja, de tal forma que los únicos acuíferos que pueden desarrollarse son los unidos a las fisuras del terreno, lo cuales tienen una importancia muy reducida”*.

Isto denota moi pouco coñecemento da hidroloxía da serra e do tipo de rocha da que está constituída a serra. Polo tanto todo o impacto respecto á hidroloxía subterránea está mal valorado.

- **Fase construción_vexetación.**

Non ten relación o que se describe neste apartado co recollido no Anexo adicado á vexetación. Polo tanto os impactos están mal identificados e mal valorados. Ademais non se analizan os efectos directos da maior parte das infraestruturas necesarias para o parque eólico sobre as unidades vexetais. Por exemplo, viais a acondicionar, e novos viais, subestación e edificio de control, gabias, antena meteorolóxica, liña de evacuación etc.

Tal e como se representa no plano 2 do anexo de vexetación, a meirande parte das infraestruturas afectan a hábitats naturais catalogados como protexidos pola directiva habitat

No caso da flora, por exemplo: as explanacións teñen un impacto negativo (ponse pouco significativos).

Respecto ás excavacións, nin se considera, cando está claro que as excavacións supoñen un impacto negativo para a flora. No apartado de acondicionamento e reposición de terreos,ponse “poco significativo” cando lendo o Plan de Restauración é unha das partes da obra con máis impacto, negativo, para a vexetación existente.

- **Fase construción_fauna.**

Non se realiza unha análise completa dos efectos que poden causar as obras sobre a fauna, como poden ser as molestias e afeccións por ruído, efecto barreira, etc.

- **Fase construción_xacementos arqueolóxicos**

Unicamente se analiza o impacto do aeroxerador 05 e o seu vial, mentras que no anexo V Estudo Arqueolóxico, identifica outros aeroxeradores e viais que poden que poden afectar aos xacementos. O EIA indica que a probabilidade de afectar a un xacemento arqueolóxico, inventariado ou non é alta.

- **Fase construción_espacios naturais**

Non se identifican impactos relacionados con espazos naturais como pode ser o Parque Natural do Monte Aloia, localizado a meos de 3km de distancia dos aeroxeradores 7 e 8, e co que forma unha unidade desde un punto de vista xeolóxico, faunístico, da vexetación, paisaxístico, etc. De feito o PORN do Galiñeiro en redacción actualmente denomínase “ampliación do Parque Natural do Monte Aloia”.

- **Fase construción-socioeconomía**

Non se realiza unha análise de impactos. En relación coas actividades de ocio non se comenta nada máis que os camiños poderán ser desviados, pero non se analiza como afectará ao uso dos citados camiños e demais actividades que actualmente son desenvolvidas, tanto polas comunidades de montes como por as empresas adicadas ao ocio.

- **Outras consideracións da fase de construción:**

Por exemplo na fase de obra non se pon nada sobre as excavacións e o medio ambiente sonoro. Dado que a excavación terá que facerse en rocha de gran dureza, o impacto tería que considerarse negativo.

No caso do tráfico de maquinaria e materiais nos solos e erosión debería categorizarse negativo.

- **Fase explotación-fauna**

A afirmación de que as perturbacións que se xeran sobre a fauna sopoñen o desprazamento da mesma a outras zonas, pode ser correcta nos menos dos casos, sendo o máis habitual a destrución dos hábitats, a perturbaicón dos cicloes vitais dos individuos, etc llegando á súa desaparición no nicho ecolóxico.

En relación coas aves e quirópteros, **non se realiza unha análise dos impactos xerados pola presenza dos aeroxeradores.**

- **Fase explotación-paisaxe**

Non se analizan os efectos da presenza das infraestruturas sobre a paisaxe, a estimación de persoas que poderán observar os aeroxeradores (din que 12.000) é falsa, desde moitas zonas de Vigo, Baiona, Nigrán, Porriño, Mos, Salceda, desde o Morrazo, etc, estas estruturas serán visibles.

- **Fase explotación-socioeconomía**

Non se realiza unha análise de impactos. En relación coas actividades de ocio non se comenta nada máis que os camiños serán compartidos, pero non se analiza como afectará ao uso dos citados camiños e demais actividades que actualmente son desenvolvidas, tanto polas comunidades de montes como por as empresas adicadas ao ocio.

VALORACIÓN DOS IMPACTOS

Utilízase un método con alto grado de subxectividade, polo tanto o redactor utiliza o método para xustificar o inxustificable, máis cando se parte dunha incorrecta identificación dos impactos.

Por exemplo:

- **Aumento dos impactos acústicos**

A magnitude do impacto non é correcta. Durante a apertura de gabias e viais será necesario o uso de explosivos e taladros percutores, cuxa incidencia supera os 55 dB(A) a máis de 200m do foco emisor.

- **Alteración xeomorfolóxica.**

O criterio está mal aplicado xa que debido as pendentes abruptas do entorno a afección á xeomorfoloxía é cando menos media, tal coo se indica no apartado extensión. Isto o converte nun impacto severo.

- **Procesos erosivos**

O criterio magnitude está mal aplicado, xa que debido ás pendentes abruptas do entorno a afección sobre os procesos erosivos é cando menos media, tal e como se indica no apartado extensión. Isto o converte nun impacto categorizado como moderado

- **Augas**

Non se atopa en ningún sitio unha valoración das obras sobre a auga embalasada en Zamáns, nin nas augas subterráneas. Polo tanto non está valorado o impacto sobre a auga de consumo humano.

VALORACIÓN DE LOS IMPACTOS

A técnica utilizada é ten un alto grado de subxectividade, e tendo en conta que a determinación e caracterización dos impactos é moi deficiente, a valoración destes impactos ademais de subxectiva e parcial, incompleta, sesgada e a conclusión final totalmente incorrecta.

Din, por exemplo (isto é un exemplo, entrar a valorar axeitadamente todos os impactos resulta imposible nesat alegación) que **impacto moderado** é *“aque/ cuya recuperación precisa prácticas correctoras y en el que consecución de las condiciones ambientales iniciales requiere algo de tiempo”*.

Na matriz de impactos, por exemplo, se establece como moderado a alteración xeomorfolóxica. Este é un impacto que con seguridade, se vai producir, pero non se pode clasificar como moderado, xa que nin con prácticas protectoras, nin con medidas correctoras, nin co paso do tempo a rocha volve a nacer. Isto é un impacto CRÍTICO.

Vemos na matriz de impactos ao final que a alteración de xacementos arqueolóxicos (no anexo de arqueoloxía se di que hai un alto risco de destrución de xacementos arqueolóxicos) é un impacto MODERADO, pero nin prácticas correctoras nin o tempo arranxan a destrución do patrimonio arqueolóxico. Isto é un impacto CRÍTICO.

Por exemplo a perda de hábitats sinálase como COMPATIBLE, é dicir aseguran que a recuperación de hábitats será inmediata e non precisa medidas correctoras. É dicir, unha vez desaparecido un hábitat, reaparece por arte de maxia. Isto é falso. Isto é un impacto CRÍTICO.

Igualmente a alteración da rede de drenaxe é compatible, é dicir, unha vez alterada as augas volverán, inmediatamente aos seus cauces..... imposible.

Isto poderíamos facelo con case todos os impactos chequeados (parciais como xa dixemos). Os impactos positivos, por suposto, se producen en maior medida na fase de abandono. Agás os da socio economía que xa desde a fase de explotación os valoran como positivos. Estamos en total desacordo, xa que os impactos na variable socio-económica, serán negativos e severos. As actividades afectadas negativamente por esta instalación superan altamente aos escasos, se os hai, impactos positivos.

Dicir que o branco é negro, nun papel é doado, pero iso non cambia a realidade das cousas. Un petróglifo destrozado non volve a nacer.

CONCLUSIÓN DA VALORACIÓN DOS IMPACTOS

Os resultados obtidos na valoración dos impactos identificados non se axusta á realidade, sería necesario levar a cabo unha validación dos mesmos. Cabe mencionar, por exemplo, os efectos na paisaxe na fase de explotación da actividade, cuxa caracterización arroxa un resultado de impacto negativo moderado; ou o derivado da alteración xeomorfolóxica na fase de construción do que resulta tamén un impacto negativo moderado; etc. Lémbrese, que os impactos moderados, son aqueles cuxa recuperación non precisan medidas protectoras ou correctoras intensivas e nos que a consecución das condicións ambientais iniciais require certo tempo. É obvio, que, a lo menos nestes casos, e precísase que extensible á caracterización de moitos máis impactos, non son susceptibles de recuperación co establecemento de medidas protectoras ou correctoras. A paisaxe modificada non é recuperable e a xeomorfoloxía, debido aos movementos de terras, excavacións e explanacións derivados do proceso construtivo, supón tamén un **impacto irreversible**.

B.3. XEOLOXÍA E HIDROLOXÍA.

B.3.1. ASPECTOS DE ESTRUTURAS XEOLÓXICAS, LITOLOXÍA, MORFOLOXÍA, PAISAXE E HIDROXEOLOXÍA:

O tratamento da xeoloxía no EIA é deficiente, xa que os autores do informe únicamente inclúen xeralidades da xeoloxía ou estudos rexionais. Practicamente o que fan é describir as rochas de forma desorganizada con contidos de información xeral, de ámbito rexional e, en numerosas ocasións, anticuados.

No estudo emprégase erroneamente de forma sistemática o significado de termos como paraxénese, afloramento, gneis e mineral accesorio.

No EIA emprégase o mapa xeolóxico a escala 1:50.000 de España e o mapa xeotécnico de España a escala 1:200.000 elaborado polo Instituto Xeolóxico e Minero de España para analizar a xeoloxía e hidroxeoloxía dunha área local a escala 1:10.000 aproximadamente.

Os contidos en materia de xeoloxía e hidroxeoloxía non inclúen o relativo aos aspectos máis locais, como son a **identificación de zonas de fracturación intensa, alteracións do gneis e do granito nin as principais formas xeolóxicas. Aínda que fai referencia á existencia de zonas moi tectonizadas, nin estas, nin os principais accidentes tectónicos están identificados, polo que non se poden establecer as súas afección polo proxecto eólico.**

A Serra do Galiñeiro está caracterizada pola alta fracturación e diaclasado das rochas, con presenza de fracturas concéntricas nas rochas ígneas e ten zonas con pendentes de terreo superiores aos 30 graos. Estas características favorecen a presenza de inestabilidades do terreo con correntamentos de terras, risco que non é analizado no EIA. Este risco podería verse incrementado pola carga que representan os aeroxeneradores e a súa cementación. O EIA simplemente di que os materiais que forman a serra admiten calquera tipo de carga a non ser nas zonas moi tectonizadas e con formacións menos competentes, pero non especifica se esas zonas están nos lugares onde se situarían os aeroxeradores ou as pistas e gabias ou se pola contra as obras non van dar en ningún destes lugares sensibles.

O propio EIA reconece que as abas do Galiñeiro poden superar a citada pendente na vertente oeste, onde chega a ser do 80%, e aínda que menor na vertente leste, o Ministerio de Medio Rural e Marino considera esta serra como zona de alto risco de movementos en masa segundo o mapa nacional de erosión por el editado.

Por outro lado o EIA non contempla a presenza de acuíferos subterráneos con base no carácter impermeable das rochas do sustrato. O proxecto ignora a presenza de acuíferos ligados a zonas do sustrato moi fracturadas que recollen, albergan e canalizan as precipitacións orográficas dos cumes, que actúan como barreira fronte ás masas de aire húmido procedentes do mar. Estes acuíferos alimentan os pozos de captación comunais e máis abaixo as fontes e os pozos familiares. Ditas afeccións poden ser importantes nos meses de xuño, xullo e agosto, que é cando o EIA identifica situacións de escaseza hídrica en base á datos de precipitación e evapotranspiración teórica.

Con respecto ao río Miñor, convén salientar que orixina cheas en Gondomar, así que unha alteración na drenaxe como a que poderían orixinarían as pistas de acceso do parque eólico nun tributario importante como é o río Zamáns, podería ter consecuencias adversas.

Tamén hai que ter en conta que da base dos cumios abrollan regueiros e regos que orixinan e manteñen afluentes importantes dos ríos Miñor e Louro.

O sistema de drenaxe é inmaduro, de álveos pouco definidos, e polo mesmo, doadamente alterable pola profusión de pistas que comportaría as de darlle servizo aos aeroxeneradores, como se comproba no forte impacto das pistas forestais existentes.

Por outra banda, unha eventual contaminación difusa da auga subterránea por combustíbeis pode afectar a puntos impredecibles, dado o carácter non obvio da circulación das augas.

As tubaxes, pontes, sumidoiros, pistas, estradas ... e demais estruturas de vadeo das infraestruturas do parque eólico proposto afectarían á capacidade de absorber estas enchentes e provocarían colapsos na rede de drenaxe natural, que sen dúbida afectarían non só a esas infraestruturas artificiais senón tamén ás poboacións cercanas. Feito este do que temos experiencia a menor escala, provocados por un mal uso das gabias nas explotacións forestais.

Pero nós queremos aclarar que a serra do Galiñeiro ten outros valores xeolóxicos máis alá dos ata aquí considerados e dos servizos de aprovisionamento de auga xa expostos. **A serra cumpre diferentes servizos ou funcións de interese local, nacional e internacional** que pasamos a expoñer.

SERVIZO DE SUBSTRATO:

Hai na serra un considerable número de formacións rochosas verticais que son substrato de hábitats onde se conserva a vexetación primaria. Están considerados polos especialistas como **os únicos hábitats primarios** que quedan en Europa Occidental, xunto con algúns humedais. (Larso, Matthes e Kelly "Cliff ecology. Patterns and process in cliff ecosystems" Oxford University Press).

Estes lugares de difícil acceso, escaso interese económico e pouco propensos a sufrir incendios, que chegaron ata os nosos días e conservan aínda ecosistemas prístinos, desaparecerían coas obras ou cos propios elementos do polígono eólico ao ir situados os aeroxeradores na liña dos cumios.

É importante destacar os múltiples servizos de información que nos proporciona un lugar como a serra do Galiñeiro:

INFORMACIÓN CIENTÍFICA

O Galiñeiro, pola súa singularidade, ten subministrado información científica de gran relevancia baixo dous paradigmas científicos radicalmente distintos: a xeoloxía da "teoría do xeosinclinal" e "a teoría da tectónica de placas".

Noutros tempos considerouse que esta serra formara parte da foxa blatomilonítica, co devir científico souboise que forma parte da unidade basal dos complexos alóctonos e que a súa orixe está en parte nos plutóns graníticos anoroxénicos que chegaron do manto terrestre. Estudos moi recentes respecto da **estrutura xeolóxica** dos ortogneis do Galiñeiro (e de outro das

inmediacións) teñen fornecido datos esenciais para esclarecer as orixes do NW da Península Ibérica, e de un episodio da historia xeolóxica global. (Project IGCP 497: The Rheic Ocean: Its Origin, evolution and correlatives). ("3D analysis of an Ordovician igneous ensemble: A complex magmatic structure hidden in a polydeformed allochthonous Variscan unit" de R. Díez Fernández e J. R. Martínez Catalán).

O Galiñeiro ten producido notábeis servizos de información científica no referente á **paleoxeografía**: formación de corteza continental, apertura e peche de paleocéanos e formación, posición e traslado de continentes hoxe desaparecidos. E con respecto á historia xeolóxica de Galiza ten sido usado nos estudos da orixe das rías e no estudo da evolución xeomorfolóxica terciaria e recente.

No campo da **xeoquímica comparada**: A peculiar composición das rochas do "Complexo Galiñeiro" en canto á presenza, ausencia ou variación dos elementos químicos incompatibles nas diferentes facies do complexo ten aportado datos fundamentais para esclarecer a historia xeolóxica dos materiais que constitúe unha parte fundamental do sustrato pétreo de Galiza. (Magmatismo alcalino en Galicia. L. G. Corretgé e M. P. González).

Moitos destes coñecementos teñen derivado da variación espacial a escala do detalle da fábrica e xeoquímica das rochas da Serra. Pola novidade e orixinalidade dalgúns dos coñecementos producidos podería ser considerado o Galiñeiro "**locus xeolóxico clásico**", homólogo das "localidades botánicas clásicas".

Se este lugar se destrúe coa instalación do parque eólico estaremos perdendo non só un lugar de importancia histórica no coñecemento xeolóxico senón a posibilidade de obter máis datos sobre moitos aspectos do coñecemento científico. É algo así como matar a galiña dos ovos de ouro.

E o parque eólico vai todo el situado sobre estas estruturas xeolóxicas, dende o primeiro camiño de acceso ao parque, ata as máquinas eólicas que estarían nos cumios, e por suposto o cableado e as pistas de acceso a cada muiño.

Pero hai un aspecto senlleiro da función de información que cumpre a Serra do Galiñeiro. É esta serra uns dos poucos lugares do sur de Galiza onde a estrutura xeolóxica se manifesta na escala do panorama, determinando na paisaxe a fisiografía da serra. (Outra vez indicamos a investigación: "3D analysis of an Ordovician igneous ensemble: A complex magmatic structure hidden in a polydeformed allochthonous Variscan unit" de R. Díez Fernández e J. R. Martínez Catalán).

Os gneises peralcalinos do Galiñeiro adquiriron unha estrutura sinformal que conforma o perfil da serra e que favoreceu a formación dunha ferverza na súa cara norte. A estrutura sinformal presenta alguhas dobras menores, e unha dela pode verse ao observar as Gaias do Galiñeiro dende lonxe. Aí mesmo irían situados dous aeroxeradores que destruírían para sempre e de xeito

irreversible esta formación xeolóxica de tanto valor **non só científico senón tamén didáctico**.

Seguindo no campo da **xeomorfoloxía**, o estudo dos retrinco da Superficie Fundamental de Galiza e da Plataforma Periférica de Galiza que se conservan no Galiñeiro teñen contribuído a esclarecer a orixe e a formación da ría de Vigo, e, indirectamente, das outras rías. ("Origen y evolución geomorfológica de las rías atlánticas de Galicia". J. L. Pagés Valcarlos). Evidentemente a morfoloxía da serra do Galiñeiro quedaría seriamente afectada pola instalación do polígono eólico.

Por outra banda, non hai que desprezar a **información histórica** que o substrato xeolóxico ten aportado en forma dos procesos morfoxenéticos que condicionaron o uso histórico do territorio como é o caso do castelo das Gallas do Galiñeiro ou as lagoas dos Bromús na vertente oeste desta serra.

Así mesmo o substrato xeolóxico ten tido tamén función artística, cultural, e outras, que deixarían de funcionar como tal ao ser instalado no Galiñeiro o nomeado polígono eólico.

B.3.2. Afeccións sobre elementos xeomorfolóxicos

O estudo xeolóxico incumple as condicións máis elementais de elaboración dun inventario ambiental do EIA dun proxecto eólico. Así, as *Bases para a tramitación e xestión ambiental dos parques eólicos de Galicia*, elaboradas pola Área de Planificación ambiental da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, sinalan o seguinte, na introdución do capítulo 7 (Inventario ambiental. A elaboración do inventario):

“Para a elaboración do inventario resulta imprescindible realizar traballos tanto de campo como de gabinete. O estudo e análise do medio físico é, xunto co das accións que desenvolve o proxecto, a base do EIA. A valoración dos impactos ambientais que orixina unha acción determinada só pode facerse partindo dun coñecemento detallado do contorno en que se implanta, como recoñeceu a normativa vixente en materia de impactos ambientais”.

Nomeadamente, sobre o estudo xeolóxico, o citado documento determina que:

“Nos parques eólicos debe estudarse co maior detalle a xeomorfoloxía, o releve, e a posible existencia de afloramentos rochosos singulares”.
(páx. 52).

O estudo xeolóxico non contén nengún elemento que nos poida levar a pensar que se realizou algún tipo de traballo de campo. Ao contrario, todo o traballo se reduciu á descarga de planos de grande amplitude e á súa interpretación en gabinete.

Como resultado desta absoluta falla de interese no traballo sobre o terreo, non se rexistra a existencia de absolutamente ningún elemento xeolóxico de interese, incluídas as características paredes verticais da serra, onde se ubica a coñecida escola de escalada do sur de Galicia. Volvendo ás *Bases para a tramitación e xestión ambiental dos parques eólicos de Galicia*, estas, tamén no apartado introdutorio sobre a elaboración dos inventarios ambientais, sinalan que:

“Na redacción do inventario débese consultar a bibliografía e estudos existentes, e contrastar a información obtida cos datos propios. Realizar un traballo de campo detallado permite axustar a información bibliográfica, o que posibilita a valoración realista dos impactos. Esta análise será especialmente coidadosa naqueles apartados nos que a construción e operación do parque sexa susceptible de alterar o medio en maior medida”.

1. Afeción sobre os relevos cuminais da serra

A maior parte dos aeroxeradores están proxectados sobre un **Inselberg** ou “monte illa”, no núcleo central da serra do Galiñeiro, que se formou pola erosión diferencial do gneis en relación ao granito circundante, máis alterable. Este Inselberg, que se eleva como unha “illa” sobre a superficie de arrasamento de Os Bromús, presenta a particularidade de que está constituído por gneis de riebeckita, polo que presenta unhas formas abruptas que resultan características do extremo norte da serra do Galiñeiro. As obras previstas suporían a destrución física de distintos tramos deste afloramento rochoso, e de maneira xeral o conxunto do parque eólico degradaría irreversiblemente a contemplación deste relevo único. Os aeroxeradores que se proxectan sobre o *Inselberg* do Galiñeiro son:

Aero 12, aero 11, aero 10, aero 05, aero 13, aero 08, aero 06, aero 07 e aero 08.

2. Afeción sobre os cantís do sector norte

O sector norte da serra caracterízase pola existencia dunhas altas paredes verticais (*As Gallas*), que forman parte do Inselberg do Galiñeiro. A verticalidade deste relevo está relacionado cunha natureza pétreo extraordinariamente resistente (gneis de riebeckita). Non é de extrañar que se localice aquí a histórica escola de escalada de Vigo, frecuentada por escaladores de toda Galicia.

O aeroxerador **aero 11**, e de maneira conxunta os xeradores **aero 12, aero 11, aero 10, aero 05 e aero 13** desencadearían unha insólita competencia en monumentalidade cos propios cantís:

A altura total dos aeroxeradores tería o mesmo valor que a altitude dos cumes, en relación ao planalto base sobre o cal se elevan (a Superficie de Arrasamento, situada a uns 500msnm). Enclavados na mesma liña de cumes, rematarían de vez coa monumentalidade destas paredes. O xerador **aero 11** erguríase a menos de 100m das mesmas.



3. Afección sobre a cornixa periglaciaria, no tramo *Coto da Areira – Os Laxiais*

Unha parte da liña de aeroxeradores iría instalada sobre unha cornixa de orixe periglaciaria, con tramos verticais continuos interrompidos por tramos de pendentes máis regularizadas.

Os aeroxeradores que en maior medida ameazan esta formación son:

Aero 11, aero 10 e aero 05

4. Afección sobre cavidades

4.1. **A Cova da Becha** é unha cavidade con 46m de desenvolvemento horizontal, situada a unha altitude de 670msnm, orixinada no periglaciario litoral pola dilatación do xeo nas xuntas da rocha de gneis (*As Covas de Vincios*, colectivo Maúxo, edit. X. de MVMC de Vincios, 2005).

Resultaría gravemente afectada pola proximidade do **aero 11**, que se situaría a uns 150m ao NO da cavidade.

4.2. **A Lapa da Moura**, pola súa parte, e outra cavidade cun desenvolvemento horizontal de 48m, orixinada pola progresión dunha fronte de alteración ao longo dun plano de discontinuidade cáseque horizontal (*As Covas de Vincios*, colectivo Maúxo, edit. X. de MVMC de Vincios, 2005).

A 130m sobre a mesma están proxectados os viais de acceso aos xeradores **aero 07**, **aero 08** e á torre meteorolóxica.



A Cova da Becha

5. Afección sobre os depósitos de xelifractos

Todo o sector occidental do *Inselberg* do Galiñeiro, ao pé das cornixas periglaciares e dos cantís, está coberto por un extenso manto de derrubios formados por xelifractos de grande tamaño. Estes xelifractos desprendéronse das cornixas periglaciares e dos cantís por efecto do xeo, durante o último período glacial.

Moitos destes mantos están edafizados ou parcialmente cobertos pola vexetación. Non é o caso dos máis espectaculares: entre todos eles destacan os derrubios coñecidos polos nomes populares de *O Pedragullo* e *Pedras Esbarrulladas*.

A maior afectación produciríase pola situación de varios xeradores no borde das cornixas: **aero 06**, **aero 05**, **aero 10** e **aero 11**.

O xerador **aero 11** proxéctase sobre o vértice mesmo dun vasto cono de dexección composto por derrubios, que ocupa unha extensión aproximada de **3ha**. Situaríase a apenas 50m de distancia. O lugar é coñecido popularmente como *Pedras Esbarrulladas*.



Depósito de xelifractos baixo a cornixa periglacial

6. **Afección sobre unha “pedra abaladoira”**. A rocha está situada no mesmo lugar que ocuparía o xerador **aero 06**:



Pedra abaladoira nas proximidades do Coto Pequeño

B.3.3. AFECCIÓNS SOBRE O MEDIO HÍDRICO

B.3.3.1. Seguindo as *Bases para a tramitación e xestión ambiental dos parques eólicos de Galicia*, o Estudo xeolóxico e hidrolóxico debeu ter identificado os cursos de auga presentes na zona do proxecto e avaliado as posibles afeccións hidrolóxicas aos mesmos:

“Deben identificarse, se os houbera, as concas, os cursos fluviais ou as zonas húmidas de alta fragilidade ou interese ambiental. Estudaranse as afeccións hidrolóxicas na zona, tanto na súa parte superficial como subterránea, analizando as modificacións que se produzan, en cada caso, no réxime hidráulico ou na calidade dos distintos cursos de auga afectados”.

B.3.3.2. O mapa hidrolóxico, que o Estudo xeolóxico subtitula: “*Red hidrográfica del área de estudio*” non superpón o proxecto eólico coa rede hídrica, tendo como única referencia os límites municipais, o que dificulta en grande medida a interpretación do plano.

A fonte única utilizada foi o *Mapa Hidrológico de España*, que presenta unha escala de 1:200.000. Os redactores do Estudo hidrolóxico e xeolóxico non analizaron sobre o terreo a rede hídrica local, limitándose simplemente a “recortar” a parte do mapa correspondente á área do proxecto.

B.3.3.3. O río Vilaza, que aparece representado no mapa a escala 1:25.000 do IGN, non aparece sen embargo no Mapa Hidrológico de España, e polo tanto está ausente na cartografía do proxecto.

Diversos cursos de auga presentes na zona non aparecen rexistrados na cartografía, ou non se representa o curso alto dos mesmos.

B.3.3.4. Na última páxina destas alegacións sobre o impacto hidrolóxico do proxecto, incorporamos un plano de elaboración propia no que representamos diversos elementos do sistema hídrico da área que resultaría afectada polo parque eólico.

B.3.3.5. O sector leste do parque eólico, formado pola liña de xeradores aero 03, aero 01, aero 02, aero 04 e aero 09, estaría situado no interfluvio que divide as cuncas do río de Zamáns (que desemboca na Foz do Miño), da do río de Chenlo (tributario do río Louro, que á súa vez desemboca no Miño). Este sector do proxecto estaría enclavado polo tanto, sobre a liña divisoria que separa as dúas demarcacións hidrográficas afectadas polo proxecto: a Confederación Galicia-Costa e a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.

Este sector leste do parque eólico coincide cunha área de especial riqueza en nacementos de auga (até 6 regatos resultarían afectado só neste sector).

B.3.3.6. Afeccións concretas

- **Afección sobre un depósito de turba.**

O estudo xeolóxico non contemplou a realización de nengunha análise particular dos solos da serra. Os datos que expón son todos eles de carácter xenérico, extraídos da bibliografía.


Solos de turbeira. O Estudo xeolóxico debeu ter estudado os solos que presentan unha alta fragilidade, según establecen as *Bases para a tramitación e xestión ambiental dos parques eólicos de Galicia*, elaboradas pola Área de Planificación ambiental da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental. Así, no punto 7.1.1.7. (edafoloxía), as referidas *Bases* establecen que:

“Debe realizarse a identificación e localización exacta, se os houbera, de solos de alta fragilidade ou interese ambiental”

Ignorouse a existencia dun depósito de turba no nacemento do río Zamáns, baixo a *Cova da Becha*, que quedaría gravemente afectado pola pista de acceso ao xerador **aero 11**, que o atravesaría.

Paradoxalmente, o Estudo florístico si menciona a existencia destes solos:

*“En algunas zonas con drenaje impedido se forman **suelos de turbera (histosoles)** y en otros casos hay suelos con un alto porcentaje de arenas en las que hay un horizonte de iluviación a cierta profundidad, los podzoles. En cualquier caso, los suelos del área son siempre suelos ácidos, con un alto contenido de materia orgánica y fracción arena”.*



- **Afección sobre o nacemento do río Zamáns.**

O río Zamáns nace no mesmo depósito turboso que tratamos no punto anterior, situado baixo a *Cova da Becha*, a unha altitude aproximada de 640msnm. Preséntase aquí como un curso de auga temporal, que se vai consolidando ladeira abaixo.

O curso de auga aparece aquí bifurcado, debido á drenaxe artificial provocada pola apertura dun cortalumes de grande impacto ambiental, que seccionou o depósito de turba nunha ladeira de forte pendente.


O pista de acceso ao xerador **aero 11** reabriría e consolidaría este cortalumes, frustrando calquer intento futuro de restaurar o nacemento do río.

O río Zamáns, no seu curso alto, non aparece representado na cartografía do proxecto.

- **Afección sobre o salto de augas de *A Fervenza*.**

A fervenza localízase no cauce do mesmo río que tratamos arriba (río de Vilaza, tributario do río Zamáns). De feito, trátase do principal afluente do río Zamáns. Este río, como expuxemos anteriormente, **non aparece representado** no mapa do sistema hídrico do EIA. O sistema de pistas da zona norte do proxecto circundaría a microcunca do río, e nalgún caso chegarían a aproximarse até os **300m** das fervenzas.

As obras proxectadas, sumadas á inxente cantidade de terra vexetal que se aportaría nos traballos de restauración, deixarían expostos ás escorrentías unha grande cantidade de materiais, que en boa medida poderían acabar no cauce do río. Lembrar que a parte alta da serra do Galiñeiro é especialmente vulnerable a sufrir escorrentías torrenciais, polos motivos que xa temos exposto noutros apartados destas alegacións.



A Fervenza, Zamáns

- **Afección sobre o nacemento do regato de Erville.**

O xerador **aero 04** ocuparía de maneira **directa** os dous nacementos do río de Erville (estes cauces si aparecen representados na cartografía do estudo hidrolóxico do EIA).

Neste caso non podemos falar de distancias, senón da invasión directa do nacemento do río polas obras de explanación dos terreos, que con toda probabilidade ocasionarían o verquido directo de materiais da obra sobre o propio cauce do regato.

O xerador **aero 09** afecta dobremente o sistema hídrico, pois está proxectado no lugar de nacemento de dous regatos distintos, cada un dos cais verte cara unha vertente diferente, e é xestionado mesmo por dúas confederacións hidrográficas distintas: un deles é o regato de Erville. O aeroxerador situaríase sobre este regato, a unha distancia aproximada de **130m**.

O segundo regato afectado polo **aero 09** discorre cara o Val do Louro. A distancia do xerador cara este regato sería de aproximadamente **60m**. Este segundo regato aparece representado asimesmo na cartografía do EIA.

Co xerador **aero 02** xa serían tres os xeradores que se instalarían sobre o nacemento do regato de Erville, e como nos casos anteriores estaría situado ladeira arriba e na área de alimentación do regato. A distancia neste caso sería de aproximadamente **160m**.

- **Afección sobre un afluente do río Zamáns e a fonte do parque forestal.**

O xerador **aero 01** está proxectado sobre a microcunca de alimentación dun pequeno regato. A distancia entre o aeroxerador e o regato é de aproximadamente **140m**. As obras que se realizarían orixinarían o arraste de materiais polas escorrentías, o que podería conlevar a colmatación por sedimentos das ribeiras do cauce.

A fonte do parque forestal, pola súa parte, está situada nunha cota inferior á do mencionado xerador, aproximadamente á mesma distancia que o regato (**140m**). Descoñecemos a procedencia do manancial que a alimenta

- **Afección sobre un afluente do río de Chenlo.**

O xerador **Aero 03** instalaríase sobre a mesma cabeceira dun pequeno regato, a pouco máis de **50m** do mesmo. A pista de acceso a este xerador atravesaría o curso de auga.

Este regato verte cara o río de Chenlo, afluente do Louro.


- **Afección sobre as turbeiras de *As Lagoas*.**

O xerador **aero 07** situaríase a **300m** das turbeiras de ***As Lagoas***, na área de alimentación das mesmas. O **aero 08**, pola súa parte, ubicaríase a **400m** do humidal. As obras previstas porían en risco estas turbeiras, pois previsiblemente produciríanse arrastes de materiais desprazados polas escorrentías. Unha parte destes materiais poderían sedimentar na turbeira.



- **Afección sobre a fonte de *Coto da Areira*.**

Non se representou unha fonte permanente que se localiza a menos de **200m** ladeira abaixo do xerador **aero 05**, ao pé do *Coto da Areira*). Descoñécese cal é a área de recarga do manancial e a súa posible afección polo proxecto.



B.4. ARQUEOLOXÍA

Alegacións sobre o impacto do proxecto eólico da Serra do Galiñeiro sobre o patrimonio arqueolóxico e cultural.

B.4.1. O valor arqueolóxico da serra do Galiñeiro e dos seus cumes –zona que resultaría afectada na súa totalidade polo proxecto eólico- queda reflectido no documento de *Avaliación de Impacto Arqueolóxico*, que na súa *Avaliación da problemática arqueolóxica* comeza cunha primeira frase realmente reveladora:

“A área obxecto de estudo ofrece unha riqueza arqueolóxica de primeiro orde”.

Así, no aspecto arqueolóxico e histórico podemos citar a cuantiosa, variada e riquísima bibliografía que avala a singularidade e riqueza desta Serra en xacementos arqueolóxicos, que abarcan un marco cronolóxico amplísimo e continuado, dende o Paleolítico ata os nosos días, aspecto que tamén se constata na súa riquísima entidade cultural, debido a súa contínua ocupación humana. No Anexo I adxuntamos máis bibliografía da que se recolle no Proxecto do Parque Eólico, porque consideramos que neste, non se aprecia toda a diversidade e amplitude bibliográfica que temos que ter presente.

B.4.2.- Considerando o conxunto dos 13 aeroxeradores proxectados – xuntamente cos seus respectivos viais de acceso, gabias e plataformas para a instalación das grúas, **todos eles** invaden, en distinto grao, as áreas de protección e cautela dos elementos inventariados no estudo arqueolóxico. Por eso, denunciámos como falsa, a afirmación que se fai no Estudo de Impacto Ambiental, apartado 5.4.3, dende a pax. 103 á pax. 108, onde se destaca como algo importante que os elementos arqueolóxicos e culturais que recollen, atópanse nos “alrededores da Serra”, e que “a excepción dos xacementos arqueolóxicos en Gondomar y de la Capilla de la Virgen de las Nieves en Mos, que se encuentran en el interior de la sierra” (...) “el resto se encuentran a tal distancia que no se verán influenciados por la ejecución del parque”. A esto súmase o feito de que contemplan o patrimonio catalogado hai anos e non adxuntan os novos achádegos, como veremos posteriormente, e por pór un exemplo, temos que o asentamento do edificio da subestación, instalaríase practicamente sobre unha mámoa catalogada (GA36033043).

B.4.3. Os aeroxeradores **aero 04, aero 05, aero 09, aero 10, aero 11, aero 12** e **aero 13**, están proxectados no interior dalgunha das 3 *áreas de protección adaptada* que establece o documento de *Avaliación de Impacto Arqueolóxico*.

O número de elementos arqueolóxicos e culturais é tan elevado -sumando os bens catalogados e aqueles que apareceron como resultado das prospeccións, que en diversas zonas as áreas de protección dos mesmos solápanse, dando lugar a áreas de protección comúns, que en contra do que puidera parecer, non as protexen de sufrir alteracións nas súas áreas de protección, como veremos na zona dos Petróglifos de Santa Lucía.

B.4.4. O proxecto afectaría á *área de protección adaptada* do denominado “Sector oeste”, que abranguería os xacementos de *Os Bromús, Agua da Laxe, Penedo das Pías*, etc.

Aínda que a afección sobre os bens inventariados neste sector non sería directa, o proxecto de parque eólico degradaría de maneira irreversible o seu contorno paisaxístico e natural, perxudicando unha área arqueolóxica única en todo o Noroeste Ibérico. Dentro deste conxunto destaca nomeadamente o monumental panel de armas da Idade do Bronce de *Agua da Laxe* (con clave de Patrimonio GA36021035), que comparte espazo con outros elementos arqueolóxicos de grande valor, como os muíños rupestres naviculares do *Penedo das Pías* (clave de Patrimonio: GA36021029), a necrópole de *Os Bromús* (con claves de identificación 09, 10 e 11), áreas de dispersión de materiais arqueolóxico.

B.4.5. Os aeroxeradores **aero 04**, **aero 09** e **aero 02** invadirían a *área de protección adaptada* do denominado “Sector leste” do proxecto, que comprendería as proximidades do Castro de Erville, *A Chan do Foxo, O Coto do Mediodía*, etc.

Nesta zona localízanse o recinto fortificado de *Coto do Mediodía* (no estudo arqueolóxico *Coto de Caspedras*), o castro e capela de Nosa Señora das Neves, en Erville, os campos de mámoas de *Chan do Foxo* e *Chan de Carreira*, áreas de dispersión de materiais, etc. O mesmo topónimo *Chan do Foxo* podería apuntar á existencia dun antigo foxo para a caza de lobos, aspecto este que non foi tratado no estudo arqueolóxico e que se tería que considerar.

Os aeroxeradores **aero 04** e **aero 09** –e en parte, tamén o **aero 02**- irrumpirían no interior da *área de protección adaptada* deste sector. De maneira particular, invadirían as áreas de protección individuais das mámoas de *Chan de Foxo* e *Chan de Carreira* (identificadas no inventario arqueolóxico cos códigos 036 , 038, 039 e 040) así como dos achádegos cerámicos de Chan de Foxo (clave de identificación: 037).

A **subestación** construíriase a tan só 20m dunha mámoa catalogada (con clave de Patrimonio GA36033043). Por outro lado, os aeroxeradores do sector leste do proxecto ocasionarían un grave impacto paisaxístico sobre o conxunto formado polo castro de Erville (catalogado en Patrimonio coa clave GA36033014), e a capela de Nosa Señora das Neves.

B.4.6. Os aeroxeradores **aero 05, aero10, aero 11, aero 12 e aero 13** invaden plenamente a *área de protección adaptada* do denominado “Sector norte e central”, sector que se estende desde *As Gallas* do Galiñeiro até o cume de maior altitude da serra: *A Garita* (nomeado no documento arqueolóxico como *A Botella* ou *A Batalla*).

Este sector é especialmente rico en elementos arqueolóxicos e etnográficos, pois dentro do seu perímetro encóntranse a fortaleza altomedieval do Galiñeiro, diversos abrigos, unha estrutura pastoril -denominada *curro* no documento arqueolóxico, o lugar cultural destacado por presentar unha fisonomía

diferente, xa que se trata dun bloque fracturado por erosión periglaciaria, a *Cova da Becha* e un elevadísimo número de gravados rupestres espallados por toda a área.

Destaca tamén a abundancia de elementos de posible adscripción medieval – catalogados ou non- que poderían estar en relación co castelo altomedieval do Galiñeiro. Ademais da propia fortaleza, teríamos que incluír a posible estrutura defensiva de *A Garita* e o recinto amurallado de *Coto do Mediodía* ou *Coto de Caspedras* -este situado no sector leste, catalogado coa clave: GA36039010. Destaca asimesmo o elevadísimo número de petróglifos que ocupan practicamente todo o conxunto de afloramentos de gneis deste sector, de cronoloxía incerta, que deberían ser obxecto dun estudo en profundidade.

De especial interese é o posible recinto medieval de *A Botella*, que figura inventariado no documento arqueolóxico coa clave 024. Aínda que hoxe en día é coñecido por este nome (inspirado na forma do vértice xeodésico que o coroa, como ben apunta o informe arqueolóxico), con anterioridade era nomeado como *A Batalla* -forma que recolle o informe arqueolóxico- ou *A Garita*. Estes topónimos son moi reveladores, e como sostén o documento de *Avaliación de Impacto Arqueolóxico* reforzan a hipótese dunha posible estrutura defensiva ou de vixilancia relacionada coa fortaleza do Galiñeiro.

A existencia de restos dun castelo altomedieval, cuxas estruturas ocupan practicamente o conxunto do macizo pétreo de *As Gallas*, a localización -en elevacións próximas- do recinto amurallado do *Coto do Mediodía* ou de *Caspedras*, e –tamén con probabilidade- dun segundo recinto no cume principal do Galiñeiro (*A Garita*) fan que, ao noso xuízo, todo o “*sector norte e central*” do Galiñeiro deba ser considerado como unha mesma área arqueolóxica altomedieval, en consoancia coa “*área de protección adaptada*” que os redactores do estudo arqueolóxico propoñen para os cumes situados no tramo norte da serra do Galiñeiro.

O aero 12 e o vial de acceso ao mesmo irrumpirían na área de cautela dun conxunto de gravados rupestres (código 025 do documento). O informe sinala o “grave risco de destrución” que correrían estes gravados. O mencionado **aero 12**, xunto co **aero 11**, ameazan ademais a fortaleza altomedieval de *As Gallas* (catalogado como BIC, tal e como recolle a Relación de Bens de Interese Cultural de Galicia, do 1 de outubro de 2012, con clave de Patrimonio: GA36021028). O estudo arqueolóxico alerta con claridade de que os dous aeroxeradores mencionados, os seus viais de acceso e gabias, invadirían a área de protección destes bens, e cualifica a afección sobre os mesmos como “grave”, dado que os dous aeroxeradores están proxectados xustamente a carón do xacemento. O estudo arqueolóxico lembra que o castelo altomedieval do Galiñeiro está amparado pola figura de protección legal de BIC, e que esta figura confírelle o máximo grao de protección. Polo tanto, o estudo arqueolóxico non considera viable desde o punto de vista arqueolóxico a instalación dos dous aeroxeradores neste emprazamento.

O documento mencionado tamén califica como “grave” a afección do **aero 11** sobre un gravado próximo, que aparece no documento co código 044. O aeroxerador instalárase a 105m do petróglifo.

A este respecto, temos que informar da existencia de máis gravados nas proximidades do citado **aero 11**. Algúns destes gravados encóntranse a pouco máis de 30m da localización prevista para o aeroxerador, e polo tanto corren o risco de seren afectados na súa totalidade.



Petróglifos situados a pouco máis de 30m do **aero 11**

O estudo arqueolóxico califica asimesmo de “severa” a afección que suporía a instalación do **aero 11**, con respecto a outros dous bens inventariados no documento: a Cova e curro de A Becha (identificados co código 045, de interese etnográfico) e os gravados próximos (con código 046). Non se considera viable a instalación do aeroxerador nesta localización debido a estas afeccións.

O **aero 05** e seu vial de acceso invadirían de cheo a área de protección do posible recinto amurallado de A Garita, e podería destruír fisicamente este elemento (identificado co código 024 no documento). Consideramos incompatible a instalación do aeroxerador coa protección desta posible fortificación medieval.

Tamén neste caso temos que informar da localización de máis petróglifos nesta área, gravados que nalgún caso poderían resultar destruídos fisicamente pola explanación dos terrenos para a plataforma de montaxe e cimentación do aeroxerador mencionado. Aportamos fotografías dalgún deste petróglifo.



Petróglifo situado na plataforma do xerador **aero 05**

O **aero 05** e **aero 10** afectan a área de protección dos seguintes xacementos: XPGM-012, XPGM-014, XPGM-015, XPGM-016, XPGM-017, recollidos no Informe Valorativo: Prospección da Área Meridional da Serra do Galiñeiro, IEM, 2011. Os seus viais de acceso invadirían de cheo a área de protección do posible recinto amurallado de A Garita, e podería destruír fisicamente este elemento (identificado co código 024 no documento do proxecto). Consideramos incompatible a instalación do aeroxerador coa protección desta fortificación medieval.

Pola súa parte, o **aero 13** invade a área de protección doutro grupo de petróglifos, con código 023 no documento, que se sitúan noutro afloramento de gneis, no bordo dunha cornixa de orixe periglacial.

Tamén neste caso temos que informar da localización de máis petróglifos nesta área, gravados que nalgún caso poderían resultar destruídos fisicamente pola explanación dos terrenos para a plataforma de montaxe e cimentación do aeroxerador mencionado.

B.4.7. A afección do aeroxerador **Aero 6** incumple a normativa de protección dos xacementos arqueolóxicos ao asentarse en lugares de achádegos paleolíticos recentes, catalogados no Informe Valorativo: Prospección da Área Meridional da Serra do Galiñeiro, IEM, 2011, como os puntos XPGM-024 e XPGM-022. A isto súmase a proximidade dun asentamento Calcolítico – Bronce identificado como XPGM-023. Tamén nas proximidades deste Aero 6, ao sur do vértice formado polos lindes dos concellos de Gondomar, Vigo e O Porriño, onde se sitúa un grupo de petróglifos na parte de Gondomar, está proxectada unha explanada para a montaxe dunha grúa, que afectaría totalmente a estes xacementos.

B.4.8. Afección dos petróglifos de Santa Lucía:

Petróglifo 1 de Santa Lucía, GA36021004, Petróglifo 2 de Santa Lucía, GA36021005, Petróglifo 3 de Santa Lucía, GA36021006, Petróglifo 4 de Santa Lucía, GA36021007, Petróglifo 5 de Santa Lucía, GA36021008, Petróglifo 6 de Santa Lucía, GA36021009, Pía con canle de Santa Lucía, como elemento 7,

tratados cunha mesma área de cautela, a que só se lle aplica a ampliación da pista existente hacia o lado oposto dos petróglifos, non deixando esta medida de contravir a Lei de Patrimonio e Protección 97, por prever actuacións dentro dos 200m de radio.

B.4.9. Afección por esta mesma solución para os bens englobados no grupo que vai do nº 8 ao 21.

B.4.10. Na zona norte da serra do Galiñeiro –afectada polo proxecto- localízanse diversos xacementos arqueolóxicos de especial relevancia. **O panel de armas de Agua da Laxe**, da Idade do Bronce, presenta unhas dimensións extraordinarias, que o fan destacar como o maior de toda Europa dentro da súa tipoloxía.

Pola súa parte, a **fortaleza altomedieval do Galiñeiro**, declarada BIC, así como as estruturas defensivas -posiblemente vencelladas á mesma- que se localizan en cumes próximos, representan unha oportunidade única para o estudo do primeiro medievo en Galicia, constituíndo unha das mellores representacións dos denominados “castella tutoria”, unha tipoloxía de fortificacións medievais pouco coñecida aínda no noso país.

B.4.11. A instalación dun parque eólico nesta zona, ademais da remoción directa de materiais e a posible destrución de elementos arqueolóxicos que afectaría de maneira grave á percepción destes xacementos e do seu entorno. O marco monumental que configuran as paredes e cristas rochosas de gneis da serra do Galiñeiro, único en toda Galicia, pasaría a transformarse nunha instalación industrial dominada por enormes aeroxeradores de última xeración, con 175m de altura total, que multiplicarían o seu impacto sobre a paisaxe ao situárense directamente na liña de cumes do sector norte da serra do Galiñeiro. (Consultar gráficos de visibilidade do Parque Eólico do Galiñeiro).

B.4.12. A serra do Galiñeiro, no seu conxunto, presenta un patrimonio etnográfico dunha riqueza extraordinaria. De maneira particular, destaca a abundancia de **lendas de tradición oral e toponimia descriptiva de usos e costumes vencellados a Historia da Serra**. Moitas destas lendas teñen como protagonistas a mouros e mouras, relacionados cun grande número de lugares arqueolóxicos e formacións naturais singulares. Entre estas formacións destacan as numerosas cavidades naturais que se agachan na serra do Galiñeiro. A relación de seres míticos que poboan a serra sería moi extensa, e ademais dos mencionados mouros incluíría animais extraordinarios como o brión e a garza dos Arruídos, ou figuras derivadas de antigas divindades metereolóxicas, como é o caso da *Vella* do Galiñeiro.

Pero de entre todos estes seres destaca un en particular: *a becha*. *A becha* do Galiñeiro habitaba na **Cova da Becha**, cavidade de orixe periglaciaria que se localiza na liña de cumes do Galiñeiro, a 670msnm. *A Cova da Becha* aparece inventariada no estudo arqueolóxico co código 045, estando directamente ameazada polo **aero 11** e polas infraestruturas asociadas ao mesmo. O aeroxerador levantaríase sobre unha pequena golada denominada *A Boca do Lobo*.

Na Cova da Becha constátase un culto non cristiano que perdurou até o século XX; culto que se reflicte nunha das denominacións populares que recibe esta cavidade: *A Igrexa da Becha*.

Fálase da becha como dunha serpe de dimensións extraordinarias e características draconianas, que devoraba as cabras e ovellas das aldeas do contorno da serra e atemorizaba aos veciños. Tradicionalmente, a xente procuraba apaciguar á becha mediante ofrendas de leite, prendendo velas ou recitando oracións ou frases rituais. Na entrada da cavidade obsérvanse numerosos fragmentos cerámicos de idade contemporánea, posiblemente relacionados con estas ofrendas.

O estudo arqueolóxico califica a afección visual que ocasionaría o **aero 11** sobre este ben etnográfico -incluíndo a pista de acceso e a gabia, como de **"grave"**, desaconsellando claramente a localización do aeroxerador neste lugar.

Existe unha numerosa bibliografía sobre a becha do Galiñeiro: aparece no Boletín *Glaucopsis* do Instituto de estudos Vigueses, nº11; en libros como *Nós, Galiñeiro* -escolma de textos editados en prensa de X.L. Méndez Ferrín; *As Covas de Vincios*, Colectivo Espeleolóxico Maúxo, editado pola Comunidade de Montes de Vincios; tamén son frecuentes as referencias á becha do Galiñeiro realizadas por Xosé Luis Méndez Ferrín en moitos dos seus artigos, publicados nos xornais *Faro de Vigo* e *Faro del Lunes* ao longo de varias décadas.

Nalgúns destes artigos, Ferrín trata de maneira extensa o tema da becha do Galiñeiro: "*Misterios do monte Galiñeiro*", Os camiños da vida, Faro de Vigo, 30-12-1994; "*O demo n'O Galiñeiro*", Os camiños da vida, Faro de Vigo, 03-11-1995.

Outro elemento do patrimonio etnográfico ameazado é a cavidade de Lapa da Moura, que se sitúa a escasa distancia da *Fonte da Prata*. Na Lapa da Moura rexistrouse tradición oral, segundo a cal esta cova estaría habitada por unha moura, que extendía as súas sabas brancas ao sol.

O vial de acceso aos xeradores **aero 7**, **aero 8** e á **estación meteorolóxica** discurrirían sobre a cavidade, a 130m de distancia. A ampliación da pista existente degradaría gravemente o contorno da mesma.

B.4.13. A suma de todo o conxunto de xacementos arqueolóxicos que aparecen inventariados na *Avaliación de Impacto Arqueolóxico*, unidos a enclaves dun altísimo valor etnográfico -como a *Cova da Becha*- fainos ver o conxunto da superficie afectada polo proxecto como unha única área arqueolóxica e etnográfica, merecente de toda a protección.

A instalación do parque eólico Serra do Galiñeiro neste enclave sería absolutamente incompatible coa conservación dos seus valores culturais. A densidade en que aparecen estes valores nas cotas altas da serra e a especial significación dalgúns destes xacementos deberían levar á anulación do proxecto eólico na súa totalidade.

B.4.14. Por todo o anteriormente exposto, temos ante nós unha área de excepcional valor didáctico “in situ” do que foi a ocupación, explotación e uso simbólico do territorio galego dende a chegada dos primeiros homínidos ata os nosos días.

B.4.15. Non se atopa en ningún dos documentos do Proxecto Eólico da Serra do Galiñeiro o informe e autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural para actuar neste entorno.

B.4.16. Por todo o anteriormente exposto consideramos que:

Que queda meridianamente desmostrado que non debería instalarse o parque eólico na serra do Galiñeiro, por afectar o desenvolvemento do mesmo a bens de interés cultural ubicados na zona de afectación, desenvolvemento e instalación de dito parque. Entendemos por todo o exposto que debería instarse a Declaración de Ben de Interés Cultural a toda a Serra do Galiñeiro por constituir esta, unha unidade Arqueolóxica e Histórica de incalculable valor.

B. 5. ALEGACIÓNS FAUNA.

B.5.1. Carencias do estudo faunístico.

Neste apartado non pretendemos cuestionar a metodoloxía do traballo de campo nen a capacidade das persoas que o levaron a cabo. Recoñecemos como moi positiva a utilización de detectores de ultrasóns para a identificación de morcegos, así como o rexistro do paso de aves polas proximidades dos lugares onde están proxectados os aeroxeradores, de grande utilidade na elaboración do mapa de densidade de puntos de voo. Sen embargo, o estudo faunístico realizado presenta eivas de enorme calado, que impiden que o documento *Caracterización faunística* cumpla a función para a cal foi concebido, pois apenas contribúe ao coñecemento dos grupos faunísticos presentes na área do proxecto, e nomeadamente o daqueles grupos especialmente vulnerables a unha instalación destas características.

B.5.1.1. O traballo de campo é practicamente inexistente. O estudo faunístico contido no Estudo de Impacto Ambiental (o documento denominado *Caracterización faunística*, Anexo III), debería ter como principal fonte de información a realización dun exhaustivo traballo de campo coa suficiente amplitude temporal, que permitira compensar as carencias bibliográficas e obter un coñecemento o máis aproximado posible das comunidades faunísticas presentes na zona.

Sen embargo, o número de xornadas de traballo de campo realizadas foi tan só de dúas; nomeadamente, os días 9 e 30 de marzo de 2012. O traballo de campo non cubríu daquela máis ca un mes, dos 12 meses que compoñen o ciclo anual. O traballo de campo apenas recolleu información sobre as especies de presenza estival na serra do Galiñeiro, e deixou sen estudar aspectos tan importantes como son a nidificación das aves ou o paso migratorio postnupcial.

Esta grave carencia impide que se poidan caracterizar correctamente as comunidades faunísticas presentes na área do proxecto, principalmente aquelas que poderían resultar afectadas pola instalación eólica, como as aves rapaces.

B.5.1.2. Neste aspecto, o estudo faunístico incumple as condicións que establece o *“Informe sobre cualificación e trámite de avaliación de impacto ambiental”*, do proxecto Parque eólico Serra do Galiñeiro, que no seu punto 2 (alcance do EIA) establece que o inventario de campo: *“virá apoiado por traballo de campo coa maior cobertura anual posible”*.

B.5.1.3. O estudo faunístico aínda se encontra na fase de estudos previos.

Así se recolle en distintas páxinas do documento *Caracterización faunística*:

“En esta primeira fase de estudos previos...” (páx 5).

“Se ha comenzado con el trabajo de campo en esta fase de estudios previos” (páx. 8).

“...mientras tanto se continuarán ejecutando los muestreos de los estudios previos para acumular más datos.” (páx. 32).

B.5.1.4. O traballo de gabinete tampouco está rematado, tal e como aparece reflectido no apartado *“Conclusiones”* do estudo faunístico:

“El trabajo de campo y análisis en gabinete continúa hasta completar 1 ciclo anual, de manera que se puedan acumular más datos sobre el uso del espacio que se hace en el ámbito inmediato del proyecto”.

B.5.1.5. Os resultados do traballo de campo, según declara o propio documento, serán presentados cando o traballo finalice; previsiblemente con posterioridade á Declaración de Impacto Ambiental por parte da Administración. Refírese ao traballo de campo que deberá cubrir os 11 meses restantes, desde abril de 2002 e febreiro de 2013:

“El trabajo de campo y análisis en gabinete continúa hasta completar 1 ciclo anual, de manera que se puedan acumular más datos sobre el uso del espacio que se hace en el ámbito inmediato del proyecto. Los resultados se incluirán una vez finalice ese periodo, como Documentación Complementaria” (do apartado *“conclusiones”*).

“Los resultados del trabajo de campo que no se incluyen en este documento se presentarán una vez finalizado, como documentación complementaria” (páx.5).

B.5.1.6. Sendo así, os resultados do estudo faunístico serán descoñecidos pola propia Administración durante o proceso de deliberación, como de feito xa o son para o público en xeral durante o período de exposición pública do proxecto, privando á sociedade civil do acceso a esta información.

Entendemos, polo tanto, que o estudo faunístico carece realmente do acompañamento necesario dun traballo de campo, e que de maneira xeral o EIA e o mesmo proceso de Avaliación de Impacto Ambiental estase a realizar en ausencia de traballo de campo faunístico.

B.5.1.7. Esta maneira de proceder vulnera o principio máis fundamental da Avaliación de Impacto Ambiental, que establece que estes procesos teñen un carácter eminentemente preventivo fronte a posibles efectos negativos sobre o medio ambiente, tal e como sinala o *Decreto 442/1990, de 13 septiembre, de Evaluación de impacto ambiental*, no seu primeiro parágrafo:

“Las evaluaciones de impacto ambiental constituyen una técnica de protección admitida actualmente como el instrumento más importante para la conservación de los recursos naturales y la defensa del medio ambiente, ya que, según se ha establecido en los programas de acción de las Comunidades Europeas, la mejor política en medio ambiente es la preventiva”.

B.5.1.8. Pensamos que se está incumplindo o mencionado *Decreto 442/1990*, que no seu Artigo 3º (Contidos das avaliacións), establece que o EIA deberá contar cun inventario ambiental que contemple os seguintes aspectos:

1) *Estudio del estado del lugar y de sus condiciones ambientales antes de la realización de las obras, así como de los tipos existentes de ocupación del suelo y aprovechamientos de otros recursos naturales, teniendo en cuenta las actividades preexistentes.*

2) *Identificación, censo, inventario, cuantificación y, en su caso, cartografía, de todos los aspectos ambientales, que puedan ser afectados por la actuación proyectada.*

B.5.1.9. As *Bases para a tramitación e xestión ambiental dos parques eólicos de Galicia*, elaboradas pola Área de Planificación ambiental da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, inciden na función preventiva dos inventarios ambientais que deben conter os EIA. Sobre este aspecto sinalan o seguinte:

“Só un inventario exhaustivo dos aspectos susceptibles de alteración, que reflecta a situación preoperacional, permitirá unha axeitada predicción dos impactos que poidan producirse”.

B.5.1.10. Os resultados do estudo faunístico son dunha pobreza extrema.

Chama poderosamente a atención que grupos faunísticos especialmente vulnerables á instalación de parques eólicos contan cun número de especies inventariadas tan reducido.

Dentro do grupo das rapaces diurnas o inventario faunístico apenas recolle dúas únicas especies. Os anfibios, vulnerables ao atropelo e á degradación dos cursos de auga por arraste de materiais e modificación dos fluxos de escorrentía, apenas aparecen con dúas especies rexistradas. Os réptiles, que tamén quedarían expostos a atropelos, contan con outras dúas especies según o inventario. Os morcegos, que como as rapaces e planeadoras son un grupo faunístico especialmente vulnerable á colisión cos aeroxeradores, presentan asimesmo dúas únicas especies inventariadas.

Temos que aclarar que a táboa que aparece nas páxinas 12 a 21 do Anexo III (*Caracterización faunística*) inclúe un numeroso grupo de especies extraídas de diversos inventarios, que comprenden un ámbito xeográfico moi amplo. Pero o inventario faunístico do EIA P.E. Serra do Galiñeiro, propiamente dito, tan só admite un reducido número das mesmas, as que aparecen marcadas coas abreviaturas I. (presentes no ámbito inmediato do proxecto -1km de radio) e G (especies presentes no ámbito xeral -unha área de 10km de radio), nas correspondentes casillas da sección “*hábitats*”. As especies que non contan con estas marcas non están incluídas no inventario faunístico do proxecto eólico.

O estudo faunístico non conta cun inventario propiamente dito, que recolla en exclusiva as especies admitidas polo equipo de traballo que o elaborou, o cal dificulta a comprensión da extensa táboa.

B.5.1.11. Existen diversos documentos, na Rede, que inclúen os inventarios faunísticos de dúas áreas da serra do Galiñeiro. Algún destes textos aparece mencionado na bibliografía do estudo faunístico, pero os seus contidos non foron tidos en conta na elaboración dos inventarios (PORN do Parque Natural do Monte Aloia, ano 2000). Outros traballos non foron incluídos na bibliografía do estudo faunístico, pero son de libre acceso en Internet (Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural do Monte Aloia, ano 2007; ou diversos inventarios ambientais editados pola Oficina de Medio Ambiente –OMA- da Universidade de Vigo sobre os valores naturais do Campus As Lagoas.

O monte Aloia está situado no extremo sur da serra do Galiñeiro e forma parte da mesma serra. O Campus da Universidade de Vigo, pola súa parte, localízase nas estribacións da serra do Galiñeiro, na súa parte norte. Os dous espazos encóntranse nun radio duns 3km en torno aos aeroxeradores, e polo tanto están plenamente incluídos dentro do que o EIA denomina o “*Ámbito General*” do proxecto, que comprende unha área de 10km de radio. Xuntamente co “*ámbito inmediato*” (1km de radio), constitúen o ámbito total considerado para a elaboración do inventario faunístico.

B.5.1.12. Pensamos que é preciso valorar a profundidade do inventario faunístico incluído no EIA comparándoo cos outros inventarios consultados, realizados no mesmo ámbito xeográfico (a serra do Galiñeiro).

No caso das especies incluídas no PORN do Parque Natural do Monte Aloia, non consideramos aquelas especies que se recollen na categoría de “*presenza probable, que deberá ser confirmada*”, senón tan só as “*observacións directas*” realizadas polos biólogos.

Morcegos:

Inventario faunístico EIA parque eólico-	2 especies
Inventario OMA Universidade	- 3 “
PRUX Monte Aloia	- 5 “

Anfibios:

Inventario faunístico EIA parque eólico-	2 especies
Inventario OMA Universidade	- 8 “
PORN Monte Aloia	- 8 “
PRUX Monte Aloia	- 11 “

Réptiles:

Inventario faunístico EIA parque eólico-	2 especies
Inventario OMA Universidade	- 10 “
PORN Monte Aloia	- 8 “
PRUX Monte Aloia	- 11 “

Rapaces diúrnas:

Inventario faunístico EIA parque eólico-	2 especies
Inventario OMA Universidade	- 6 “
PRUX Monte Aloia	- 7 “

B.5.1.13. O documento faunístico non rexistra nengunha especie de mamífero alén das dúas especies de morcegos detectadas, pese a que o punto 2 do *Informe sobre cualificación e trámite de Avaliación de Impacto Ambiental* (alcance do EIA), sinala o seguinte:

“*Non se esquecerán outros grupos faunísticos potencialmente vulnerables –por efecto barreira, atropelos, colisións e outros- ben sexa na fase de obras (...) réptiles, morcegos e outros mamíferos, etc.*”

No parque natural do Monte Aloia –situado na mesma serra do Galiñeiro, existe un mínimo de 20 especies de mamíferos con presenza confirmada, aínda que se sabe que o número real de especies é maior.

B.5.1.14. O denominado “*Ámbito general*” do inventario comprende unha área de 10km de radio ao redor do parque eólico. Debería ter incluído, daquela, as comunidades faunísticas comprendidas en tres Lugares de Importancia Comunitaria: Ribeiras do Louro, Monteferro e Illas Estelas e Foz do Miñor. Se o ámbito estudado foi este, resulta incomprendible que o inventario recolla un número tan reducido de especies.

B.5.1.15. Pensamos que de todos os modos, de cara a avaliar a posible afección do proxecto nas comunidades faunísticas do Galiñeiro, o máis apropiado tería sido considerar o ámbito da serra do Galiñeiro como a unidade orográfica e ambiental que é, adoptando un radio duns 3km aprox, e non o denominado “*Ámbito general*” de 10km que establece o EIA.

O ámbito xeral que establece o estudo ambiental é demasiado extenso e heteroxéneo, pois inclúe ecosistemas de auga dóce como os que se localizan nas Ribeiras do Louro, unha lagoa litoral –a Foz do Miñor- e mesmo ecosistemas mariños, como os que se encontran nas prais do Miñor e na península de Monteferro.

Ao noso entender, o inventario faunístico debería comprender as especies presentes na serra do Galiñeiro de maneira máis ou menos habitual, así como aquelas aves de carácter migratorio que poidan utilizar o corredor montañoso litoral nos seus desprazamentos.

B.5.1.16. A pobreza do inventario faunístico ten, como unha das súas posibles causas, que especies rexistradas nalgúns dos inventarios faunísticos teoricamente consultados non foron finalmente recollidas. É o caso do PORN do Monte Aloia, incluído na bibliografía do estudo faunístico. Pola proximidade do parque natural á zona do proxecto (3km) estas especies deberían figurar no inventario faunístico, incluídas dentro do ámbito xeral.

Así, por exemplo, lemos no PORN do Parque Natural do Monte Aloia que, dentro da categoría: “*observacións directas do presente estudio*”, rexistráronse as seguintes especies de anfibios:

Chioglossa lusitanica

Lissotriton boscai

Triturus marmoratus

Bufo bufo

Bufo calamita

Pelophylax perezi

Rana iberica

Outras 3 especies serían incorporadas 7 anos máis tarde no PRUX do Monte Aloia:

Hyla arborea
Lacerta schreiberi
Podarcis hispanica

O inventario do EIA, sen embargo, tan só recolle dúas especies: *Salamandra salamandra* e *Lissotriton helveticus*. Como se pode comprobar, de rexistrárense axeitadamente os datos bibliográficos o inventario faunístico tería sido outro moi distinto.

B.5.1.17. O inventario faunístico presentado incumple, pois, a primeira das condicións esixidas no punto 2 do *Informe sobre cualificación e trámite de Avaliación de Impacto Ambiental* -alcance do EIA, que establece que:

“O inventario da fauna e da vexetación deberá ser exhaustivo (...)”.

B.5.1.18. O estudo faunístico refírese aos fluxos migratorios de aves através da costa ou dos cursos de auga, pero en ningún momento contempla o carácter de corredor ecolóxico da serra do Galiñeiro, aínda recoñecendo que o tránsito migratorio de moitas paseriformes realízase a través das serras litorais:

“Por lo que respecta a paseriformes, sobre la cumbre de las sierras litorales se canaliza el flujo migratorio de ciertas especies, como los túrdidos Mirlo capiblanco Turdus torquatus Collalba gris Oenanthe oenanthe, o Roquero rojo Monticola saxatilis. Aunque aisladamente algunos ejemplares sedimenten a lo largo de la costa, el flujo migratorio principal se canaliza a través de las cumbres donde son frecuentes otras especies en migración como el cuco Cuculus canorus, la abubilla Upupa epops, o el chotacabras europeo Caprimulgus europaeus”.

O referido cume das serras litorais, en realidade, preséntase nesta área como un corredor continuo que se estende desde a ría de Vigo até o Baixo Miño, formado polas serras de O Galiñeiro e A Groba, unidas a través do Alto de Couso e as chans da Portavedra. É curioso que o estudo faunístico non contemple de maneira explícita a existencia deste corredor, que si aparece recollido sen embargo, como unidade orográfica, no Anexo II do EIA -*Inventario y cartografía de la vegetación*, que na súa páxina 5 describe desta maneira a serra do Galiñeiro:

“La zona de estudio está formada por un macizo formado por gneises del sistema alóctono gallego que han sufrido intensos plegamientos y deformaciones (Díez et al 2006). La altitud máxima supera los 700 metros y el desnivel total, los 300 metros. El área pertenece al macizo de la “Serra do

Galiñeiro”, que forma parte del zócalo costero que se prolonga hacia el sur en los montes de Aloia, A Grova y A Guarda hasta la desembocadura del Miño”.

B.5.1.19. No apartado 5, “*Conclusiones*”, o estudo finaliza declarando o seguinte:

“A lo largo del documento se han ido aportando información disponible y resultados de trabajo de campo que permiten conformar una idea sobre la comunidad de fauna que hace uso de los ámbitos de estudio considerados (inmediato y general) en torno al proyecto del PE Serra do Galiñeiro”.

Evidentemente, por todo o visto até agora, o traballo bibliográfico realizado, así como o traballo de campo –que practicamente foi inexistente, **non** permiten conformar unha idea sobre a comunidade de fauna que fai uso deses ámbitos.

As nosas conclusións son moi distintas: o inventario faunístico é cáseque inexistente, sobre todo no que se refire aos grupos animais máis vulnerables, como as aves rapaces, anfibios, réptiles, morcegos e outros mamíferos; o traballo en xeral encóntrase aínda na fase de estudos previos; practicamente carece de traballo de campo, e tanto o traballo de campo coma o traballo de gabinete aínda se están realizando. Polo tanto, consideramos que o estudo faunístico presentado non pode ser aceptado como válido.

B.5.2. Listaxes corrixidas, e relacións de especies catalogadas.

Coa aportación de novos datos, extraídos da bibliografía consultada sobre o Parque Natural do Monte Aloia, así como das publicacións editadas pola Oficina de Medio Ambiente da Universidade de Vigo, con inventarios ambientais do Campus Universitario, habería que corrixir o inventario faunístico do EIA do parque eólico Serra do Galiñeiro ampliando a relación de especies. No caso particular do PORN do Parque Natural do Monte Aloia, non incluímos aquelas especies que aparecen rexistradas na categoría de “*presenza probable, que deberá ser confirmada*”, senón tan só as “*observacións directas*”.

O ámbito que nós consideramos é máis limitado que o “*Ámbito General*” que establece o proxecto. Fronte os 10km de radio deste, nós optamos por un ámbito máis reducido -3km aproximadamente, que se circunscribe á propia serra do Galiñeiro.

A relación ampliada de especies quedaría da seguinte forma:

B.5.2.1. Quirópteros

Rhinolophus ferrumequinum

Rhinolophus hipposideros

Pipistrellus pipistrellus

Myotis myotis

Pipistrellus pipistrellus

Eptesicus serotinus

Plecotus auritus

Non se pode excluír a especie *Rhinolophus ferrumequinum* do inventario, como fai o estudo faunístico na súa páxina 23, no apartado adicado ás “discrepancias” cos informes da Dirección Xeral de Conservación da Natureza:

“No tenemos confirmación de la cita de Murciélago grande de herradura Rhinolophus ferrumequinum en la zona, por lo que por el momento no será incluido”.

Esta especie está incluída no inventario de mamíferos da Oficina de Medio Ambiente da Universidade de Vigo e no Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural do Monte Aloia.

B.5.2.2. Aves rapaces

Buteo buteo
Accipiter gentilis
Accipiter nisus
Pernis apivorus
Circaetus gallicus
Falco tinnunculus
Falco subbuteo
Falco peregrinus
Gyps fulvus

B.5.2.3. Anfibios

Chioglossa lusitanica
Salamandra salamandra
Lissotriton boscai
Triturus marmoratus
Bufo bufo
Bufo calamita
Pelophylax perezi
Rana iberica
Hyla arborea
Discoglossus galganoi
Alytes obstetricans

B.5.2.4. Réptiles

Lacerta lepida
Lacerta schreiberi
Podarcis hispanica
Podarcis bocagei
Anguis fragilis

Chalcides striatus
Coronella girondica
Coronella austriaca
Rhinechis scalaris
Natrix natrix
Natrix maura
Vipera seoanei
Malpolon monspessulanus

Relacións de especies catalogadas:

B.5.2.5. Especies incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, na categoría de “vulnerables”:

Chioglossa lusitanica
Hyla arborea
Rana iberica
Rhinolophus ferrumequinum
Rhinolophus hipposideros
Myotis myotis

B.5.2.6. Especies incluídas no Anexo II da *Directiva 92/43/CE* (Especies animais e vexetais de interese comunitario para cuxa conservación cómpre designar zonas especiais de conservación):

Chioglossa lusitanica
Discoglossus galganoi
Lacerta schreiberi
Myotis myotis
Rhinolophus ferrumequinum
Rhinolophus hipposideros

B.5.2.7. Especies incluídas no Anexo IV da *Directiva 92/43/CE* (Especies animais e vexetais de interese comunitario que requiren unha protección estricta):

Chioglossa lusitanica
Triturus marmoratus
Bufo calamita
Rana iberica
Hyla arborea
Discoglossus galganoi
Alytes obstetricans
Lacerta schreiberi
Coronella girondica

B.5.2.8. Aves incluídas no Anexo I da *Directiva 2009/147*. O referido Anexo I inclúe aquelas especies que: “*serán obxecto de medidas de conservación especiais do seu hábitat, co fin de asegurar a súa sobrevivencia e a súa reprodución na súa área de distribución*”. A relación de especies rexistradas na serra do Galiñeiro na bibliografía consultada é a seguinte:

Pernis apivorus, Gyps fulvus, Circaetus gallicus, Falco peregrinus, Caprimulgus europaeus, Lullula arborea, Sylvia undata, Lanus collurio e Anthus campestris.

B.5.2.9. Casos particulares:

1. **Cabalo galego de monte.** O *Catálogo Oficial de Razas de Ganado de España -Real Decreto 2129/2008*, de 16 de decembro, inclúe o Cabalo de Pura Raza Galega no Grupo de Razas Autóctonas en Perigo de Extinción.
2. O roedor acuático ***Arvicola sapidus*** está incluído na lista vermella actualizada da UICN, co status de *Vulnerable*.

B.5.3. Ameazas no ámbito inmediato do proxecto

B.5.3.1. Sobre as áreas de voo das aves.

Na páxina 29 do estudo faunístico represéntase a frecuencia no uso do espazo aéreo polas aves, dacordo cos datos existentes:

“Hasta el momento, con las observaciones de uso del espacio registrada se obtiene un mapa de densidad de puntos de vuelo que concentra puntos en la zona central del ámbito inmediato. A estos registros se unirán los del resto del ciclo anual a medida que se vayan completando los muestreos”.

Como se pode comprobar, a maior frecuencia no uso do espazo aéreo polas aves concéntrase especialmente na zona central do proxecto. Os aeroxeradores **aero 5**, **aero 10** e **aero 11** estarían instalados en área vermella, que representa o sector onde se rexistrou un maior número de avistamentos. O **aero 13** e o **aero 3**, pola súa parte, estarían a tan só 300 e 550 metros, respectivamente, da mencionada área vermella.

Na zona sur do proxecto tamén hai proxectados 2 aeroxeradores en áreas vermellas: o **aero 7** e o **aero 8**.

A zona central do proxecto, que aparece como a de maior densidade de puntos de voo, é unha área especialmente frecuentada por grandes córvidos, rapaces

e rupícolas, como nós mesmos temos comprobado: *Corvus corax*, *Buteo buteo*, *Pernis apivorus*, *Falco tinnunculus*, *Monticola solitarius*, *Prunella collaris*, etc. Esta zona coincide co sector de maior altitude da serra do Galiñeiro, e co borde dunha longa cornixa de tipo periglacial, que presenta numerosas formacións rochosas e paredes. A área é frecuentada por aves rupícolas e -por tratarse dun lugar prominente, por diversas especies planeadoras. Ademais, trátase dunha zona cunha baixa intensidade de uso por parte de sendeiristas e escaladores, presentando unhas condicións de tranquilidade que a fan moi atractiva para a nidificación deste grupo de aves.

Da análise destes resultados, que aínda non son definitivos, tiramos dúas conclusións:

1ª. A posición dos aeroxeradores coincide en grande medida coas áreas de maior intensidade de voo por parte das aves.

2ª. O estudo de alternativos con tivo en conta as ameazas sobre as aves. É máis: a diferenza entre as dúas alternativas está na ubicación de tres aeroxeradores. O aero 8, que se encontraba fóra da área vermella de maior intensidade de voo na alternativa 1, pasa a ubicarse na zona de maior risco de colisión para as aves na alternativa seleccionada; o aero 13, que estaba a uns 560 m da zona vermella, pasa a situarse agora a pouco máis de 300m.

B.5.3.2. Sobre as aves rapaces.

O inventario do estudo ambiental non recolle máis ca dúas especies de rapaces diurnas: *Buteo buteo* e *Pernis apivorus*.

Completando a relación coas especies rexistradas no Campus da Universidade de Vigo e no Monte Aloia, situados nun radio duns 3km da posición dos aeroxeradores –tal e como propomos no punto 2 das alegacións faunísticas, obteríamos unha listaxe máis completa. Así, no Parque Natural do Monte Aloia aparecen rexistradas as seguintes especies:

Buteo buteo
Accipiter gentilis
Accipiter nisus
Falco peregrinus
Pernis apivorus
Circaetus gallicus
Falco tinnunculus
Falco subbuteo

Pola súa parte, a Oficina de Medio Ambiente da Universidade de Vigo publicou a seguinte relación:

Buteo buteo
Accipiter gentilis
Accipiter nisus

Falco tinnunculus
Falco peregrinus
Gyps fulvus

A relación completa, incorporando as especies das dúas listaxes, sería a seguinte:

Buteo buteo
Accipiter gentilis
Accipiter nisus
Pernis apivorus
Circaetus gallicus
Falco tinnunculus
Falco subbuteo
Falco peregrinus
Gyps fulvus

A maior parte destas especies nidifica con toda probabilidade na serra do Galiñeiro ou no seu contorno inmediato:

Buteo buteo, *Accipiter gentilis*, *Accipiter nisus*, *Pernis apivorus* *Falco tinnunculus*, *Falco subbuteo*, *Falco peregrinus*

Outras aniñan en espazos próximos, como é o caso da águia cobreira (*Circaetus gallicus*) que se reproduce regularmente na serra da Groba; é observada de cando en vez na serra do Galiñeiro.

Algunhas especies son de presenza máis ocasional na serra, como o voitre común (*Gyps fulvus*), que aparece rexistrado no Campus As Lagoas.

Especies ocasionais que se teñen observado tamén na serra do Galiñeiro son: o voitre branco (*Neophron percnopterus*), a tartaraña das xunqueiras (*Circus aeruginosus*), o miñato negro (*Milvus migrans*), e mesmo a águia perdiceira (*Hieraaetus fasciatus*), avistada no monte Aloia (información recollida no anuario da SGO correspondente ao ano 2000).

Por outro lado, é seguro o paso migratorio pola serra do Galiñeiro doutras especies, como a águia calzada (*Hieraaetus pennatus*), que se observa con frecuencia no paso postnupcial no Val Miñor, Val do Fragoso e serra da Groba, ás veces formando pequenas partidas migratorias. Ou tamén as tartarañas (*Circus cyaneus* e *Circus pygargus*).

A presenza de aves rapaces na área do proxecto non está recollida practicamente no EIA, a pesar da especial vulnerabilidade deste grupo faunístico ás colisións con aeroxeradores. A pretendida ubicación dos aeros nas áreas con maior frecuencia de voo rexistradas, nas cristas e cumes da serra do Galiñeiro, multiplica os perigos para as rapaces.

B.5.3.3. Sobre as aves rupícolas.

O estudo faunístico non considera a afectación do proxecto sobre a comunidade de aves rupícolas, a pesar de que unha parte importante do parque eólico se instalaría sobre hábitats rochosos, onde habitan, nidifican ou invernan estas especies. Na serra do Galiñeiro a existencia dunha comunidade de aves rupícolas é un valor faunístico diferencial, debido á grande superficie de afloramentos rochosos que presenta, con abundancia de paredes verticais, que se concentran especialmente na liña de cumes.

Entre as aves que nidifican nos hábitats rochosos afectados polo proxecto eólico destacan as especies: *Falco tinnunculus*, *Corvus corax* e -posiblemente tamén- *Apus melba*.

Pero existe asimesmo unha comunidade de aves que non só nidifica, senón que ten como o seu único hábitat as formacións rochosas. Ademais do rabirrubio (*Phoenicurus ochruros*), encontramos outras dúas especies de particular valor, que aparecen mencionadas no EIA: o merlo azul (*Monticola solitarius*) e a azulenta papuda (*Prunella collaris*).

Monticola solitarius é unha especie escasa en Galicia. Na serra do Galiñeiro nidifican todos os anos varias parellas. As que nós temos ubicadas localízanse nos peñascais que se estenden ao longo da liña de cumes, nas inmediacións dos aeroxeradores **aero 12**, **aero 11**, **aero 10** e **aero 5**.

A especie presenta durante a época de reprodución un comportamento que a podería facer especialmente vulnerable á colisión cos aeroxeradores, pois o macho realiza con frecuencia un voo de exhibición cantando e elevándose en vertical até unha altura considerable, de modo que aumentarían as posibilidades de impactar coas aspas.

Prunella collaris, pola súa parte, é un raro invernante en Galicia que aparece en cotas superiores aos 600msnm. Inverna de maneira habitual nas paredes verticais da serra do Galiñeiro, así como en tramos da cornixa periglaciaria.

B.5.3.4. Sobre os pasos migratorios.

A serra do Galiñeiro forma parte do corredor montañoso que conforman as serras litorais, e a través do Alto de Couso e as chans da Portavedra alinéase coa serra da Groba, como destaca o Anexo II do Estudo florístico -*Inventario y Cartografía de la Vegetación*, na súa introdución. O estudo faunístico fai alusión ao desprazamento de paseriformes a través destas serras litorais, aínda que en ningún momento inclúe a serra do Galiñeiro dentro deste corredor:

“Por lo que respecta a paseriformes, sobre la cumbre de las sierras litorales se canaliza el flujo migratorio de ciertas especies, como los túrdidos Mirlo capiblanco Turdus torquatus Collalba gris Oenanthe oenanthe, o Roquero rojo Monticola saxatilis. Aunque aisladamente algunos ejemplares sedimenten a lo largo de la costa, el flujo migratorio principal se canaliza a través de las

cumbres donde son frecuentes otras especies en migración como el cuco *Cuculus canorus*, la abubilla *Upupa epops*, o el chotacabras europeo *Caprimulgus europaeus*”.

Nos cumes do Galiñeiro pódense observar algunhas destas especies (*Lanius meridionalis*, *Oenanthe oenanthe*...). Ademais, no mesmo corredor litoral do que forma parte esta serra, existe xa un importante volume de información: así, na serra da Groba rexístrase todos os anos un importante paso de paseriformes terrestres, tal e como se pode comprobar consultando o Noticiario Ornitoxeográfico Galego, da SGO. Estas son algunhas das especies observadas:

Oenanthe oenanthe, *Turdus pilaris*, *Turdus iliacus*, *Motacilla flava*, *Ficedula hypoleuca*, *Muscicapa striata*, *Saxicola rubetra*, *Upupa epops*, *Jynx torquilla*, *Anthus trivialis*, *Plectrophenax nivalis*, *Monticola saxatilis*, *Turdus torquatus*.

O paso migratorio inclúe tamén a diversas especies de limícolas que teñen entre os seus hábitats as augas continentais, sedimentando nos distintos humedais presentes neste corredor (charcas estacionais, turbeiras, pasteiros de altura, etc). É o caso das seguintes especies:

Gallinago gallinago, *Lymnocyptes minimus*, *Vanellus vanellus*, *Pluvialis apricaria*, *Tringa nebularia*, *Tringa glareola*, *Charadrius morinellus*.

B.5.3.5. Sobre o paso de rapaces migratorias.

Non se pode excluír o paso de rapaces migratorias, tal e como fai o estudo faunístico na súa páxina 23, no apartado “discrepancias” cos informes da Dirección Xeral de Conservación da Natureza:

*“El aguilucho pálido *Circus cyaneus* y el milano real *Milvus milvus* presentan 2 citas en el primer caso y 1 en el segundo caso en Oia y O Porriño en 20 años (noticiario ornitoxeográfico de la SGO). Aunque en algún momento puedan dejarse ver, no se van a incluir como parte de la comunidad faunística del área general del estudio”.*

Tal e como advirte o propio Noticiario na súa páxina de presentación, a interpretación dos datos que contén debe ser cautelosa:

“A interpretación dos datos obtidos a través deste procedemento debe ser cautelosa e desenvolta por expertos (...). Un anuario ornitológico permite, por exemplo, sinalar a presenza dunha especie nunha área determinada, pero nunha área que non dispoña de citas sobre a mesma especie non quere dicir que esta non estea presente. Neste senso pódense apreciar, xeralmente, determinados sesgos na recopilación de citas para un territorio concreto”.

Especial coidado cómpre pór na utilización destes datos na elaboración de Estudos de Impacto Ambiental. Continuando co texto que aparece destacado na páxina de inicio do Noticiero Ornitoxeográfico Galego:

“Por todo elo, recomendamos prudencia e a participación dun experto para a interpretación dos datos en termos xerais, particularmente se estes van a ter transcendencia pública de carácter científico-técnico como por exemplo para a realización de Estudos de Impacto Ambiental, Avaliación Ambiental Estratéxica, planificación territorial, etc. Neste senso, pódese contactar coa SGO para resolver calquera dúbida”.

Nós mesmos temos observado algunhas destas especies nos seus pasos migratorios. Así por exemplo, a águia calzada (*Hieraaetus pennatus*), obsérvase con certa frecuencia no paso postnupcial no Val Miñor, Val do Fragoso e serra da Groba, ás veces en forma de pequenas partidas migratorias. Non é raro encontrar estas citas no referido Noticiero Ornitoxeográfico Galego.

Temos constancia asimesmo do paso polo corredor que conforman as serras litorais das 3 especies galegas de tartarañas -*Circus pygargus*, *Circus cyaneus* e *Circus aeruginosus*. Nomeadamente, no caso das tartarañas de hábitat terrestre -*Circus pygargus* e *Circus cyaneus*, sabemos de como mínimo 6 avistamentos desde o ano 2006. O último deles corresponde a este mesmo verán, cando foi observado 1 exemplar melánico de *Circus pygargus* no concello de Oia, na serra da Groba, o día 26/08/2012 (cita publicada no Noticiero Ornitoxeográfico Galego).

Canto á tartaraña das xunqueiras (*Circus aeruginosus*), temos reparado en que tamén esta tartaraña utiliza o corredor das serras litorais. Coñecemos dúas observacións: unha delas na serra da Groba, e a segunda no paso de Prado, entre o monte Aloia e a zona norte da serra do Galiñeiro.

Na serra da Groba, que forma parte do mesmo corredor ao cal pertence a serra do Galiñeiro, rexístrase o paso das seguintes especies de rapaces migratorias:

Circus pygargus, Circus cyaneus, Circus aeruginosus, Milvus nigrans, Milvus milvus, Hieraaetus pennatus, Pernis apivorus, Circaetus gallicus.

No caso das dúas especies últimas, poderían confluir exemplares en paso con exemplares que nidifican na propia serra da Groba.

B.5.3.6. Sobre a poboación de cabalo de monte.

Na serra do Galiñeiro habita unha importante poboación de cabalos salvaxes, que son acurrados nos dous curros que existen na serra: o curro do Galiñeiro – en Vincios- e o curro de Morgadáns.

Os mananciais, pasteiros de carácter higrófilo, turbeiras e breixeiras húmidas (das que obteñen pastos herbáceos e toxo gateño –*Ulex minor*-), son dunha grande importancia para a sobrevivencia do cabalo de monte, que depende

destes medios húmidos como abrevadeiros e como reserva de pasto fresco no período estival.

Os humedais da serra do Galiñeiro teñen sufrido gravemente o impacto das drenaxes provocadas por pistas forestais e tornalumes, así como a desecación ocasionada polas numerosas captacións de auga existentes ao longo de toda a serra e -posiblemente tamén- polo cambio climático. A instalación de aoxeradores directamente sobre as brexeiras húmidas (hábitat de carácter prioritario, por outro lado) uniríase ás graves alteracións que previsiblemente ocasionaría a apertura de pistas e gabias na circulación das augas freáticas e de escorrentía. En relación coas escorrentías, mobilizaríanse importantes volumes de materiais, ben sexa pola execución de desmontes e terrapléns, ben polo aporte de grandes volumes de terra vexetal destinados ás revexetacións. Estes materiais poderían sedimentar sobre estes hábitats.

O cabalo de monte galego, que recibe oficialmente a denominación de Pura Raza Galega, é practicamente o último cabalo salvaxe que resta en Europa, e vive aquí nun réxime de liberdade análogo ao do garrano portugués. Nas serras de A Groba e o Galiñeiro habita unha das concentracións máis numerosas do noso país.

Na serra do Galiñeiro, o cabalo de monte está a sufrir os efectos dunha forte presión humana sobre o medio, especialmente visibles no contorno da serra, onde aos cambios no uso do solo coñecidos podería sumarse a industrialización dos cumes da serra mediante a construción do parque eólico Serra do Galiñeiro.

A apertura de novas pistas e viais na serra do Galiñeiro, o acceso fácil aos puntos máis afastados do monte e o maior tránsito de vehículos podería provocar que estes cabalos baixaran ás abas e partes baixas da serra entrando en conflito co ser humano (incidentes en propiedades privadas, accidentes de tráfico...). Un parque eólico sería un elemento intrusivo máis na vida destes animais, que os podería afastar dos lugares nos que pastan libremente, e supor unha presión engadida ás xa existentes, dificultando aínda máis a sobrevivencia deste cabalo, que está a pasar por unha situación de extrema dificultade.

B.5.3.7. Sobre os anfibios.

A especie catalogada *Hyla arborea* conta cunha metapoboación que se reproduce no curso alto do río Zamáns: encoro de Zamáns, Campus Universitario, canteira de Vilaverde e monte do Galiñeiro. Exemplares na súa fase terrestre témolos escoitado na masa de *Cytisus striatus* que circunda os cumes do Galiñeiro.

A especie *Rana iberica*, tamén catalogada, está presente nos cursos de auga da serra do Galiñeiro. O hábitat desta especie podería quedar gravemente afectado polos cambios nas escorrentías e polos arrastes de sedimentos provocados pola instalación do parque eólico.

A sarmaganta rabilonga (*Chioglossa lusitanica*) -endemismo incluído en numerosos catálogos de especies protexidas, habita asimesmo nos cursos de

auga da serra do Galiñeiro, en tramos con vexetación arbórea autóctona e bosque de ribeira. Está presente no río Zamáns (ao norte do proxecto) e no nacemento do río de Chenlo, a escasa distancia das instalacións proxectadas e baixo os aeroxeradores **aero 8** e **aero 13**.

Esta especie aparece rexistrada nos inventarios ambientais da Universidade de Vigo e en todas as publicacións consultadas sobre o monte Aloia, e está presente posiblemente en todos os cursos de auga permanentes da serra do Galiñeiro.

B.5.3.8. Sobre o roedor acuático *Arvicola sapidus*.

As turbeiras de *As Lagoas*, situadas nunha das fontes do río de Chenlo, acollen unha importante poboación deste roedor ameazado, que está experimentando unha forte regresión na súa área de distribución e que está incluído, como xa sinalamos, na lista vermella da UICN.

As turbeiras poderían resultar afectadas pola instalación dos aeroxeradores **aero 6** e **aero 7**, polas mesmas razóns que xa expuxemos no caso do cursos de auga que serven de hábitat a diversos anfibios.

B.6. IMPACTOS SOBRE A FLORA

B.6. 1. Afecções sobre as comunidades vexetais

B.6.1.1. Breixeira húmida atlántica temperada de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*. *4020.

A asociación descrita no Estudo ambiental é: *Cirsio filipenduli-Ericetum ciliaris*.

Ademais do carrasco *Erica ciliaris*, non se considera a existencia dunha segunda especie diagnóstica: o carrasco de turbeira (*Erica tetralix*). Esta ericácea está presente nas turbeiras de *As Lagoas* –que non foron detectadas no estudo, así como nas marxes dos cursos de auga que baixan da zona do proxecto a través de solos turbosos. Esta especie aparece xuntamente coa leguminosa de carácter endémico *Genista berberidea*.

Polo tanto, na área do proxecto aparecen dúas asociacións vexetais comprendidas no hábitat *4020: *Cirsio filipenduli-Ericetum ciliaris* e *Genista berberideo-Ericetum tetralicis*.

O Estudo florístico foi realizado con rigor, pero non abrangue a totalidade do ciclo anual -como se indica no propio documento, de modo que o inventario do cortexo de especies acompañantes non reflicte a riqueza desta comunidade vexetal. Nas breixeiras húmidas desta zona da serra do Galiñeiro podemos encontrar cando menos as seguintes especies:

Erica tetralix, *Genista berberidea*, *Potentilla erecta*, *Serratula tinctoria*, *Erica ciliaris*, *Ranunculus gallaecicus*, *Carum verticillatum*, *Danthonia decumbens*,

Calluna vulgaris, *Narcissus bulbocodium*, *Gentiana pneumonanthe* e *Ulex minor*.

Nunha das brexeiras representadas na cartografía do estudo ambiental, que resultaría afectada na súa parte superior pola pista que discurriría entre os aeroxeradores 11 e 12, tamén habitan as plantas insectívoras *Drosera intermedia* e *Drosera rotundifolia*.

Como hábitat prioritario que é, ten a consideración de “*hábitat natural ameazado*”, e a súa conservación “*supón unha especial responsabilidade para a Comunidade Europea*” (Directiva 92/43/CE).

Impactos que provocaría o proxecto.


Como sinala o estudo florístico na súa páxina 17, os xeradores **aero 07** e **aero 08** están proxectados sobre o hábitat prioritario *4020

“*Los aerogeneradores 7 y 8 se localizan en una elevación dominada por brezal húmedo*”.

No plano 01-5 (*Unidades de vegetación*) visualízase perfectamente esta afectación.


A pista de acceso ao **aero 06** atravesaría unha mancha de brexeira húmida pola súa parte superior. Podería destruír directamente unha parte desta formación, e afectar coas escorrentías ao resto da superficie.

O xerador **Aero 03** instalárase na mesma cabeceira dun pequeno regato, a menos de 50m dunha brexeira húmida que se estende linealmente ao longo do cauce. Esta brexeira húmida non aparece representada na cartografía do estudo florístico. O regato verte cara o río de Chenlo, afluente do Louro.



A pista que discorre entre os **aeros 11 e 12** atravesa unha breixeira húmida pola súa cabeceira. A breixeira aparece rexistrada no EIA. As obras de acondicionamento da pista ocasionarían irremediabilmente o arraste de materiais en dirección a esta formación vexetal.

Ademais, a pista de acceso ao **aero 11** secciona un depósito de turba, sobre o cal se asenta unha comunidade de transición entre a breixeira húmida (hábitat *4020), e a breixeira seca (hábitat 4030). Alí se sitúa o nacemento do río Zamáns. Esta zona, afectada xa por un cortalumes que a atravesa, perdería así toda posibilidade de restauración.



Sobre a área de alimentación das turbeiras de *As Lagoas*, a 300m ladeira arriba das mesmas, proxéctase o xerador **aero 07**. Nestas turbeiras – representadas no apartado que adicamos a este hábitat, existe unha importante breixeira húmida correspondente á asociación *Genisto berberideo-Ericetum tetralicis*, a maior de toda a serra do Galiñeiro.

B.6.1.2. Breixeira seca europea. Hábitat 4030.

As breixeiras secas da serra do Galiñeiro son moi diversas. Así, o EIA menciona dúas tipoloxías:

- A asociación *Ulici europaei-Ericetum cinereae*. Encóntrase nas zonas altas e umbrías, e sobre solos cunha certa profundidade.
- A asociación *Erico umbellatae-Ulicetum micranthi*. Localízase en cotas baixas, ladeiras sollosas e solos con importante déficit hídrico.

Aínda que non é mencionada no traballo florístico, nós incluíríamos tamén as “breixeiras submediterráneas de montaña”, asociación *Pterosparto tridentati–Ericetum aragonensis*. A carqueixa (*Pterospartum tridentatum*) é moi frecuente nas matogueiras dos cumes do Galiñeiro. Pola súa parte, a uz vermella (*Erica australis*) é escasa na serra do Galiñeiro, posiblemente debido ao afecto combinado de lumes e pastoreo. Refúxiase das cabras nos lugares de máis difícil acceso.

Impactos que provocaría o proxecto.

A maior parte dos aeroxeradores instalaríase sobre as distintas tipoloxías que presenta este hábitat na serra do Galiñeiro. O Estudo florístico calcula en 8 o número de aeroxeradores que afectarían a este hábitat:

“Otros 8 aerogeneradores están sobre hábitats de interés, principalmente tojales secos. Destaca la presencia de mosaicos del tojal endémico con Ulex micranthus y pedregales provenientes de los afloramientos gneísticos del Galiñeiro”.

B.6. 1.3 Desprendementos rochosos. Hábitat 8130.

O *Inventario e cartografía da vexetación* do EIA recolle este hábitat, aínda que de maneira pouco clara, pois aparece incluído na categoría “*mosaico de tojal seco y pedregales*”. Entendemos que esta clasificación podería ser válida desde o punto de vista da vexetación, pero se atendemos á *Directiva 92/43/CE* deberíamos considerar de maneira específica esta formación, máxime cando ocupa unha grande superficie na área do proxecto.

No manual: Os *hábitats de Interese Comunitario en Galicia*, do IBADER., este manual aparece descrito da seguinte forma:

“Este hábitat aparece baixo a forma de depósitos de granulometría variable (1- >100 cm.), máis ou menos extensos, situados ao pé de cantís rochosos ou en cumios montañosos elevados. Sobre eles crece unha vexetación moi pouco densa, cun escaso recubrimento briofítico e liquénico e unha flora vascular máis ou menos abundante en función do tamaño dos fragmentos rochosos e o grao de estabilización do substrato”.

Ramil Rego, P. et al. (2008). Os hábitats de Interese Comunitario en Galicia. Memoria y fichas descriptivas. Monografías del IBADER. Universidade de Santiago de Compostela.

No mapa de distribución deste tipo de hábitat para Galicia do IBADER da Universidade de Santiago aparecen representados os desprendementos da serra da Groba, pero aínda non foron introducidos os da serra do Galiñeiro.

Os depósitos da serra do Galiñeiro son de grande interese, por estaren formados por felifractos de grande tamaño, na súa orixe fragmentos de rocha de gneis que se foron desprendendo por efecto da acción do xeo durante a última glaciación.

Impactos que provocaría o proxecto.

Algúns xeradores, como é o caso do **aero 05**, **aero 06** e **aero 10**, están proxectados acarón de afloramentos rochosos con presenza deste hábitat.

O aeroxerador **aero 11**, pola súa parte, estaría situado nunha pequena golada de montaña, no nacemento mesmo dun extenso depósito de felifractos absolutamente espectacular, coñecido polos veciños co nome de “*Pedras Esbarrulladas*”

B.6. 1.4. Covas non explotadas polo turismo. Hábitat 8310.

A cavidade de maior tamaño existente na área do proxecto é a denominada *Cova da Becha*. Este hábitat, que non aparece mencionado no estudo florístico, aparece descrito da seguinte maneira no Manual de Interpretación dos Hábitats da UE:

“Covas non aproveitadas polo turismo, incluídos os seus lagos e correntes de auga, que albergan taxóns especializados, endémicos ou que son de importancia sobresaínte para a conservación das especies do Anexo II (por exemplo, quirópteros e anfibios)”.

Impactos que provocaría o proxecto.

A *Cova da Becha*, ademais do seu valor ambiental, é un elemento etnográfico sobresaínte. Localízase a uns 140m do xerador **aero 11**. A pista de acceso a este aeroxerador, a súa plataforma de montaxe e o aeroxerador mesmo degradarían de maneira irreversible o entorno desta cova.

O vial de acceso aos xeradores **aero 07** e **aero 08**, así como á estación meteorolóxica, pasarían sobre a cavidade de *Lapa da Moura*, a unha distancia de 130m. A ampliación da pista existente degradaría gravemente o contorno da cova.

B.6. 1.5. Turbeiras de transición, tremedais. Hábitat 7140.

O estudo ambiental non detectou a existencia de turbeiras con auga permanente na área do proxecto. Sen embargo este hábitat si existe, aínda que está situado nunha zona pouco visible. Trátase das turbeiras coñecidas na

zona como *As Lagoas*, que representamos a continuación. A superficie aproximada destas turbeiras é duns 2500m². Encádranse na tipoloxía de “turbeiras minerotróficas confinadas ou de valgada”. Estas turbeiras están cubertas de maneira maioritaria por unha comunidade arbustiva pertencente á asociación “*Genisto berberideo-Ericetum tetralicis*”, que se corresponde co hábitat prioritario *4020. Trátase, con diferencia, da maior poboación de carrasco de turbeira (*Erica tetralix*) da serra do Galiñeiro, onde a erica higrófila máis habitual é *Erica ciliaris*.

Ademais, nas zonas de maior enchoupamento existen numerosos *Sphagnus* e cárices, destacando a existencia dunha poboación moi numerosa do endemismo *Carex durieui*.

Impactos que provocaría o proxecto.

O xerador **aero 07** situaríase a 300m das turbeiras de **As Lagoas**, na área de alimentación das mesmas. O **aero 08**, pola súa parte, ubicaríase a 400m do humidal. As obras previstas porían en risco estas turbeiras, pois previsiblemente produciríanse arrastes de materiais desprazados polas escorrentías. Unha parte destes materiais poderían sedimentar na turbeira, afectando moi negativamente ás comunidades vexetais de carácter higrófilo e á fauna que habita estes humidais, entre a que destaca o roedor acuático *Arvicola sapidus*, que tratamos no apartado de impactos sobre a fauna.



B.6. 1.6. Afloramentos rochosos: hábitats 8130 e 8230.

Os hábitats rochosos constitúen un dos principais valores da serra do Galiñeiro. Nas áreas cuminais da serra conflúen dous hábitats de interese comunitario: o hábitat 8220 -pendentes rochosas silíceas con vexetación casmofítica, e o hábitat 8230 -rochedos silíceos con vexetación pioneira do *Sedo-Scleranthion* ou do *Sedo albi-Veronicion dillenii*.

Nos mesmos afloramentos aparecen ademais outros dous hábitats de tipo rupícola: as covas non explotadas polo turismo, e un vasto manto de xelifractos de orixe periglaciaria que se estende de maneira continua baixo as cornixas periglaciares e as paredes da cara oeste da serra, na zona norte (hábitats 8310 e 8130, respectivamente).

O estudo florístico destaca a importancia destes afloramentos como un dos principais valores naturais da serra do Galiñeiro:

“Los afloramientos de macizos gneísticos orientados constituyen el elemento paisajístico de mayor interés y un ecosistema singular en las cotas superiores de la sierra” (páx. 17).

“La flora de mayor interés se localiza sobre los afloramientos gneísticos, que podrían verse afectados por al menos 5 aerogeneradores” (páx. 28, conclusións).

No estudo florístico salientase ademais a existencia de especies de interese, en moitos casos de carácter endémico, como compoñentes do cortexo florístico destas comunidades vexetais:

Centaurea limbata, Coincya monensis, Silene uniflora, Stipa gigantea.

Ademais das especies mencionadas no Estudo florístico, os afloramentos gneísticos dos cumes do Galiñeiro constitúen o hábitat doutros moitos endemismos ibéricos, de carácter rupícola nuns casos, noutros casos pertencentes á comunidade de terófitas que se desenvolve nos solos de tipo esquelético tan comúns nesta área:

Festuca paniculata, Saxifraga spathularis, Linaria saxatilis, Thymus caespititius, Agrostis delicatula, Sedum arenarium, Ornithogalum broteroi...

Os ecosistemas de cantil son moi escasos no noso país. Paredes verticais como as que observamos nos cumes do Galiñeiro son exclusivas de cantís costeiros e de vales fluviaes moi encaixonados. A existencia de cortados e de extensos afloramentos de rocha de formas recortadas na zona cuminal dunha serra é un rasgo característico da serra do Galiñeiro sen paralelo no resto de Galicia.

Estes cantís son lugares de difícil acceso, relativamente inmunes aos incendios e ao pastoreo extensivo. Por iso funcionan moitas veces como refuxios de especies características da vexetación primaria dun determinado lugar, das poucas que sobreviven en numerosos lugares da Europa occidental altamente

humanizados. Esta vexetación encontra nestes medios rochosos unha grande diversidade de condicións de exposición, iluminación, humidade ou concentración de materia orgánica (Lars Matthes e Kelly “*Cliff ecology. Patterns and process in cliff ecosystems*”).

Por iso non é de extrañar que nos afloramentos rochosos da serra do Galiñeiro sobrevivan refuxiadas entre as oquedades especies propias doutros medios, como as que adoitan encontrarse no interior do bosque caducifolio:

Ruscus aculeatus, *Lonicera peryclimenum*, *Hedera hibernica*, *Dryopteris dilatata*, *Silene vulgaris*...

Algunhas destas especies son de carácter endémico e son tratadas no documento florístico do proxecto:

Anemone trifolia subsp. *albida*, *Hyacinthoides paivae*, *Narcissus triandrus*...

O narciso da especie *Narcissus triandrus* está incluído na *Directiva 92/43/CEE* (especies de interese comunitario que requiren unha protección estricta).

Impactos que provocaría o proxecto.

A apertura de pistas de acceso e de gabias, as cimentacións dos aeroxeradores e a explanación de terreos para acondicionar as plataformas de montaxe destruirían fisicamente algúns destes afloramentos, e degradarían de maneira irreversible un dos elementos máis representativos da serra do Galiñeiro.

Os aeroxeradores **aero 01**, **aero 06**, **aero 05**, **aero 10**, **aero 11** e **aero 12** están proxectados en zonas de afloramentos rochosos, sendo os que en maior medida ameazan estas formacións. As obras provocarían a destrución de varios afloramentos e de superficies onde se combinan breixeiras secas e pedregais.

B.6.1.7. Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Q. pyrenaica*. C. 9230

Na zona leste do proxecto existe unha interesante carballeira de *Quercus robur*, orlada dunha franxa de cerquiños (*Quercus pyrenaica*) na súa parte superior. Esta formación –aínda que fraccionada- é dunha grande riqueza e diversidade específica. Contradecendo neste caso o Estudo florístico -no que respeta á vexetación potencial- non se trata dunha carballeira de tipo termófilo, senón dunha carballeira colina con certos rasgos de transición a montaña. Son moi frecuentes aquí a aveleira (*Corylus avellana*) e o bidueiro (*Betula celtiberica*).

Impactos que provocaría o proxecto.

A carballeira está situada a menos de 300m da **subestación de Campo Redondo** e da pista de acceso ao **aero 06**. Habería que considerar a posible afección das obras sobre as comunidades vexetais anemófilas que existen nesta formación de frondosas, nomeadamente sobre a importante poboación que aquí presenta o endemismo *Anemone trifolia* subsp. *albida*, así como sobre outra especie endémica: *Omphalodes nitida*. As dúas especies aparecen nomeadas entre a flora de interese da área do proxecto, e están recollidas no Estudo florístico do EIA.

O xerador **aero 02** está proxectado a 400m dun interesante rodal de *Quercus pyrenaica*, situado no *Coto do Mediodía*.

B.6. 1.8. Ríos de piso colino a montano, con vexetación de *Ranunculion fluitantis*. 3260.

Trátase de pequenas correntes de auga con certo carácter estacional, que normalmente ven reducido drasticamente o seu caudal en verán. Discurren sobre superficies ácidas e areosas, e as súas augas presentan un contido en nutrientes moi baixo. Aínda que a maior parte deste hábitat se localiza nas cotas medias da serra do Galiñeiro, existe aunha representación próxima á área do proxecto: un curso de auga de carácter permanente nas turbeiras de *As Lagoas*.

Impactos que provocaría o proxecto.

O xerador **aero 07** situaríase a 300m deste curso de auga, na súa cunca de recepción. É previsible que se produzan arrastes de materias coas escorrentías. Unha parte destes materias poderían sedimentar no cauce deste regato, afectando negativamente ás comunidades vexetais e animais acuáticas.

B.6. 2. Afección sobre especies de interese.

B.6. 2.1. *Narcissus cyclamineus*

O Estudo florístico refírese a esta especie do seguinte modo:

“Especie endémica del noroeste ibérico incluida en diversos catálogos de flora amenazada autonómicos, nacionales y europeos. Asociada generalmente a aguas corrientes, en alisedas y bosques de ribera, y en turberas de media montaña. Desde el nivel del mar hasta cerca de los 1000 metros de altitud”.


*“En el apartado florístico destaca la presencia de *Narcissus cyclamineus*, una especie de ambientes nemorales riparios, o bien de zonas de media montaña*

donde ocupa medios de turbera o brañas. La población de Galiñeiro se relaciona con este ambiente de media montaña, sin asociación con bosques de ribera si no con suelos permanentemente encharcados de un pequeño rego a cierta altitud. Este narciso forma parte del Catálogo Galego de Especies Ameazadas”.

Entre as especies inventariadas, esta é a única incluída no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, na categoría de “Vulnerable”. Ademais, aparece recollida en numerosos catálogos de protección e documentos legais, como sinala o Estudo florístico:

“Incluida en el Listado de Especies Silvestres en Régimen de Protección Especial (Real Decreto 139/2011 (...); Considerada especie “con preocupación menor (LC)” en la Lista Roja 2010 de la Flora Vasculare Española (MMAMRM 2010) Incluida entre las Especies de interés comunitario para cuya conservación es necesario designar zonas especiales de conservación y entre las Especies de interés comunitario que requieren una protección estricta (Anexos II y IV, Directiva 92/43/CEE del Consejo (...))”.

Engadimos pola nosa parte que a especie *Narcissus cyclamineus* tamén está incluída na *Decisión da Comisión 2006/613/CE*, de 19 de xullo de 2006, que no seu Anexo II contén a listaxe de hábitats e especies cubertos insuficientemente pola rede Natura 2000 actual. Na relación está incluído *Narcissus cyclamineus*, co código 1862. Aínda que o estado aludido sexa Portugal, en realidade trátase dun endemismo galego-portugués.




O estudo non sinala o lugar onde se localizou esta especie, aspecto moi importante para a avaliación das posibles afeccións do proxecto eólico sobre o narciso:

“La población de Galiñeiro se relaciona con este ambiente de media montaña, sin asociación con bosques de ribera sino con suelos permanentemente encharcados de un pequeño rego a cierta altitud” (páx. 28).

Na serra do Galiñeiro a especie está moi ben distribuída; de feito, presenta unha denominación popular nas poboacións da serra: *o mallo*. Aínda que nas cotas altas apareza vencellada a medios turbófilos nun ambiente de media montaña, como ben sinala o Estudo florístico, existe tamén unha importante poboación nas marxes do regato de Chenlo no seu curso alto, nun ambiente forestal cun rico e variado bosque mixto dominado por bidueiros (*Betula celtiberica*) e aveleiras (*Corylus avellana*).

A serra do Galiñeiro aparece incluída na área con maior probabilidade de presenza da especie *Narcissus cyclamineus*, segundo un modelo predictivo de distribución de endemismos ibéricos elaborado polos investigadores A. Lomba, L. Pellissier, C. Randin, J. Vicente, F. Moreira, J. Honrado e A. Guisan:



Regional potential distribution for *Narcissus cyclamineus* DC. Resulting from averaging bivariate models weighted by their AUC. [Biological Conservation. Volume 143, Issue 11](#), November 2010, Pages 2647–2657

A presenza deste narciso na serra do Galiñeiro está recollida no *PRUX do Parque Natural do Monte Aloia*, así como nos catálogos da Oficina de Medio Ambiente (OMA) da Universidade de Vigo.

Impactos que provocaría o proxecto.

O xerador **aero 01** está proxectado sobre a microcunca de alimentación dun pequeno regato, onde pouco máis abaixo se localiza unha nutrida poboación de *Narcissus cyclamineus*. A distancia entre o aeroxerador e a poboación deste narciso é de aproximadamente 180 m. As obras que se realizarían orixinarían o arraste de materiais polas escorrentías, o que podería conlevar a colmatación por sedimentos das ribeiras do regato. A distribución aproximada desta poboación aparece representada no mapa que adxuntamos abaixo.


O xerador **aero 03** ameaza unha segunda poboación de *Narcissus cyclamineus*, noutro regato que se sitúa a escasa distancia do anterior. Neste caso, as súas augas verten ao regato de Chenlo, tributario do río Louro. Varios aeroxeradores están situados sobre a mesma liña que divide os dominios hidrográficos das confederacións Galicia-Costa e Miño-Sil.

A distribución aproximada deste narciso aparece tamén representada no mapa anexo. A distancia sería aínda menor que no caso anterior (apenas uns 150m). O narciso aparece aquí de maneira menos compacta, nos claros herbáceos dunha breixeira húmida de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix* que non foi detectada no documento ambiental.

A serie de xeradores **aero 12, aero 11, aero 10, aero 05, aero 13 e aero 01**, así como as súas pistas de acceso individuais e comúns, están proxectados ao longo de toda a cabeceira hidrográfica dos dous cauces que se unen no lugar de *A Fervenza*, para formaren o río de Vilaza, afluente principal do río Zamáns. Situaríanse, daquela, na nacente mesma do río Zamáns. Ao longo deste curso fluvial existen varias citas de *Narcissus cyclamineus*; unha delas en torno ao mencionado lugar de confluencia entre os dous regatos, na cuadrícula 29TNG2466:

“Zamáns; en la falda N del Pico Galiñeiro, 29TNG2466, 10-V-2007, J. Amigo, J. Izco (SANT 57117) [Portal de datos GBIF, www.gbif.es. 1/VIII/2009. SANT herbarium vascular plants collection (SANT), 57 registros]”.

Todo o conxunto de actuacións proxectadas, que vai desde a apertura de pistas até o verquido de terra vexetal destinada ás revexetacións, ameazan este cauce e as comunidades vexetais que se asentán nas súas ribeiras, e de maneira destacada á especie *Narcissus cyclamineus*. Algunhas das medidas contidas no Plan de Restauración son inquedaes: prevese a extensión dun volume de terra vexetal de **5.247m³** sobre taludes e terrapléns, en zonas de elevada pendente, o que agravaría considerablemente os efectos das escorrentías nas zonas situadas augas abaixo destas infraestruturas, afectando aos cursos de auga e hábitats turbosos ocupados por esta especie.



Distribución aproximada da especie *Narcissus cyclamineus* na área do proxecto.

2.2. *Ulex micranthus*

“Se han registrado otras especies raras o endémicas no incluídas en la legislación, algunas asociadas a los roquedos o a ambientes nemorales como se explica anteriormente, y otras son termófilas y su distribución restringidas coincide con el área como en el caso de *Ulex micranthus* o *Genista triacanthos*” (páx. 28).

Ulex micranthus é un toxo endémico que se distribúe polo sur de Galicia (polo norte chega até a cidade de Pontevedra). Está presente tamén no norte de Portugal.

Impactos que provocaría o proxecto.

Os aeroxeradores aero 05, aero 06, aero 10, aero 11 e aero 12 afectarían a breixeiras secas, con *Ulex micranthus* e *Pterospartum tridentatum* como especies dominantes, como sinala o documento florístico na súa páxina 12:

“Los **aerogeneradores 5, 10, 11 y 12** se encuentran en la ladera este de la cresta de Galiñeiro, sobre vegetación de tojal seco con *Ulex micranthus* y *Pterospartum tridentatum* con derrubios. El **aerogenerador 6** se encuentra sobre esta misma unidad de vegetación, en el entorno de Galiñeiro sur”.

O **aero 01** afectaría a unha comunidade de breixeira seca europea dominada polos toxos *Ulex europaeus* e *Ulex micranthus* (páx. 10).

Este interesante endemismo quedaría gravemente afectado pola instalación dos 6 aeroxeradores mencionados.

B.6. 2.3. *Carex durieui*

Especie que non aparece recollida no EIA. Na área do proxecto, está confinada ás turbeiras de As Lagoas (ver: *Turbeiras de transición*, nestas alegacións).

Carex durieui é un endemismo que habita en Asturias, Galicia e Norte de Portugal.

Impactos que provocaría o proxecto.

O xerador **aero 07** situaríase a 300m das turbeiras onde habita esta especie, na área de alimentación das mesmas. As obras previstas porían en risco as turbeiras e as súas comunidades vexetais, pois previsiblemente produciríanse arrastes de materiais coas escorrentías

B.6. 2.3. *Gagea nevadensis*


A especie aparece mencionada no Estudo florístico, páxina 28:

“Además, el efecto cumbre y la altitud favorecen la aparición residual de especies de las áreas de media montaña del interior de Galicia como *Gagea nevadensis*”.

Gagea nevadensis é unha especie que se distribúe pola bacía mediterránea occidental. En Galicia, aparece en zonas montañosas do interior. A súa presenza na serra do Galiñeiro, a escasa distancia do mar, é de grande interese bioxeográfico, o que motivou a publicación da cita na *Nova Acta Científica Compostelana* (Biología), boletín nº15. Ano 2006. Páx. 60. A transcripción textual é a seguinte:

Gondomar, Morgadás, Vilas, serra do Galiñeiro, cercanías de A Lomba da Zorra, en suelo esquelético desarrollado sobre granitos, 29TNG2563, 580m, 01-04-2006, X. R. García y A. Rodríguez González (LOU 30989).

A poboación que apareceu na serra do Galiñeiro –posiblemente de tipo relíctica-medra por riba dos 570msnm. Ocupa unha superficie aproximada de 5ha no centro da cuadrícula 29TNG2563, acompañada doutra especie orófila de interese: *Ranunculus nigrescens*, que aínda non foi citada. Nas proximidades da caseta de vixilancia contra incendios forestais da Xunta de Galicia foi localizada unha segunda poboación de *Gagea nevadensis*, moito máis pequena, nun depósito de blocos de gneis.



Impactos que provocaría o proxecto.

No plano represéntase de maneira aproximada a área de distribución de *Gagea nevadensis* na serra do Galiñeiro. Como se pode ver, quedaría gravemente afectada pola instalación dos xeradores **aero 07** e **aero 08**, as súas plataformas, gabias e viais.

B.6. 2.3. *Hyacinthoides paivae*

Este xacinto bravo é un endemismo que se localiza nas partes baixas de Galicia; tamén no norte de Portugal.

Impactos que provocaría o proxecto.

Aparece distribuído por toda a serra do Galiñeiro, así que resultaría afectado por varios xeradores. No documento florístico menciónase nomeadamente o aero 01, na páxina 10:

“El aerogenerador 1 (525780; 4665631 ED50). Se sitúa sobre una mancha de tojal de cierta densidad con bloques y afloramientos rocosos. Predominan Ulex europaeus, Ulex micranthus, Erica cinerea, Erica umbellata y Thymus caespititius. El vial atraviesa una zona de pinar. Además de la flora específica del tojal, en el pinar adyacente se afecta a Narcissus bulbocodium y Hyacinthoides paivae”.

B.6. 3. Valoración final

- Excepto os xeradores aero 03, aero 04 e aero 09, que se proxectan sobre zonas de piñeiral de repoboación, os **10 aeroxeradores** restantes instalaríanse sobre hábitats de interese comunitario incluídos no Anexo I da *Directiva 92/43/CE*.

- O impacto sobre estes hábitats sería o resultado de sumar os efectos producidos pola apertura de pistas e gabias, a cimentación dos aeroxeradores, a explanación de terreos para as plataformas de montaxe, o depósito e estendido de terra orgánica, o arraste e sedimentación de materiais remexidos, a revexetación con especies impropias destes hábitats naturais, a introdución de bioinvasoras nos aportes de terras de procedencia exterior, a contaminación por produtos fitosanitarios, etc.

- Os hábitats directamente afectados pola instalación dos aeroxeradores serían **5**: os que se corresponden cos códigos 4030, 8130, 8130, 8230 e *4020 (este de carácter prioritario). Sen embargo, no seu conxunto o parque eólico afectaría directa ou indirectamente a **9 hábitats de interese comunitario**.

- Consideramos inadmisíbel a ocupación directa do hábitat prioritario *4020 polos aeroxeradores **07 e 08**. Máxime tendo en conta que as representacións deste hábitat na serra do Galiñeiro son escasas e localizadas, en relación a outros hábitats mellor representados. Os hábitats de interese comunitario clasificados como prioritarios teñen a consideración de “*hábitat natural ameazado*”, e a súa conservación “*supón unha especial responsabilidade para a Comunidade Europea*” (Directiva 92/43/CE).

- Como no caso doutros factores ambientais, a afectación da posición dos aeroxeradores nos hábitats de interese comunitario, e nomeadamente no hábitat prioritario *4020 **non foi tida en conta no proceso de análise de alternativas**. De feito, a alternativa que a empresa seleccionou como máis “respectuosa co medio ambiente” (a alternativa 2 ou “aglutinada”) supón a implantación de dous aeroxeradores sobre hábitats de carácter prioritario, cando a alternativa 1 contemplaba 1 xerador sobre este mesmo hábitat.

- As medidas compensatorias (que non correctoras) que se propoñen no *Plan de Restauración* para –pretendidamente- reparar dalgunha maneira a destrución directa de superficies de breixeira húmida que ocasionaría a instalación destes aeroxeradores e das infraestruturas asociadas son absolutamente ridículas, e contrastan chamativamente co rigor co que foi elaborado o estudo florístico.

No apartado que adicamos ao Plan de Restauración tratamos polo miúdo este tema, que se non fora pola gravidade do impacto que podería ocasionar sobre os hábitats da serra do Galiñeiro semellaría tratarse dunha broma de mal gusto.

- A serra do Galiñeiro, nas súas cotas altas, experimenta de maneira periódica episodios moi violentos de esorrentía superficial. A copiosa precipitación orográfica, unida á forte inclinación do terreo (a pendente media é superior ao 30%), e á existencia de prolongadas superficies continuas de relevo suave nas que predominan os substratos rochosos pouco permeables, dá lugar a altos coeficientes de esorrentía e á acumulación de importantes volumes de auga que se precipitan pendente abaixo en forma de enérxicas arroiadas.

Iso foi o que aconteceu no evento torrencial de outubro de 2011, que provocou o alagamento dunha parte do bairro da Fraga, en Vincios, e a acumulación de grandes volumes de sedimentos de todos os tamaños –incluídas pedras de grandes dimensións. A enchenta orixinou se na cabeceira do río Zamáns (área afectada polo proxecto).

A serra do Galiñeiro, precisamente, figura como unha zona con risco alto de movementos en masa, segundo o *Mapa Nacional de Erosión* editado polo Ministerio de Medio Rural y Marino.

Así, toda alteración dos solos provocada por escavacións, apertura de pistas, execución de terrapléns e desmontes, así como a extensión superficial de capas de terra vexetal destinada a actuacións de revexetación, levan implícito un alto risco de arraste de sedimentos, e ameazan gravemente a integridade dos cauces e dos humedais que forman o sistema hídrico da serra, entre eles as brexeiras húmidas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*.

O verquido dun volume de terra vexetal de **5.247m³** para labores de “restauración vegetal”, que establece o *Plan de Restauración* do proxecto de parque eólico, multiplica esta ameaza.

- A serra do Galiñeiro constitúe unha auténtica encrucillada botánica de grande interese bioxeográfico, na que conflúen especies de montaña (*Gagea nevadensis*) con especies propias de ambientes litorais (*Silene uniflora*); especies de distribución atlántica (*Betula celtiberica*) con especies mediterráneas (*Quercus suber*); é rica ademais en especies pouco frecuentes e endemismos.

- O parágrafo último do Estudo florístico sintetiza moi ben cal é o a apreciación dos redactores do traballo sobre o valor florístico e ambiental da serra do Galiñeiro, e nomeadamente da zona afectada polo proxecto eólico:

“La confluencia de estos elementos hace de los altos y sierra de Galiñeiro un área de interés alto para su conservación por su flora y vegetación. Estos valores deben sumarse a los faunísticos, paisajísticos, geológicos y geomorfológicos, etnográficos, y culturales”.

- O Galiñeiro foi proposto para a súa inclusión na rede *Natura 2000* por numerosos colectivos sociais, que presentaron alegacións á *Proposta de Ampliación da rede Natura 2000 de Galicia* ((DOG nº 1, do 2/01/12).

- A Comisión de Peticións do Parlamento Europeo admitiu a trámite a solicitude de inclusión da serra do Galiñeiro na rede *Natura 2000* realizada pola Plataforma pola Protección da Serra do Galiñeiro (*Petición 1143/2011*).

- Da conservación dos hábitats e valores naturais da serra do Galiñeiro depende o futuro do Parque Natural do Monte Aloia, que precisa unha ampliación da súa superficie e a incorporación dos numerosos hábitats de carácter natural existentes na conxunto da serra do Galiñeiro. De maneira particular, daqueles hábitats vencellados aos afloramentos rochosos da serra e

ao seu sistema hídrico, formado por breixeiros húmidas, cauces de media montaña e turbeiras.

Resumindo: A conservación dos valores florísticos da serra do Galiñeiro é incompatible coa instalación do parque eólico, polo que solicitamos da Administración galega a emisión dunha Declaración de Impacto Ambiental **negativa** a este proxecto.

B.7. MEDIO SOCIOECONÓMICO AFECTADO.

Á hora de valorar socioeconómicamente o contido do proxecto eólico da empresa Terra do Vento S.L. e de xeito introductorio facemos constar o seguinte:

-que o proxecto está inserido, como non podía ser doutro xeito, no contexto dun sistema económico en crise continua por canto ten como norte o crecemento a calquera prezo e que ao igual que un ciclista que non pedalea, cae. Pero, ¿ten un límite este crecemento?, ¿Podemos crer que é posible un crecemento contínuo de tódolos indicadores de produción, consumo, etc?.

-Que cando sinala os custes de instalación , só figuran aqueles que teñen unha fácil cuantificación: obra civil, infraestruturas varias, proxectos e estudos, etc.. Pero, ¿canto custa aquilo que se destroza: a paisaxe, o patrimonio histórico, etc.?.

Ao noso entender e segundo as liñas máis actuais dentro da teoría económica, deberían incluírse para ter unha idea real do custe dunha instalación como a que se pretende: *“Los economistas, y más aún los contables, conocen el precio de los recursos habitualmente reconocidos como tales. Pero no el de los mal llamados “bienes libres” y desde luego todavía menos el de los bienes intangibles...”*;... ¿Cuánto valdrán los valores paisajísticos, la pesca de un río o la belleza natural?. De momento solo se paga el hotel desde donde se gozan, pero el espectáculo es gratis. Pero si se deteriora ese entorno ¿quién indemnizará al hotelero” (Ramón Folch; Ambiente, emoción y ética).

Ao non imputarse estes custes, que debería pagar a empresa promotora, estase partindo de cálculos parciais e falsos, e que de establecerse, probablemente disuadirían á empresa de seguir adiante co proxecto.

Por outra parte e entrando en certos detalles no documento “Modificado do proxecto sectorial”, no seu apartado 1.4 “Justificación del interés público y utilidad social” e máis en concreto no punto 1.4.1. “Necesidad objetiva de estas instalaciones, ventajas sobre otras fuentes de energía”, afirmase:...”Por otro lado, su rentabilidad, la potenciación de las zonas económicamente deprimidas en las que generalmente se instalan”

A zona de instalación do pretendido parque non se pode considerar, e polo tanto non necesitaría o mesmo, como económicamente deprimida. Ben ao contrario os concellos de Vigo, Mosa, O Porriño ou Gondomar concentran, ao igual que toda a costa atlántica galega, o maior volumen de poboación e

concentración de industria: naval, automovilística, conserveira, extracción de pedra, etc., e contan con cadanseu polígono industrial, sendo todo o contrario a zonas deprimidas que necesiten da implantación dun parque eólico como promotor de desenvolvemento económico.

Afirmase o mesmo apartado, páx. 24: “*genera puestos de trabajo en su construcción, mantenimiento y explotación*”. Afirmación que non poñemos en dúbida pero que hai que matizar. Xera postos de traballo casi únicamente na fase de construción, pero seguramente de empresas alleas ao territorio onde se pretende a instalación do parque, altamente especializadas, con experiencia no sector e coa maquinaria necesaria. Queda, se cadra, para o emprego local os traballos máis brutos, menos especializados e temporais.

En calquera caso non se cuantifican, nin estes, nin os de mantemento e explotación que sabese pola experiencia doutros parques que son, poucos, e altamente especializados polo que tampouco repercutirían na zona xeográfica de instalación do parque.

E desde logo os que non se teñen en conta son os que a instalación do parque poría en perigo: gandeiros que asentan as súas explotacións de gado vacún, cabalar, caprino ou ovino en réxime de liberdade no monte e que verían reducida significativamente a superficie útil de pasto coa instalación do parque eólico.

Tampouco os relacionados co sector do ocio: hípica, carreiras de orientación, sendeirismo ou mero paseo que atraen a numerosos practicantes que alimentan á hostalaría local e que se reducirían notablemente, ou mesmo desaparecerían, de instalarse o parque.

Igualmente hai que salientar a merma de rendemento económico que suporía para as Comunidades de montes, nomeadamente a de Vincios, que ao ver reducida a súa superficie disponible, tería dificultades, ou mesmo quedaría excluída, de acudir a convocatorias públicas de subvencións que lle permitisen cometer proxectos de explotación sustentabel do monte, dos que actualmente ten algún en marcha como o aproveitamento de madeiras nobles ou de recolleita de cogumelos.

É de salientar o “buenismo” que rezuma o proxecto cando nas páxinas 27 e 28 afirma que a eólica como outras enerxías renovabeis permite:...”*el refuerzo de la cohesión económica y social gracias a su carácter de energía no centralizada y próxima a los centros de consumo. Esto permite la implicación de las autoridades locales en la gestión de la energía que se consume...*”.

Pero, ¿é que acaso a enerxía producida non se vertería na rede que controla algunha das empresas do “pool” monopolista da distribución de enerxía en España”, ¿qué control temos os usuarios e as autoridades locais sobre esa enerxía fóra de pulsar un interruptor para encender ou apagar as luces e poñer en funcionamento algunha máquina?, ¿É que non se exporta moita da enerxía producida en Galicia? ¿Necesítase producir máis cando só se consume a metade do que se produce?

A páxina 38 do proxecto volve insistir en *“El carácter disperso de las energías renovables contribuye además al desarrollo de las zonas rurales mas desfavorecidas, creando empleo en las regiones donde las tasas de desempleo son más elevadas”*

Reafirmamonos no anteriormente subliñado acerca de que a zona escollida para a instalación do parque non é, nin moito menos, deprimida e de que non se concreta ninguna cifra de creación de emprego e calificamos de mentira tendenciosa esta a afirmación xeral porque desde logo o pouco emprego fixo que se poida crear non será para os desempregados das “zonas rurais deprimidas”

Para rematar parecenos oportuno salientar o que di a sentenza 64/1982, de 4 de novembro, do Tribunal Constitucional: *“No puede considerarse como objetivo primordial y excluyente la explotación al máximo de los recursos naturales, el aumento de la producción a toda costa, sino que se ha de armonizar la utilización racional de esos recursos con la protección de la naturaleza, todo ello para el mejor desarrollo de la persona y para asegurar la calidad de vida”*.

A este respecto, e mesmo debería ir escrito en caracteres vermellos para que resaltase ben á vista, hai que salientar a importancia que ten o Galiñeiro como fonte natural de suministro de auga para o consumo humano.

Hai que saber que a maior parte das parroquias de Gondomar non contan con suministro de auga municipalizado, e desde logo non Vincios, Chaín ou Morgadáns; ou que o encoro de Zamáns que se alimenta do Galiñeiro, suministra auga a Nigrán e Baiona. Tamén que o Galiñeiro pola vertente do Val da Louriña alimenta a parroquias de Mos e Porriño (Chenlo, Mosende, Herville, etc.).

¿Qué sucederá con eses suministros se polas obras de instalación e montaxe dos muiños se modifican as correntes freáticas que alimentan a esas poboacións?.

¿Paga a pena correr ese risco, somentes porque no proxecto se afirme, sen probas, que a afección será mínima?.

Ten que quedar meridianamente claro desde agora mesmo, e a mentada sentenza do Constitucional nos da a razón, de que a opinión dos posibeis afectados é rotundamente contaria a esa posibilidade.

A SERRA DO GALIÑEIRO MEDIO SOCIOECONÓMICO:

No apartado 5.4 do *Estudio de Impacto Ambiental* analízanse os *elementos socioeconómicos máis relevantes...* Neste estudio obsérvase que a poboación englobada no sector servicios é superior ao 60% na maioría dos concellos afectados, é dicir, é este sector o que da ocupación á maioría da poboación activa.

O sector económico servicios aglutina diversidade de actividades e entre elas expoñemos a continuación diversas actividades importantísimas para o desenvolvemento da zona de acción da Serra do Galiñeiro:

O terceiro sector. A economía social. Dun tempo a esta parte introduciuse no mundo asociativo un novo termo que define dalgunha maneira a súa posición na sociedade/economía: Terceiro Sector. Este ven a estar integrado por organizacións que desenvolven unha laboura alternativa ou complementaria á que realizan os grandes sectores tradicionais: Sector Público, Sector Privado. Así pois, trátase de organizacións privadas que se crean para resolver necesidades sociais e non para retribuír a inversores capitalistas. Desenvolven labores ás que non chega o sector público por falta de recursos, de interese ou simplemente de vontade e tampouco chega ao sector privado porque non se trata de algo rentable. Estas organizacións presentan as seguintes características: poseen unha organización formal, son de carácter privado, teñen capacidade de autocontrol, xestionanse democráticamente, carecen de ánimo de lucro, admiten a participación de voluntarios, e a maioría dos cargos xestionan organización de maneira voluntaria, sen retribución económica.

Ademais, tamén un gran número de pequenas sociedades privadas, con ánimo de lucro, desenvolven a súa actividade neste Serra, realizando labores de monitores, guías, etc, perseguindo un beneficio económico derivado de actividades desenvolvidas de maneira sutil.

As actividades deportivas desenvolvidas teñen unha incidencia socioeconómica moi importante na zona e ten como primeiro obxectivo:

- Contribuír e poñer en valor o territorio onde se celebra a proba deportiva, sexa campionato de escalada, carrarera de montaña, marcha ciclista, sendeirismo, ou ocio equestre, etc.
- Felicita que a poboación local participe en labores organizativos
- Estas probas deportivas pódense enmarcar en competicións de maior alcance e relevo con acontecementos simultáneos e sucesivos
- Promoven a renovación dos servizos existentes creando infraestrutura adecuada.
- Reforzan e reiteran a mensaxe de respecto ambiental aos participantes e espectadores e ofrece unha información sobre a Serra do Galiñeiro, espazo natural e rural onde se celebran actividades organizadas por entidades.
- Ponse en valor o uso recreativo do Monte Galiñeiro espazo natural que dinamiza o turismo na zona, existe un impacto económico importante., a tratarse de probas organizadas, os propios organizadores e participantes, familiares ou curiosos.
- O uso de ocio responsable e natural, como a escalada, a bicicleta, a equitación, o sendeirismo ou simplemente o correr ou pasear pola montaña por puro pracer, ademais do labor social que o propio deporte en se trae as persoas-
- Xeneran un movemento económico nos comercios e centros de hostelería e xeneral negocio nos lugares de onde proceden, próximos no seu gran

maioría á zona de influencia de Vigo, xa que estas actividades, xeran un mercado de consumo de produtos deportivos, generando emprego

O principal impacto negativo que ocasiona o parque eólico ten que ver coa economía desta Serra como área turística, que estamos citando. Os aeroxeneradores están proxectados en zonas de máis beleza paisaxística, onde os turistas buscan un entorno de paz, tranquilidade e paisaxes que conservan a súa beleza natural. Isto quere dicir que co parque eólico o entorno paisaxístico perdería todo interese, diminuíría o número de visitantes, e xeneraría unha perda incalculable e imposible de cifrar do entorno paisaxístico que redundará en perdas pecuniarias e perda da calidade de vida dos habitantes dos concellos da zona de influencia.

É imprescindible e de obrigado cumprimento un estudo dos efectos económicos producidos polo parque eólico sobre o turismo da zona, o desenvolvemento do ocio e o desenvolvemento sostible, na Serra do Galiñeiro e contorna.

Ademais este parque eólico ameaza con destruír postos de traballo na industria do turismo, e crean poucos postos de traballo noutros sectores. Un parque eólico normalmente emprega un só operario para o mantemento. O maior parque eólico de Europa ten 3 empregados só a tempo total. O único beneficio económico que pode ter é a renda que perciben por turbina e ano uns poucos propietarios, que sería facilmente copensado polo descenso no número de turistas. Ademais de xerar división e enfrontamento vecinal, ao ter un veciño unha renda pola turbina e perder ingresos outro veciño polo descenso do turismo.

Tamén é de notable importancia a perda de valor das vivendas e propiedades porque é unha estrutura de enormes dimensións que rompe o entorno campestre e de montaña. Segun estudos publicados supón un 30% de descenso do seu valor real.

A constitución e conservación de espazos verdes próximos ás cidades, non só terían un valor ecolóxico senón tamén un valor paisaxístico e de lecer que contribuiría a elevar a calidade de vida da poboación e polo tanto a impulsar o carácter de vila verde-residencial que serviría de motor económico da zona.

Outros aproveitamentos da Serra do Galiñeiro

Os montes están subutilizados no seu potencial de producir produtos diferentes á Madeira. A correcta explotación dos bens non madeirables, pero con precio de mercado, que se xeneran nos ecosistemas forestais poden ser vitais para o desenvolvemento dunha sociedade rural.

Na actualidade, na Serra do Galiñeiro, estanse incentivando as inversións en activos naturais para conseguir unha valorización integral do monte na nosa sociedade a través dun correcto aproveitamento de tódolos recursos que poidan xerar beneficio económico, entre elas indícanse:

Apicultura: É unha actividade específica dentro das producións agropecuarias e os seus produtos son altamente demandados no mercado internacional. Dentro do aproveitamento multifuncional, a apicultura móstrase como un recurso de gran importancia con moita tradición dentro da sociedade galega.

Prantas aromáticas e medicinais. As prantas medicinais e aromáticas son un recurso natural do medio que se ven aproveitando en Galicia desde épocas moi antigas. Na actualidade algunhas prantas medicinais teñen unha alta demanda por parte das industrias transformadoras, o que leva a sobreexplotación das poboacións naturais. A recuperación, mantemento e promoción da cultura e a economía relacionada co aproveitamento das prantas medicinais e aromáticas nun marco respetuoso co medio natural ten cabida, sin dubida algunha, nun territorio tan rico e diverso como a Serra do Galiñeiro.

Setas. O mercado das setas e fungos está en crecemento, a pesar da diminución da poboación rural, fundamentalmente pola maior accesibilidade da sociedade urbana ao medio natural, e tamén polo maior interese gastronómico nos produtos naturais. Abriuse así dende hai anos unha fonte de ingresos nada rexeitable para unha parte da poboación rural. Neste tipo de actividade, a xestión do recurso pasa a ser un aspecto fundamental para ligalo á propiedade e que a interacción sexa compatible.

A biomasa forestal primaria con fins enerxéticos. O aproveitamento da biomasa con fins enerxéticos é un dos usos forestais máis antigos feitos polo home que, na actualidade do contexto enerxético, volve a ter importancia tanto polas súas ventaxas medio ambientais como económicas derivadas dunha situación actual de escalada de prezos de combustibles fósiles. Ademais a valorización da biomasa forestal primaria fai máis eficiente a xestión forestal, xa que promove as operacións silvícolas que levan á produción de Madeira de calidade e ao mesmo tempo á diminución de risco de incendios. Promover un plan de aproveitamento dos residuos forestais, que incluso agora quedan sen valorizar no monte (restos de operacións silvícolas e aproveitamento dos matorrais), é un desafío a escala mundial. Para eso, é necesario mellorar a loxística, cunha visión integral do ciclo monte-industria que permita a xeración de fluxos económicos originados polo aproveitamento sostible da biomasa forestal, apoiando as iniciativas de produtores, silvicultores, xestores e preparadores de biomasa forestal encamiñadas á valorización e integración do sector e enlazalas cos programas de silvicultura preventiva contra os incendios forestais.

Frutos forestais. Son moitos os froitos que poden ser aproveitados nos terreos forestais ou agroforestais, tanto os que proceden de árbores (castañas, avelás, noces, landras, piñóns, etc.) como as diferentes baías ou pequenos froitos do bosque (arandos, moras, fresas, grosellas, frambuesas, escaramuxos,...) En moitas zonas do mundo o aproveitamento de algúns destes froitos, extensivo ou intensivo, ten unha gran tradición e importancia nas economías domésticas e rexionais.

Cortiza. Nos últimos anos existe unha importante demanda de corteza de pinos para utilización como substrato e adorno en xardinería.

COMUNIDADE DE MONTES E MAN COMÚN DE VINCIOS:

O monte veciñal de Vincios conta cun Plan de Ordenación, aprobado pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente natural en setembro de 1999 e actualmente está presentado para a súa aprobación pola Consellería do medio Rural o plan especial correspondente ao período 2010-2020. Nel establécense os usos de cada zona do monte así como as liñas de actuación da comunidade cos obxectivos xerais da *persistencia, conservación e mellora da capacidade produtiva do chan e alcanzar o máximo rendemento de utilidades á colectividade en produtos, postos de traballo, aspectos recreativos e paisaxísticos*.

Para a zona de monte veciñal incluída dentro da área de Desenvolvemento Eólico, Galiñeiro Alto, Galiñeiro Baixo, Auga da Laxe e as Estocas o plan de ordenación establece, baseándose nos seus valores naturais, culturais e sociais, un uso protector, compatible con outros aproveitamentos (forestal, gandeiro, cinexético e social) nalgúns casos con restricións e incompatible co uso industrial.

En consoancia cos obxectivos recollidos no plan de ordenación, destacamos actuacións e proxectos que se realizaron ou se están levando a cabo no monte veciñal:

- Plantacións nunha superficie de 96 hectáreas de monte veciñal, das que 59 has corresponden á zona do Galiñeiro. Destas, unha importante parte correspóndese a frondosa. Todas estas plantacións foron financiadas parcialmente a través de subvencións da Consellería de Medio Rural.
- Proxecto de I+D REFORGAL (*Reforestación sustentable con frondosas caducifolias en Galicia*). Esta investigación, realizada polo Laboratorio de Economía Aplicada da Universidade de Vigo, está encamiñada a observar a eficiencia na eliminación do eucalipto e no cambio de especie, para posteriormente examinar as producións das frondosas con alto valor económico. Se leva a cabo nunha parcela de 3,9 hectáreas das cales 3 están cedidas á empresa promotora do proxecto, Maderas Nobres de la Sierra del Segura, por un período de 30 anos.
- *Proxecto de Revalorización dos montes do Val Miñor mediante a micorrización de especies autóctonas e piñeiros*. Este proxecto están a desenvolve-lo seis comunidades da Mancomunidade de Montes do Val Miñor e está financiado en parte a través dunha subvención da AGDR da MAIV-Baixo Miño - programa Leader Galicia 2007-2013. O obxectivo xeral do proxecto é a recuperación paisaxística de diferentes zonas do monte mediante a mellora de chans degradados e incendiados.
- Certificación da madeira FSC. A través da mancomunidade se está a traballar na consecución do selo de calidade da madeira producida nos montes do Val Miñor. Na comunidade de Montes de Vincios estaría incluída unha ampla zona do Galiñeiro Baixo.

- Proxecto gandeiro: *proxecto de mantemento e recuperación de sistemas pastorís no monte veciñal de Vincios*. Con el preténdese, por unha banda, regularizar unha actividade que ven realizando de sempre no monte veciñal sen control, a través do establecemento de zonas pechadas para o gando e, por outro, exercer control sobre a vexetación como medida de prevención de incendios.

- Actualmente existe un acordo de cesión dos dereitos cinexéticos dos terreos correspondentes ao Monte Veciñal de Vincios a favor da Sociedade de Caza Santa Mariña de Vincios.

Doutra banda, aínda que son sobradamente coñecidos, non podemos esquencernos dos valores naturais, culturais e sociais que posúe o Monte Galiñeiro. Estes xa foron recoñecidos na declaración de “espazo sensible” que do mesmo realizou o Plan Forestal de Galicia como zona de alto valor paisaxístico e de esparcemento da poboación. Ademais, como se recolle no Documento de Referencia para a avaliación ambiental estratéxica do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Gondomar (xullo 2010),... *terá especial consideración o tratamento da variable natureza respecto da Serra do Galiñeiro, contorna de interese natural, polos seus constatados valores ambientais*

Nunha pequena superficie do Monte podemos atoparnos cun importante conxunto de xacementos arqueolóxicos, do que destacamos a fortaleza medieval *Gallas do Galiñeiro*, as mámoas dos *Bermús*, e os conxuntos de petróglifos da *Raíz*, *Valverde de Arriba*, *Os Bermús* e *Auga da Laxe*, neste último está un dos máis importantes de Galicia denominado “*Outeiro das Procesións*”.

Ademais, para os veciños de Vincios e de toda a comarca, o Monte Galiñeiro é un lugar de encontro e esparcemento. Proba delo é o elevado número de visitas que recibe ao longo de todo o ano para realizar actividades como sendeirismo, escalada, orientación, visitas culturais aos restos arqueolóxicos..., ou simplemente para dar un paseo a pe, en bicicleta ou dacabalo. Tamén se celebra todos os anos o Curro do Galiñeiro.

A alteración que produciría a instalación dun parque eólico no Monte Galiñeiro repercutiría moi negativamente en todos os proxectos e valores mencionados. pero non é a primeira vez que o monte veciñal se enfrenta a unha ameaza para a súa conservación tal e como o coñecemos agora. No ano 2001 produciuse unha situación similar coa solicitude por parte da empresa Blockdegal do permiso de investigación mineira denominado “Valverde”, a desenvolver nun sector do monte veciñal. Ao non chegar a acordo coa Comunidade de Montes, se iniciara a ocupación temporal dos terreos para realizar dita investigación. Nesa ocasión a Comunidade de montes presentara alegacións baseadas nos valores culturais existentes na zona outorgada para a investigación, na función produtiva do monte e no uso recreativo. Ademais contouse coa clasificación desa zona na PXOM vixente naquel momento no Concello de Gondomar como solo rústico de especial protección. Doutra banda, tamén se recibiu o respaldo de varias entidades e grupos políticos.

Finalmente a resolución foi favorable á Comunidade de Montes xa que con data 21 de outubro de 2002 a Consellería de Medio Ambiente declarou a non procedencia da declaración de prevalencia da utilidade pública do proxecto de investigación mineira sobre o monte veciñal e a Consellería de Industria desestimou o expediente de investigación na resolución do 12 de decembro de 2002.

Xunto coa Universidade de Vigo a Comunidade participa no proxecto da UE, desenvolvido dentro do 7FP (Seventh Framework Programme), titulado "Towards sustainable modes of urban and peri-urban food provisioning" (SUPURBFOOD). Acordo de subvención 312126 (duración do proxecto 36 meses, data de inicio out 2012)

Actividades asociadas ao proxecto de I+D Reforgal:

Os comuneiros do futuro: Programa de acción educativa sobre reforestación sustentable no monte de Vincios -> Levado a cabo pola Fundación Mátrix (G 36984367) da UVigo. Levouse a cabo con rapaces do CEIP Serra-Vincios. (Íase desenvolver en tres anos, pero ao final só se fixo o primeiro ano)

Durante o ano 2010 se recibiron visitas de dúas Asociacións de Propietarios de Montes Baldíos de Portugal, a visita a organizou Javier Montalvo, da Uvigo.

B.7.bis. MEDIO SOCIOECONÓMICO AFECTADO: ACTIVIDADES DEPORTIVAS E DE OCIO.

A Serra do Galiñeiro é un entorno natural observado, nun radio aproximado de só 15 kilómetros, en 6 concellos da provincia de Pontevedra: Gondomar, Porriño, Vigo, Baiona, Nigrán, Mos e Tui, por unha poboación aproximada de 480.000 habitantes, onde unha gran urbe como Vigo empadroa a máis do 85% da poboación.

Dende centos de puntos da cidade de Vigo, dende moitos puntos do concello de Gondomar, do de Baiona, do de Nigrán, do de Mos, do de Tui, e dende a parte sur da península do Morrazo, Cangas, Moaña, etc, divísase, obsérvase e apréciase a paixase da Serra do Galiñeiro, polo tanto a área de influencia visual abarca unha área moi superior á que cita o Estudo de impacto e Integración Paisaxística que no anexo IV cita que *únicamente o 14% da poboación (1734 habitantes) se encontran dentro da Área de Influencia Visual do Plano Cercano do Parque Eólico (1000 m contabilizados desde cada aerogenerador).*

A serra do Galiñeiro é unha area que domina en altitude ás áreas colindantes, motivo máis que suficiente para saber que os seus cúmios permanecen visibles, aínda en épocas de brétema, porque a brétema non se acumula nas zonas altas. Se a isto engadimos que a Serra está aberta aos dominios dos ventos do norte e do suroeste, ventos que impiden acúmulo de brétemas, non son precisos máis parámetros para demostrar que son erróneos os datos que figuran no *Estudo de impacto e Integración Paisaxística no seu apartado 3.4.2.*

As cidades precisan de entornos non cementados para que os seus habitantes paseen e fagan exercicio e se esparzan, eses entornos son parques á beira das urbes onde se invirte unha morea de cartos para acondionalos e adaptalos ao uso requerido polos individuos. Pois ben, aquí fálase da Serra do Galiñeiro como entorno natural de esparcemento, onde centos de miles de individuos poden desenvolver a súa actividade de ocio, sen máis inversión pola Administración pública e as Comunidades que a feita nos labores de mantemento xeral de calquera monte cos seus viais.

É así na natureza da Serra do Galiñeiro, tal como se foi desenvolvendo de maneira natural e sostible durante miles de anos, un recurso natural, onde a poboación dos concellos lindantes pode dar contido aos seus momentos de ocio practicando deporte na natureza, representando un importante lugar de recreo e o pulmón necesario para as urbes, sen ocasionar un gasto económico importante de acondicionamento para as administracións e representando un enorme aforro económico polos beneficios en saúde e benestar que estas actividades aportan aos practicantes.

É a Serra do Galiñeiro un verdadeiro pulmón medio urbanizado, usado como válvula de escape, de aproximadamente 480.000 habitantes que o converten en gran medida nun parque urbano. Representa un parque forestal de recreo familiar, individual e colectivo.

Como se recoñece no Estudio de Impacto Ambiental a cidade de Vigo ten unha densidade de poboación de 2725,59 hab/km², razón xusta e necesaria para precisar dunha área natural, o suficientemente cercana á cidade, para o seu esparcemento.

As formacións graníticas que configuran a típica imaxe da Serra do Galiñeiro constitúen unha paisaxe única e é xa un emblema paisaxístico para os poboadores do lugar e un reclamo para os que viaxan á esta zona. Pola súa proximidade a Vigo e polo feito de manter un estado de conservación moi aceptable pódesele recoñecer o estatus de pulmón verde da área metropolitana.

A SERRA DO GALIÑEIRO ENTORNO DE OCIO:

Actualmente, enténdese por ocio á "área específica da experiencia humana, que conta con beneficios propios, unha fonte importante para o desenvolvemento persoal, social e económico, un aspecto clave para a calidade de vida e un dereito humano capaz de mellorar tanto a vida persoal como [propiciar] a transformación social".

O concepto de ambiente, constrúese no sistema ecolóxico, dende o físico e natural, pero abrangue tamén todo aquilo que fai ao social e cultural, un conxunto de compoñentes diversos que interactúan en sistemas complexos que son abordados para a súa investigación como un todo integrado. Nesa complexidade, os estudos de ocio, como parte das ciencias humanas, non só buscan axudar ao home na súa adaptación ao medio, senón tamén

colaboran na creación de ámbitos que atendan ou se adecúen ás súas verdadeiras necesidades.

A implementación paulatina deste dereito ao ocio, xunto ao progresivo aumento do tempo libre xerado polo desenvolvemento de novas tecnoloxías, o incremento do desemprego, o atraso dos mozos na súa vinculación ao traballo, o aumento da esperanza de vida, lévanos a novas reflexións. Por un lado, unha nova civilización do ocio enxérgase, non só en función da maior dispoñibilidade de tempo libre, senón dende a visión de como planificar, organizar e dispoñer ese tempo.

O ocio relaciónase coa cualificación do tempo, é dicir importa a actitude acerca do que se fai, como se fai e para que se fai. Polo tanto, a nivel individual, o ocio defínese como a actitude recreativa no tempo en que unha persoa se encontra consigo mesma facendo aquilo que lle gusta, ao cal outorga un valor en si mesmo; o que fagamos podémolo converter en acto de recreación, no sentido lato de re-crear, sendo esta capacidade humana esencial ao ocio.

Como fenómeno colectivo e social permite un benestar maior ao ofrecer oportunidades a persoas e grupos, os cales seleccionan experiencias que se axustan ás súas necesidades, intereses e preferencias.

Cando as decisións responden a valores compartidos conséguense altos graos de realización no tempo dedicado ao ocio. É dicir, que permiten interactuar de forma positiva co ámbito, e en consecuencia, se logra un estado de benestar físico, mental e social.

Polo tanto, mellora a calidade de vida e a capacidade de relación apropiada co medio.

Por outro lado, estanse a orixinar modos de vida menos centrados no traballo, xa que as presións, a inseguridade laboral, o estrés e o fantasma do desemprego son importantes dificultades para encontrar neste ámbito un espazo para o desenvolvemento do potencial humano.

De alí que a pedagogía do ocio implica o recoñecemento do compromiso social na formación das xeracións vindeiras.

Non obstante, a súa importancia a nivel pedagógico está a comezar, recentemente, a ser recoñecida nos ámbitos relacionados directamente coa educación, de alí que se xerese unha necesidade de preparación de novos profesionais nesta área.

A educación do ocio, en tanto, parte da educación integral, constitúe un ámbito para o desenvolvemento humano, xa que proporciona as ferramentas necesarias para fomentar unha maior creatividade, sensibilidade, desfrute e liberdade de elección.

A actividade realizada ao aire libre é un dos recursos máis utilizado polos individuos e familias dunha sociedade no seu tempo de ocio.

O ocio foi e será un signo distintivo de culturas e civilizacións. Actualmente é unha referencia importante para a calidade de vida comunitaria, en tanto inclúa a poboación na súa máis ampla diversidade.

A concepción do ocio como factor de desenvolvemento humano é unha perspectiva posible e desexable para pensar, idear e planificar un cambio positivo na nosa experiencia en relación co medio. O desenvolvemento sostible, en consecuencia, implicaría unha apertura cara á resignificación e cualificación do ocio como achega fundamental á realización do proxecto humano.

Hai estudos estadísticos que analizan as horas que un individuo adica ao seu tempo libre e durante a anos de vida dunha persoa na actualidade significa aproximadamente un 30% da súa vida, son moitas horas e a forma de sistribuílo e ocupalo chega a ser un indicador de benestar e desenvolvemento social e de calidade de vida das persoas, tanto a nivel individual como colectivo, esto influe para que na actualidade unha das grandes preocupacións políticas sexa a búsqueda de medios para incrementar a oferta de infraestructuras e recursos públicos: equipamentos e instalación deportivas e culturais, oferta de actividades, profesionalización do sector,...etc

Para disfrutar do ocio e formarse dentro del é preciso que o tempo libre se conceptué como un tempo no que se compatibilcen configuración de aprendizajes, creación e diversión, participación e cultivo da propia personalidade.

As preferencias da poboación á hora de ocupar o tempo libre, de carácter individual ou colectivo, desarróllase en espazos públicos ao aire libre como parques urbanos, xardíns, sair ao campo, etc.

Non debemos olvidar que as función do ocio e tempo libre son descanso, diversión e desenvolvemento personal.

Na constitución española recolle no seu artigo 43.3: "... Los poderes públicos fomentarán la educación sanitaria, la educación física y el deporte. Asimismo facilitarán la adecuada utilización del ocio"

A SERRA DO GALIÑEIRO, ESPAZO DEPORTIVO AO AIRE LIBRE

Deporte no medio natural

Practicar deporte e actividades de calquera tipo na natureza favorecen o benestar psicolóxico, cunha mellora da atención e unha redución da irritabilidade e da agresividade; e o benestar físico, favorecendo, por exemplo, a pronta recuperación de pacientes que padeceron operacións quirúrgicas. Simplemente a visión de paisaxes naturais con plantas e auga mellora a saúde. Só con cinco minutos de contemplación da natureza podemos encontrar cambios psicolóxicos e emocionais, así como fisiolóxicos

O Conxunto dos concellos que linda coa Serra do Galiñeiro constitúe o marco asociativo máis importante da Comunidade Galega, con máis de 300 entidades deportivas integradas nunhas 25 federacións deportivas. En todas e cada unha destas federacións existe alomenos unha disciplina deportiva que ten como lugar de practica, adestramento ou competición a Serra do Galiñeiro como entorno natural ao aire libre. Ademais das asociacións deportivas, todo o tipo de asociacións

Numerosos cidadáns da provincia de Pontevedra participan na Serra do Galiñeiro desta realidade de **Ocio/deporte / Desenvolvemento / Protección do Ambiente**, como movemento asociativo (clubs, federacións,...) e familiar non asociativo. Como proba desta realidade están: xantares familiares e colectivos, paseos familiares e colectivos, sendeirismo, montañismo, escalada, bici de montaña, rutas a cabalo, etc.

Neste entorno existe un refuxio de montaña que é utilizado para a estancia e pernocta dos socios nas actividades planificadas durante o ano, esta estancia no entorno natural sufrirá un deterioro notable polos ruídos xenerados polas aspas dos aeroxeneradores ademais do enorme impacto visual e paisaxístico.

Senderismo no Galiñeiro

O sendeirismo, unha especialidade do montañismo, é unha actividade deportiva non competitiva que se realiza sobre camiños balizados, ou non, que busca achegar as persoas ao medio natural e ao coñecemento da zona a través do patrimonio e os elementos etnográficos e culturais tradicionais, utilizando preferentemente o sistema tradicional de vías de comunicación, tales como canellas reais, camiños veciñais e sendeiros.

Constitúe unha simbiose entre deporte, cultura e medio, o sendeirismo é unha actividade relaxante. Na maioría de ocasións, adoita desenvolverse durante un mesmo día.

Existen centos de practicantes cada día, aumentando na fin de semana, que de forma individual o colectivos a través de asociación percorren a Serra do Galiñeiro a través dos sendeiros, xa sexan balizados ou non balizados.

O sendeirismo representa a universalidade polos practicantes que o realizan que abarca a todas as idades, todas as formas físicas e todas as variables de tempo.

Sendeiros homologados no Galiñeiro:

PRG1. Entre as parroquias de Zamáns e Vincios e a 13 km de Vigo, O Galiñeiro, ergue a súa figura rochosa con 709 m como altura máxima da serra que leva o seu nome, dominando os vales circundantes e ofrecendo unhas vistas espléndidas. O sendeiro comeza no lugar da Pasaxe, onde existe un cartel anunciador. Durante o percorrido encontraremos bosques mixtos e zonas de descanso con fontes de auga fresca. nas paredes graníticas do Galiñeiro existe unha zona de escola de escalada con multitude de vías de diferente

dificultade para a práctica deste deporte. Na parte alta, xa cerca do cume, existen restos posiblemente pertencentes a un muro defensivo dun castro galaico-romano. Desde o cumio domínase un extenso panorama do sur da provincia de Pontevedra.

PRG2. Bonito e fácil percorrido que nos conduce, de norte a sur, polas ladeiras da Serra do Galiñeiro rematando no Monte Aloia ou de San Xián. Comezamos no refuxio de montaña do Club Montañeiros Celtas ata onde poderemos chegar polo PR-G 1 e, en dirección sur, cruzamos bosques de piñeiros e eucaliptos con fermosas vistas de Vigo e a súa ría, a zona de Val Miñor e as vilas de Baiona e Tui. En ruta atoparémonos con restos prehistóricos e típicas casas rurais. Unha vez no Monte Aloia, declarado Parque Natural en 1978, poderemos contemplar unha gran variedade de especies arbóreas, visitar o castro e gozar dunhas maravillosas vistas do río Miño e Portugal desde os seus miradoiros

Na Serra do Galiñeiro naceu o primeiro sendeiro homologado de Galicia.

Existen ademáis innumerables sendeiros balizados polas Comunidades de Montes, Asociacións de veciños, Asociacións culturais, que recorren lugares etnográficos, paisaxísticos, botánicos, históricos.

Montañismo

Polas características da Serra do Galiñeiro é o medio axeitado para iniciarse e perfeccionarse no montañismo a pesar da súa pouca altitude de 700 mt., é unha montaña na que se poden facer ascensións, sen dificultade técnica, dende a súa base ata o cumio, sendo o desnivel superado de certa importancia para o montañeiro que se inicia, así como tamén realizar diversos recorridos integrais da Serra iniciando desa maneira as condicións dunha ruta de travesía, empregando nesa actividade dous días en perfecta harmonía coa Serra e co medio natural.

Entorno inmillorable para introducir aos máis pequenos nas técnicas de montañismo.

Realízanse cursos de iniciación ao montañismo dende hai 40 anos para nenos dende os 8, para adultos e para maiores, a través das asociacións, clubs e federacións.

Todos os clubs de montaña da provincia de Pontevedra, e doutras provincias, inclúen no calendario anual actividades de montaña recorrendo a Serra do Galiñeiro.

Carreiras de Montaña e de orientación

Numerosas probas de carreiras e Trail de montaña celebradas na zona, probas computables para o circuito GTM, con participación de equipos de toda Galicia.

As asociación, clubs ou centros de ensino e a Universidade de Vigo organizan e realizan carreiras de orientación para familias, individuos, e nenos. Os centros de ensino utilizan a **Serra do Galiñeiro** como aula xeográfica e de orientación.

As carreiras de montaña están no calendario oficial de probas da Federación Galega de Montañismo, e no ano 2011 e 2012, disputouse unha proba cada ano de 21 km. Nestas probas participaron 330 sendeiristas e corredores no ano 2011 e na proba do 2012 participaron 231 corredores.

As sensacións nas carreiras de montaña. Non se trata de escapar de ninguén, nin de chegar antes, só correr por correr, polo pracer de correr, que é moito. Correr por deporte é unha actividade viva que cobra cada vez máis impulso na sociedade, e facelo na montaña inda máis, porque se desenvolve nun entorno natural marabilloso, un “terreo de xogo” envexable.

Correr e facelo o mellor posíbel é una motivación máis, unha boa escusa para vivir á montaña dunha forma diferente, lixeiro, veloz, co corazón axitado e o aire cazado con ansia e as veces desesperación.

Pero desprazarse rápido e lixeiro ten as súas vantaxes e esta nova maneira de entender a montaña, conta cada vez con máis adeptos entre os montañeiros. A montaña e a velocidade van, cada vez máis, da man. Certo é que correndo todo pasa máis rápido, descubrimos a paisaxe nun suspiro, pero por iso mesmo, quedamos coa esencia do percibido polos nosos sentidos,

Carreiras de montaña una actividade deportiva con moito futuro. Participar en calquera competición supón un reto, á marxe de distancias e desniveis. Superalo no menor tempo posíbel vai ser, por si só, o máis esixente para cada un. Neste caso a meta non é un cumio, o noso cumio está na meta e queremos chegar axiña.

As carreiras por montaña é unha modalidade deportiva que ofrece a un corredor modesto a posibilidade de competir, en igualdade de condicións, cos mellores do mundo nunha carreira de máximo nivel, e isto é un honor que non se ten noutro deporte.

Cóbado con cóbado, esperando que dean a saída dunha dura proba de decenas de quilómetros de sendas, corredoiras, camiños con historia, esforzadas costas, vertixinosos descensos, rochas, pedras, pólas e raíces, inclemencias meteorolóxicas e tamén, moitas gañas e ilusión...

Os deportistas que compiten nestas carreiras non só teñen que ser rápidos, senón demostrar unha enorme capacidade de resistencia.

A máis distancia e máis desnivel, máis esixente vai ser a carreira, e os ritmos téñense que adaptar. A dureza da proba pona o ritmo de carreira, o estado físico e a esixencia que se marque un mesmo.

Quedan por engadir as condicións meteorolóxicas do día da competición: o frío ou as altas temperaturas, a choiva, o vento, a neve, a néboa, a presenza de lama... ten unha innata curiosidade polo potencial do corpo. Unha boa maneira de explorar os nosos límites físicos é participar en carreiras, para ter un obxectivo, unha motivación extra. Participar en calquera competición supón un reto, á marxe de distancias e desniveis.

Trail Running significa, literalmente, "Correr por Caminos", existen diferenzas claras diferenzas entre correr por asfalto e a montaña.

O terreo a falta de homoxeneidade en montaña fai que os apoios sexan completamente variables, o terreo case nunca é plano

O medio no monte estamos a mercé dos cambios climatolóxicos que adoitan ser moi rápidos, ou a mercé de cambios de temperatura simplemente.

Decir que xa hai algúns moi bos corredores de montaña Galegos cos que se pretenden, que forma una Selección que participan nas competición, representando a Galicia, e moitos deles entrenan e compiten na Serra do Galiñeiro.

A Orientación tamen e un deporte, que se practica no Galiñeiro. A orientación é un deporte cuxa finalidade é a de encontrar uns puntos determinados no terreo con axuda dun mapa e un compás. O habitual son as carreiras a pé campo a través aínda que existen outras modalidades de orientación. É unha carreira individual cronometrada onde os participantes usan un mapa especial e un compás para navegar polos diferentes terreos, e percorrer na orde axeitada diferentes puntos de control que se encontran marcados no mapa. Os diferentes puntos de control son secretos e os corredores non os coñecen antes de comezar a carreira, cando saen teñen un mapa detallado do terreo cos diferentes controis marcados nel. Os competidores saen en intervalos de tempo. Cada corredor toma a súa propia ruta para transitar entre os controis utilizando diferentes métodos de navegación.

Celebranse numerosas probas de competición na Serra do Galiñeiro. Dende o ano 2003, data na que a Universidade de Vigo elaborou un mapa específico desta zona, dunha superficie de 6,7 km², para a celebración de probas de orientación, celebráronse 12 campionatos da universidade de Vigo, 1 campionato de universitario de España, 1 proba da liga nacional española. Ademáis de adestramentos e traballos topográficos nestes anos.

Bicicleta de montaña

Moitas son as rutas de bicicletas, balizadas ou non balizadas, que realiza actividades de bici para todos os públicos, onde de podes encontrar rutas familiares, percorridos tranquilos para pasear en bicicleta ou sendeiros

abruptos perfectos para practicar mountain bike pola Serra do Galiñeiros, gozando da Natureza no seu estado vivo e natural.

Na serra organízanse dende fai 15 anos aprox. dúas marchas. Unha dende Tui por un clube da zona e outra dende Porriño. As dúas pasan por diferentes puntos da serra. A media de participantes é de 350 persoas.

BTT (Bicicleta Todo Terreo en Competición ou recreativa). Ás modalidadesdeas mais practicadas son as do ciclismo de montaña ou btt (bicicleta todo terreo) existen moitas modalidades,algunas modalidades son competitivas e outras non tanto, como exemplo no **Galiñeiro** practícase o descenso ou downhill e o cross country ou campo a través,normalmente deportistas afeccionado xa con gran nivel deportivo que poder realizalo necesítanse unha gran forma física debido á elevada quilometraxe recorrido combinada cun gran desnivel acumulado. Existen varias categorías de competición e recreativas no BTT en e son, todas elas poden practicarse no **Galiñeiro**:

Campo a través (Cross Country). Modalidade usual do ciclismo de montaña. As bicicletas adoitan levar suspensión dianteira, soamente aínda que tamén se empezan a utilizar suspensións traseiras. Esta proba consiste en dar un número determinado de voltas a un circuíto, cuxa lonxitude adoita estar comprendida entre os 8 e os 11 quilómetros.

Marathon Bike. Modalidade que consiste nunha travesía de entre 65 e 100 km, pois as súas competicións adoitan estar abertas tanto a profesionais coma a simples afeccionados.

Toda Montaña (All Mountain). Esta modalidade (Non competitiva) con bicicletas están pensadas en percorridos recreativos longos.

Saltos (Dirt Jump). Esta modalidade (competitiva e recreativa) caracterízase por bicicletas pequenas, liviás e moi resistentes, construídas para parques de salto, onde o condutor debe ser moi experimentado e áxil.**Conducción libre (Freeride).** Esta modalidade (recreativa) caracterízase por bicicletas con menos énfase no peso e maior no percorrido das suspensións.

Descenso (Downhill). Modalidade na cal se compite no monte, a poder ser todo baixada.

Ascenso (Up hill). Modalidade na cal se compite contra reloxo e distancia. O trazado só é de suba

Bicicleta en familia: Transferindo a cultura da bicicleta. É unha actividade habitual de pais e nais e fillos, no Monte **Galiñeiro** na que fomentan a cultura da bicicleta entre os mais pequenos, esta actividade pode converterse nun autentico propulsor da vida.

É un acto de equilibrio unha forma de transporte, un xoguete unha forma de facer exercicio físico. Andar en bicicleta polas rutas do Monte Galiñeiro é unha actividade excelente, especialmente, para os meses de primavera e de verán

cando as temperaturas agradables invitan a gozar do aire puro e dos ámbitos naturais, pode ser unha forma de unir a familia grazas ao feito de compartir tempo en común. Andar en bicicleta favorece a flexibilidade e a axilidade a nivel corporal. Por outra parte, o exercicio físico tamén achega calidade de vida e benestar.

Cada vez son máis os estudos que indican que o deporte e o exercicio físico alonxa a vida. Pero a nivel emocional, andar en bici produce ilusión, alegría e motivación.

Andar en bicicleta tamén é un medio excelente para transmitir valores ecolóxicos. Por exemplo, ensínase ao neno a protexer o medio grazas a un medio de transporte que non contamina nada o ámbito. Todo nun ámbito natural do Galiñeiro permite gozar da sensación de liberdade e invítalo á relaxación.

Cando pedaleamos realizamos unha actividade física aeróbica que fortalece o noso corazón. Ademais, o movemento circular das nosas pernas revitaliza o noso sistema circulatorio.

Trátase de beneficios abondo importantes para o noso corpo,

A importancia do entorno para a practica do ciclismo na montaña. Escouitar os sonidos da Montaña, poñer atención ao movemento das follas das árbores ou considerar a intensa cor verde do céspede mentres pedaleamos, respiramos ou estiramos os músculos, ten moitos beneficios un exemplo e un antiestrés. O Galiñeiro é a periferia da cidade de Vigo e tamén de toda a súa area metropolitana este parque natural nos fai falta ,.

Temos que coidar as rutas de bicicleta xa que son moi fráxiles, pouco estables, vese afectadas moi a miúdo por novos desenvolvementos urbanos e de infraestruturas lineais, estradas e a súa ampliación, canteiras , un exemplo claro e o proxecto de parque eólicos na Serra con todas estas obras e destrución do medio dánase a flora e fauna, os depósitos arqueolóxicos, que desaparecerán co chamado "progreso".

Un dos impactos asociados ás enerxías renovables, son os vinculados á enerxía eólica o impacto paisaxístico.

Escalada

Se nos remontamos no tempo poderemos ver que dende fai 60 anos se utiliza esta Serra como lugar ideal para a práctica deste deporte, o 7 de setembro de 1952 Antonio e Constancio Veiga, xunto con Martín e Francisco Méndez abren a primeira ruta que denominan “Risco del Centinela” utilizando as mais avanzadas técnicas do momento con escalada en libre e artificial..

Dende entón os escaladores de toda Galicia e sobre todo os da comarca, atraídos pola exclusividade da súa roca (Orto gneis moi diaclasado) que o fan ideal para a práctica de este deporte, percorren moitos dos riscos da serra plasmando en eles infinidade de rutas de tódalas dificultades e estilos. Estas rutas, co tempo, vanse equipando con instalacións fixas por parte da Federación Galega de Montañismo e pasan a ser un dos centros mais importantes tanto da práctica de este deporte como da súa ensinanza, xa que e aquí onde se levan a cabo a maioría dos cursos de escalada que imparte a Escola Galega de Alta Montaña ó igual que varias das empresas de turismo activo de Galicia.

Con respecto a Escalada Deportiva, a Serra do Galiñeiro ofrece a mais importante Zona de Escalada Deportiva de Galicia, tal e como se pode comprobar na publicación “Galicia Vertical” (Miguel Seoane , Javier Carreras) con mais de 200 rutas de escalada nas súas paredes.

Por outra banda tamén se está a desenrolar una importante zona de Escalada en Bloque ou Boulder que e un tipo de escalada realizada en pequenos bloques de pedra, de entre 2 e 6 metros de altura e coa única protección que una colchoneta para amortecer as posibles caídas do escalador. Este tipo de escalada se desenrola a través de tódalas zonas cumieiras e as ladeiras altas da serra, xa que e a zona con máis acumulación de bloques coas características sinaladas. (Ver <http://ovosdegneis.wordpress.com>)

Con respecto as zonas de Escalada deportiva podemos situalas da seguinte forma:

Sector de Escada: Distancia ó Aero(*) Aero de influencia: Nivel Sonoro(**)

S. de Moda 125 m. AERO 12 50 dB

S. La Miñooca 150 m. AERO 12 48 dB

Espolón do Vento 150 m. AERO 12 48 dB

S. Espiñeiro 125 m. AERO 12 50 dB

S. do Centinela 140 m. AERO 12 48,8 dB

S. Verticales y Callejón 175 m. AERO 12 47 dB

S. Bismarck 200 m. AERO 12 45,6 dB

S. Hiedra e Binaca 250 m. AERO 12 43,6 dB

S. Cornus do Demo 200 m./350 m. AERO 12 / AERO 11 45,6 dB /38 dB

S. Collado Vivac 150 m./350 m. AERO 12 / AERO 11 48 db /38 dB

S. Mangani 275 m. AERO 11 41 dB

S. Igrexa do Becho 200 m. AERO 11 45,6 dB

S. Newton 150 m. AERO 11 48 dB

M. Montañosa 125 m. AERO 11 50 dB

S. Loma da Zorra 120 m./250 m. AERO 05 / AERO 10 50,1 dB/43,6 dB

S. Bordillo Amarillo 225 m./300 m. AERO 06 / AERO 07 44,7 dB/39 dB

(*)-Segundo o plano aportado no Proxecto (**) – Segundo as táboas da Memoria Páx. 321 e 322 en condicións ideais.

No caso das zonas de Escalada en Bloque a situación agrávese xa que estas encóntranse os pes dos propios Aeroxeradores, concretamente nas bases dos AEROS 12, 11, 10 e 06 producíndose na súa construción e na das viais de acceso correspondentes a destrución de varios dos bloques que levan anos utilizándose para a práctica deportiva e con posibilidades de organizar algunha competición como a organizada no ano 2011 por parte do Club de Montaña e Escalada Azimut e da Federación Galega de Montañismo .

As zonas afectadas son as seguintes:

Aba Noroeste 0 m. AERO 12 Destrucción de Bloques 60/100 dB

Zona Vías 140 m. AERO 12 48,8 dB

Mangani 250 m. AERO 11 43,6 dB

Collado da Becha 0 m. AERO 11 Destrucción de Bloques 60/100 dB

Botella 0 m. AERO 10 Destrucción de Bloques 60/100 dB

Cinzas Norte 100 m. AERO 11 52 dB

Cinzas Sur 200 m. AERO 10 45,6 dB

Loma da Zorra 0 m. AERO 06 Destrucción de Bloques 60/100 dB

A o marxe do moi preocupante impacto visual que se deduce da proximidade dos aeroxeradores coas zonas de escalada tamén nos preocupa moito o impacto acústico, que como se pode apreciar nos listados anteriores, tanto no de Escalada Deportiva como no de Escalada en Bloque, acádanse niveis de ruído excesivos para o bo desenrolo dunha actividade ó aire libre, onde os participantes buscan na natureza a tranquilidade e o silencio propios dela, sen deixar de destacar a perigosidade con risco de morte que este ruído pode xerar ante a mala audición entre os membros de unha cordada de escalada, o primeiro de corda e o seu asegurador, que se atopa necesariamente a varios metros de distancia. Por outra banda, dito deporte, esta engrosada dentro dun

tipo de actividades de lecer moi promovidos e recomendados pola Xunta de Galicia.

Tamén debemos de ter en conta a faceta Formativa e de adestramento para os deportistas de elite como os recoñecidos Sechu López, Chus Lago, irmáns Novas, José Juan Domínguez e un largo etc. de deportistas que acadaron altos niveis en escalada en macizos de todo o mundo e en cumios de envergadura, tendo esta serra como zona de adestramento e de aprendizaxe e formación nos seus comezos.

A Escola Galega de Alta montaña pertencente a Federación Galega de Montañismo tamén ten nesta serra una das súas mellores aliadas a hora de realizar as labores formativas para máis de 2000 federados, e de organizar as diversas actividades de escalada, tanto dela como dos clubs que a compoñen.

Equitación

Nas estribacións da Serra do Galiñeiro hai varios picadeiros, onde miles de rapaces e de adultos se inician na equitación, percorrendo rutas variables en lonxitude e dificultade, guiados por monitores dunha longa experiencia como adestradores e como domadores, e posúen unha vintena de cabalos, en cada picadeiro para dar servizo a toda a demanda da poboación.

Montar a cabalo é unha actividade perfecta para gozar do tempo libre e, para o que nunca o probase, unha experiencia única. Hoxe en día, ademais, converterse en xinete está case ao alcance de calquera que o desexe, xa que non é preciso ter un cabalo propio.

Na zona de Vigo, existe unha grande oferta de escolas de equitación que organizan rutas e leccións de hípica tanto para iniciarse no mundo ecuestre coma para persoas que xa montaron e queren repetir ou afondar en calquera das disciplinas que engloba o mundo da hípica.

Cabalgar pode ser, tanto para nenos coma para adultos, unha actividade perfecta para gozar un día de lecer pero, para iniciarse, é preciso facelo nalgún dos numerosos clubs de equitación que ofrecen diversas actividades con estes animais. Estes clubs de hípica ofrecen itinerarios a cabalo por diferentes lugares, na Serra do Galiñeiro, ademais de clases de hípica para aprender a montar. Os itinerarios están entre unha hora de duración e un día enteiro.

B.8. ESTUDO ACÚSTICO:

No informe sobre cualificación e trámite de avaliación de impacto ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 10 de xaneiro de 2012, respecto ao estudo acústico se di: *“O estudo acústico deberá estar baseado en método científico de común aceptación ou ferramenta informática de uso habitual nos parques eólicos. Deberá ter en conta o nivel sonoro específico do modelo de aeroxerador a instalar. Todas as medicións, tanto as **da campaña preoperacional** como as do programa de seguimento deberán ser efectuadas por entidade homologada. Nos núcleos de poboación que se*

seleccionen para o seguimento, os puntos de control situaranse sempre nas vivendas ou edificacións máis próximas aos aeroxeradores”.

No que respecta ás medicións da campaña preoperacional, non se fixeron e non se plasmaron en ningún mapa de ruídos previo. O mapa de ruídos post-operacional non é válido xa que non se superpón a un mapa de ruídos preoperacional.

Incumpre polo tanto o indicado no Informe da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

Tampouco se contempla a modelización da fase de construción do parque eólico.

Non contemplan os efectos, sobre as persoas, de monotonía e repetitividadde polo ruído xerado polos aeroxeradores.

Tamén está demostrado que o ruído correspondente a frecuencias inferiores ao rango audible producido pola circulación do aire sobre obstáculos como a torre e as pás pode afectar á saúde.

Non se tivo en conta a presenza dun centro de traballo case pegado ao aeroxerador 06, nesta zona tópase unha caseta de vixilancia de incendios, onde durante un amplo período anual se realizan quendas continuas de 8 horas de traballo.

Existen numerosos erros na documentación presentada, por exemplo a edificación nº3 é un refuxio de montaña de Montañeiros Celtas, esta edificación atópase mal situada, está moi preto dos aeroxeradores 11 e 12 (non só do 11, está máis preto do 12) e está segundo os mapas achegados no estudo, nos que se aprecia a edificación, a uns 400 metros do aero 12, e a uns 550 m do aero 11. Tamén é certo que de instalarse o parque eólico o refuxio deixaría de utilizarse, xa que cesarían as actividades de montaña.

Non consta na documentación que a empresa que realiza o estudo sexa unha empresa homologada.

No mapa de isófonas é un tanto curioso que os datos relativos ao ruído xerado polos aeroxeradores, que se recollen na parte escrita, non se correspondan cos reflectidos no mapa, os 106 dBA se transforman en 50-55 dBA, se non é un erro deberíase explicar nalgún apartado como os 106 dBA, a 10,0 m se transforman en 50-55 a 4,0 m do solo. Aparentemente non ten ningunha repercusión que estean 2 ou 3 aeroxeradores xuntos ou que estean illados, o són non se superpón en ningún caso. Non parece ter en conta o modelo o efecto do ventos dominantes.

Debería terse en conta o expresado no artigo 14 apartado 4 do RD 1367/2007 de 19 de outubro, Regulamento da Lei do Ruído, en aras de preservar a mellor calidade acústica que sexa compatible co desenvolvemento sostible.

Noutro orde de cousas, temos que sinalar que o ruído non só é molesto para os habitantes dos núcleos de poboación, que por suposto que o é, se non que afectaría as persoas que frecuentan a serra, en busca de tranquilidade. Produciríanse efectos que impedirían a práticca de certos deportes, por exemplo da escalada deportiva. O ruído afecta negativamente tamén ás actividades de ocio e de lecer.

Tamén os efectos do ruído son importantes na fauna silvestre e na gandería existente na serra (como o Cabalo do Monte, especie protexida). A lei 37/2003 de 17 de do ruído e o RD1367/2007, están redactados desde unha óptica dos asentamentos e actividades das persoas pero iso non quere dicir que o ruído non sexa un elemento perturbador para a natureza en xeral, de feito unha referencia hai no Regulamento que define unha das áreas acústicas: “g) *Espacios naturales que requieran una especial protección contra la contaminación acústica*”. Na parte referente aos obxectivos de calidade se dí que nestas áreas “*se establecerán para cada caso en particular, atendiendo a aquellas necesidades específicas de los mismos que justifiquen su calificación*”.

Non se teñen establecidas para a serra obxectivos especiais, pero cando menos deberíase ter en conta que o efecto da contaminación acústica nunha zona como o Galiñeiro ten unha gran importancia, e non pode reducirse a calcular se se cumpren os obxectivos de calidade acústica nas edificacións existentes na contorna do Parque Eólico.

B.9. ETNOGRAFÍA.

Os montes da serra do Galiñeiro posúen varias singularidades que os fan merecentes de ser protexidos e considerados como unha unidade de interese cultural e natural de primeira orde. A súa configuración física, altitude perto do mar, configuración xeolóxica, visibilidade, variedade de flora e fauna de interese singular, multiplicidade de puntos de interese arqueolóxico de moi diversas épocas, patrimonio etnográfico, patrimonio inmaterial, patrimonio material de uso común por parte dos veciños e Comunidades de Montes inenterrupidamente ao longo de séculos e, sobor de todo, unha grande valoración por parte da poboación da súa contorna, polo conxunto dos valores mencionados que os fan ser considerados como un patrimonio especial de aproveitamento común de unha grande área poboacional.

A área chamada Metropolitana de Vigo e máis outras máis arredadas pero para as que tamén é un fito visible e referencial na paisaxe, como por exemplo varios concellos da Paradanta, do Baixo Miño e do Morrazo, así como a comunidade mariñeira das rías Baixas que ten no perfil da serra do Galiñeiro un fito de localización referencial xeográfica dende o mar e ten producido un patrimonio inmaterial moi importante na talaxonimia, as lendas, contos e na propia lingua, con un grande número de palabras e vocabulario referentes a paisaxe que se observa do Galiñeiro dende os distintos ángulos e puntos segundo un se mova no mar. Temos pois, un conxunto de valores que deben ser considerados globalmente, pois dadas as relacións existentes entre uns e outros, a afección as partes modifica o conxunto. Asemade, a serra do Galiñeiro está na prolongación natural do Parque Natural do Monte Aloia e hai un clamor popular para que sexa integrada na extensión do dito parque, dados os valores antes mencionados e por ser considerada polos veciños de Vigo, O Val Miñor e A Louriña como a zona natural a conservar polo seu múltiple aproveitamento social, considerada como o parque natural do sur da provincia de Pontevedra, sendo lugar de diversas prácticas deportivas de montaña e de lecer.

Convertir esta serra nun parque eólico, supón variar a súa fisonomía natural, modificando a visión global da paisaxe e incidindo negativamente en todos e

cada un dos valores mencionados, supondo nalgúns casos a tendencia a desaparición, polo impacto producido polas infraestruturas de pistas, aeroxeradores, ruídos e modificación do estatus do monte ao facer transitadas por vehículos as zonas máis arredadas e singulares, como poden ser os cumes nos que van os aeroxeradores.

O Patrimonio Etnográfico. Lendas e ritos. Patrimonio Inmaterial

Este é un ben moitas veces difícil de protexer, sobor de todo cando non é un ben material ou este forma parte da propia natureza como é o caso das covas e abrigos que hai no Galiñeiro que, sendo parte do patrimonio xeolóxico e paisaxístico, tamén o son do etnográfico por estar ligadas a usos e costumes ancestrais que ao longo dos anos se foran sucedendo ata chegar ata os nosos tempos.

As lendas, coplas e ritos que se dan nas covas da Becha, A Touba do Brión, A Casa do Demo, Onde fumega a vella, etc. están necesariamente ligadas a paisaxe e o entorno, así como aos usos que se fan e fixeron do monte. A construción do Parque Eólico suporía a destrución da contorna da Cova da Becha e a modificación da paisaxe dun xeito agresivo e irreversible, co que levaría á desaparición dun patrimonio de centos de anos e que se debería conservar e protexer. Polo que vemos como incompatible a existencia de este parque eólico e a conservación do patrimonio etnográfico e natural das covas, tan intimamente ligados que a intervención na paisaxe e o medio estragarían a globalidade que lle da valor ao conxunto.

Os cabalos do monte e os curros.

Son estes dosu valores moi importantes da serra do Galiñeiro e que están en perigo de extinción pola presión que se está a facer no medio no que habitan, os cambios dos usos do solo (como o da construción do parque eólico) e unha desprotección absoluta nas leis. Sendo un patrimonio moi singular de Galicia, xa que non hai cabalos salvaxes en toda Europa, agás no norte de Portugal, sendo os cabalos salvaxes galegos os descendentes dunha raza que se deu en chamar Pura.

B.10. PLAN DE RESTAURACIÓN.

O “*Plan de Restauración y Desmantelamiento*” aparece incluído como Anexo VI no EIA do Parque eólico Serra do Galiñeiro. Un plan de restauración debería procurar a corrección dos impactos ambientais que previsiblemente poida ocasionar un proxecto; o que non pode facer é representar unha ameaza máis para o lugar afectado, como é o caso.

B.10.1. O Plan de Restauración e a “implantación de hábitats prioritarios”

1.1. O Plan de Restauración inclúe un cadro –na súa páxina 15- onde se describen as afeccións que ocasionaría o proxecto sobre o hábitat prioritario *4020. A superficie de breixeira húmida que desaparecería de maneira directa

pola instalación dos xeradores aero 07 e aero 08, e pola apertura da pista de acceso ao aero 06, sumaría un total de 2.641m², segundo este documento.

B.10.1.2. Dentro do apartado: “*Condicionantes técnicos y ambientales de la reposición de la cubierta vegetal*” inclúese un punto denominado “*reposición de hábitats prioritarios*”

B.10.1.3. Proponse, como medida “correctora”, a “implantación” dunha breixeira húmida nunha zona indeterminada da serra:

“*Se propone como medida correctora la implantación de dicho hábitat prioritario en el doble de su superficie afectada*” (páx. 15 do Plan de Restauración).

B.10.1.4. Evidentemente, a medida que están plantexando é de tipo compensatoria, en nengún caso pode ser considerada como correctora.

B.10.1.5. As breixeiras húmidas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix* presentes na serra do Galiñeiro son hábitats dunha certa complexidade estrutural e diversidade específica, que non se poden reducir ás catro especies consideradas. Os redactores do Plan de Restauración descoñecen ademais a composición florística deste hábitat, como queda de manifesto na relación de especies aportada:

Calluna vulgaris, Erica ciliaris, Erica cinerea e Ulex europaeus.

As leguminosas máis características das breixeiras húmidas da serra do Galiñeiro son: *Genista berberidea* (nas zonas máis enchoupadas, en asociación con *Erica tetralix*), e *Ulex minor* (en asociación con *Erica ciliaris*), pero non *Ulex europaeus*, que é característico doutro hábitat distinto (breixeiras secas europeas). A ericácea *Erica cinerea*, pola súa parte, é a segunda especie diagnóstica da asociación: *Ulici europaei-Ericetum cinereae*. Os redactores do Plan de restauración mesturaron as especies de dúas comunidades vexetais distintas.

B.10.1.6. Os redactores do Plan de Restauración manifestan o seu descoñecemento sobre as condicións de cultivo en viveiro destas especies:

“*No existe un conocimiento técnico muy profundo sobre el cultivo en vivero de especies de brezo no comerciales*” (páx. 18 do Plan de Restauración).

Daquela, optan por experimentar con “*dos posibles técnicas*”: a produción de planta en viveiro procedente de semente e o estaquillado. O documento adoece dunha grande falla de concreción, que non resulta admisible tratándose da xestión dun hábitat de tipo prioritario.

B.10.1.7. O Plan de Restauración non inclúe a localización da zona seleccionada para a implantación. Ignoran, ademais, que de encontraren un terreo cunhas características “*litolóxicas, edáficas, latitudinales y fisiográficas*” realmente análogas ás que ocupan actualmente estas breixeiras húmidas, en boa lóxica eses condicionantes ambientais determinarán que neses terreos exista...outra breixeira húmida.

B.10.1.8. O mesmo concepto de “*implantar un hábitat prioritario*”, como se se tratara dun céspede de *raigrás inglés*, é completamente absurdo desde o punto de vista ecolóxico.

B.10.1.9. Non se xustifica por que motivo non foi posible suprimir ou desprazar os aeroxeradores 07 e 08 con respecto a estas breixeiras húmidas. Como sinala o *Decreto 442/1990, de Avaliación de impacto ambiental*, o obxecto das medidas protectoras e correctoras é:

“Atenuar o suprimir los efectos ambientales negativos de la actividad, tanto en lo referente a su *diseño y ubicación*, como en cuanto a los procedimientos de anticontaminación, depuración y dispositivos genéricos de protección del medio ambiente” (artigo d-1).

B.10.1.10. Só en defecto das anteriores, poderíanse plantexar medidas de tipo compensatorio:

“En defecto de las anteriores medidas, aquellas otras dirigidas a compensar dichos efectos, a ser posible con acciones de restauración, o de la misma naturaleza y efecto contrario al de la acción emprendida” (artigo d-2).

B.10.1.11. A profesionalidade que caracteriza o estudo florístico contido no propio EIA contrasta coas solucións absurdas que plantexa o *Plan de Restauración y Desmantelamiento*. Constatamos ademais que os redactores do Plan de Restauración ignoraron o contido do “*Inventario y cartografía de la vegetación*” do EIA, pois existe un evidente desfase na selección de especies para os labores de revexetación e na caracterización vexetal da breixeira húmida, entre as especies que aparecen inventariadas no estudo florístico e aquelas que foron seleccionadas no Plan de Restauración.

B.10.1.12. As breixeiras húmidas atlánticas de zonas temperadas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix* (código *4020), constitúen un hábitat de interese comunitario incluído no *Anexo I* da *Directiva 92/43/CE*, onde aparecen clasificadas como “*hábitat prioritario*”

Como hábitat prioritario que son, teñen a consideración de “*hábitat natural ameazado*”, e a súa conservación “*supón unha especial responsabilidade para a Comunidade Europea*”.

B.10.2. Introducción de bioinvasoras e de especies extrañas aos hábitats da serra.

As actuacións previstas no Plan de Restauración suporían a introdución de especies que non son propias dos hábitats da serra, a través de varias vías.

B.10.2.1. Os traballos de restauración da cuberta vexetal incluírían a extensión dunha capa de terra vexetal de 15 a 20cm de profundidade. Dado que na que zona afectada polo proxecto predominan os afloramentos de rocha e os solos de tipo esquelético e de escasa profundidade (leptosoles e regosoles) sería necesario o aporte de terra vexetal de procedencia foránea. De maneira xeral, estas terras adoitan conter un grande número de propágulos de especies exóticas e invasoras, tales como sementes, fragmentos de rizoma, tubérculos, etc.

B.10.2.2. As intervencións no conxunto da área do proxecto, que comprenderían a realización de terrapléns e desmontes, a nivelación das plataformas de montaxe dos aeroxeradores, etc., deixarían ao descuberto varias hectáreas de substratos alterados. Estas superficies desprovistas de comunidades vexetais consolidadas e cuns solos coas propiedades edafolóxicas modificadas son altamente susceptibles á ocupación por especies bioinvasoras, libres do control que noutras circunstancias exercerían as especies autóctonas.

B.10.2.3. Na páxina 30 figura un cadro coa relación de especies que se empregarían na implantación de pradeiras, nas áreas a revexetar. Das 9 especies que inclúe, só unha está presente na área do proxecto –*Agrostis capillaris*- (en todo caso, trataríse dun xenotipo extraño para a zona). O resto de especies son propias de pradeiras mesofíticas, hábitat que non existe nas cotas altas da serra. Non terían máis que consultar o documento *Inventario y cartografía de la vegetación*”, no memo EIA, para comprobalo. Como dato pintoresco, inclúen unha especie umbrófila que habita no estrato herbáceo das carballeiras e bosques de frondosas do Noroeste ibérico: *Omphalodes nitida*.

B.10.2.4. Aínda que declaran que as especies a utilizar serán “*preferentemente autóctonas*”, finalmente semellaron pesar máis outro tipo de consideracións. Así, sosteñen que a selección é importante:

“por el aspecto visual que se pueda conseguir, en cuanto a color y textura (sic)”

O propio proxecto contempla o emprego de sementes comerciais de rápido crecemento mesturadas coas autóctonas.

B.10.2.5. De maneira análoga ao previsto no caso das pradeiras, as hidrosementeiras -páx. 33, contemplan unha mestura de 7 especies. Destas especies, só unha sería propia do hábitat onde se pretende realizar a actuación (*Agrostis curtisii*). As outras 6 son especies pratenses xenéricas, que non están presentes nas cotas altas do Galiñeiro.

B.10.2.6. Prevese a realización de plantacións (páx. 35 do Plan de Restauración) utilizando “*especies arbóreas y arbustivas propias del territorio*”. Resulta absurda a plantación de árbores en litosoles e regosoles, que son os solos máis abondosos na área do proxecto (ver Estudo Florístico). Estes solos non presentan a profundidade mínima para a implantación de árbores autóctonas, por iso mesmo están ocupados polas comunidades vexetais que se describen no Inventario florístico”.

Ademais, a maioría desas especies non se corresponden coas series de sucesión propias do ecosistema da carballeira termófila (bosque climácico nesta área, segundo o Estudo florístico). Tampouco coas carballeiras de transición colinas a montañas con abundancia de *Betula celtiberica* que aparecen nas cotas altas da serra do Galiñeiro. Introduciríanse árbores e arbustos extraños ás series de sucesión propias deste territorio, como *Pinus sylvestris*, *Acer pseudoplatanus*, *Sorbus aucuparia*, *Genista florida*, etc. Resulta obvio que non leron o Estudo Florístico contido no EIA.

Por outro lado, os nomes científicos das especies que mencionan conteñen numerosos erros (*Laurus novilis*, *Hacer pseudoplatanus...*), o que dá unha idea da falla de rigor deste documento.

B.10.3. Contaminación

As actuacións previstas no Plan de Restauración incrementarían os riscos de contaminación das terras e das augas. No mantemento das revexetacións contéplase a aplicación de abonos minerais e foliares, produtos fitosanitarios anticriptogámicos, funxicidas, repelentes contra avifauna e microfauna, etc., o que provocaría a contaminación de correntes de auga de alta calidade que a día de hoxe están libres de contaminación química.

B.10.4. Afeccións non previstas inicialmente sobre hábitats de interese comunitario

Na páxina 45 do Plan de Restauración deféndese a opción do acopio de terras na mesma zona do proxecto, desaconsellando o traslado das mesmas a vertedeiro:

“Hai que tener en cuenta que el transporte de las tierras al vertedero supone un coste económico apreciable, de modo que si evitamos ese transporte, podemos llegar a reducir el coste total de la partida referida al movimiento de tierras”

Sen embargo non se localizan as zonas de acopio da terra vexetal extraída, o que quedaría a criterio da Dirección de Obra. O acopio deste material é un labor complexo debido á forte pendente que presenta o terreo, debéndose prever o levantamento de estruturas de contención fronte os arrastes. A instalación destas zonas de acopio, que suporían o verquido de terra vexetal mesturada con pedras en superficies onde existen diversos hábitats de interese comunitario cartografados, ocasionarían un impacto que se sumaría aos impactos xerados directamente polas plataformas de montaxe, cimentacións dos aeros, etc. No Plan de Restauración non se ubican estas zonas, polo tanto non sabemos que comunidades vexetais se verían afectadas por esta actuación, de modo que non podemos valorar o seu impacto sobre as mesmas.

B.10.5. Agravamento importante dos efectos das escorrentías

B.11.5.1. A extensión de **5.247m³** de terra vexetal sobre taludes, terrapléns e outras infraestruturas asociadas ao proxecto, agravarían considerablemente os efectos das escorrentías nas zonas situadas directamente baixo as actuacións, afectando a cursos de auga e hábitats turbosos ocupados por comunidades vexetais sensibles, como a breixeira húmida de *Erica ciliaris*, e especies de interese particular, como *Narcissus cyclamineus*.

B.11.5.2. As cotas altas da serra do Galiñeiro experimentan de maneira natural unha forte escorrentía superficial. A copiosa precipitación orográfica, unida á forte inclinación do terreo (a pendente media é superior ao 30%), e á existencia de prolongadas superficies continuas de relevo suave nas que predominan os substratos rochosos pouco permeables, dá lugar a altos coeficientes de escorrentía e á acumulación de importantes volumes de auga que se precipitan pendente abaixo en forma de enérxicas arroiadas.

A serra do Galiñeiro figura como zona con risco alto de movementos en masa, segundo o *Mapa Nacional de Erosión* editado polo Ministerio de Medio Rural y Marino.

B.10.6. Ameazas sobre os cursos de auga

Contéplanse actuacións agresivas en zonas de ribeira (páx. 39). Non se localizan as áreas de actuación, aínda que se alude de maneira xenérica aos “ríos y arroyos que se atravesan a lo largo del estudio”.

Preténdese realizar o verquido de terra vexetal sobre ribeiras de montaña en solos de tipo turboso, con presenza de comunidades vexetais de interese, e onde habitan especies animais e vexetais cartalogadas. Posteriormente executaríase unha plantación de especies arbóreas típicas dos cursos medios e baixos dos ríos. Estas obras multiplicarían o impacto ambiental do proxecto sobre hábitats sensibles e estaría condenada ao fracaso, debido á forte pendente do terreo e a existencia de escorrentías de grande enerxía nesa área.

B.11. CARENCIAS DO EIA

CARENCIAS DO ESTUDO DE IMPACTO AMBIENTAL RESPECTO A O INFORME DA SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL DE 10 DE XANEIRO DE 2012.

1.- Na páxina 2 deste infome, respecto ás respostas recibidas na fase de consultas (en virtude do artigo 8 do RDL1/2008), requírese do equipo redactor: “No estudo de impacto deberá incluírse un anexo no que se especifique claramente cómo se tiveron en conta as ditas respostas ao longo do estudo”.

Este estudo non foi anexado.

Tamén respecto aos escritos de alegacións presentados por diversas asociacións e que se relacionan no Informe, foi achegada copia ao promotor para os mesmos efectos.

2.- Non existe información do estado de tramitación da infraestrutura de evacuación de enerxía.

3.- O informe indica sobre o inventario de fauna e vexetación “e virá apoiado por traballo de campo coa maior cobertura anual posible”. No que atinxe ao estudo de caracterización faunística, segundo se recoñece no mesmo estudo achegado ao EIA o traballo de campo consistiu en dúas xornadas (9 e 30 de marzo de 2012) de traballo. Polo tanto non se cumpre o indicado. Con respecto ao estudo da vexetación, aínda que o traballo foi realizado cun maior nivel de rigorosidade non abarca o ciclo anual.

4.- O estudo acústico con contén medicións da campaña preoperacional, tal como indica o Informe da da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

5.- Na análise de alternativas non existe unha xustificación razonada da solución adoptada, tendo en conta os efectos ambientais, nin respecto a moitas das cuestións expostas no Informe nin das derivadas das respostas recibidas ás consultas efectuadas.

RESPECTO AO DECRETO 442/1990 de 13 DE SETEMBRO DE IMPACTO AMBIENTAL:

O artigo 3º de dito Decreto establece o contido mínimo das avaliacións:

a) Descrición do proxecto e as súas accións. Examen das alternativas e xustificación da solución adoptada.

Aínda que existe un apartado que se adica á análise das alternativas, non se pode considerar que ese apartado exponga alternativas, agás a cero. Tampouco se xustifica a elección da “alternativa” 2.

Neste sentido o apartado 6) establece “Unha descrición das esixencias previsibles no tempo, en orde á utilización do solo e outros recursos naturais, para cada alternativa examinada.

No apartado 4) esíxese: **“Descrición, no seu caso, dos tipos, cantidades e composición dos residuos, verquidos, emisións o calquera outro elemento derivado da actuación, tanto sexan de tipo temporal durante a realización da obra ou permanentes cando xa esté**

realizada e en operación, en especial ruidos, vibracións, olores, emisións luminosas e emisións de partículas”.

Non se describen, nin os tipos, nin a composición dos residuos nin os verquidos.

Tamén no apartado c) de dito artigo 3º, dise:

“6) Se indicarán los procedimientos utilizados para conocer el grado de aceptación o repulsa social de la actividad, así como las implicaciones económicas de sus efectos ambientales”

Non se utilizou ningún procedemento para coñecer o grado de aceptación ou repulsa social da actividade, nin as implicacións económicas dos seus efectos ambientais.

B.12. AFECCIÓN Á PAISAXE



B.12.1. Meteoroloxía e visibilidade da serra do Galiñeiro

O Estudo paisaxístico sostén que existe un predominio dos días nubosos e de néboa sobre os soleados. Estes últimos non representarían máis co **25%** do total. Este resultado -que lle restaría visibilidade ao Galiñeiro e relativizaría o impacto paisaxístico do parque eólico na serra, non coincide cos nosos propios datos.

A estación meteorolóxica escollida para a elaboración dos estudos xeolóxico e paisaxístico foi a estación do aeroporto de Peinador. Aínda que o seu rexistro en número de anos é longo encóntrase a unha certa distancia da área do proxecto (11km.), e as condicións topográficas que presenta son moi distintas ás que presenta a serra do Galiñeiro. O aeroporto de Peinador está ubicado no corredor que une o Val do Louro coa ría de Vigo-Enseada de S. Simón. Neste corredor é moi frecuente o tránsito de néboas entre o río e o mar (de aí os frecuentes problemas de navegación aérea no aeroporto). Ademais, está condicionado topográficamente pola proximidade do monte do *Saramagoso* ou Galleiro, que cunha altitude de 744msnm (maior ca do Galiñeiro) podería reter en maior medida a nubosidade.

Pola nosa parte, nós escollemos como observatorio de referencia o observatorio existente no monte Aloia, situado na mesma serra do Galiñeiro, a pouco máis de 3km. do proxecto e a unha altitude semellante. Estas condicións fan innecesaria a corrección altitudinal dos datos referidos a precipitación e temperatura (corrección que por outro lado non se realizou no Estudo xeolóxico). Este mesmo observatorio do monte Aloia foi seleccionado asimesmo polos redactores do Estudo florístico. Baseándonos nos datos recollidos entre os anos 2001 e 2011, fixemos unha estimación do número de horas de sol diarias medidas de promedio nun día despexado pola estación, en relación coa duración real do día en cada estación do ano. Así, a porcentaxe anual de horas de sol sobre o total de horas diurnas sería do:

57,04%

Por meses, a porcentaxe de horas de sol é **menor ao 50 %** ao longo de:

Outubro/ Novembro/Decembro/Xaneiro/Febreiro

Nos meses de: **Marzo/Abril/Maio/Xuño/Xullo/Agosto e Setembro**, a porcentaxe de horas de sol sobre o total -facendo o promedio destes 7 meses- é sen embargo do:

70,5%

Temos que destacar que estes meses correspóndense co máximo de uso social da serra do Galiñeiro, que sería precisamente o período máis crítico canto ao impacto social e paisaxístico do parque eólico.

O dossier fotográfico e a imaxe da serra

Existe unha intención clara de **ocultar** a imaxe da serra do Galiñeiro en todo o documento ambiental, e nomeadamente no Estudo paisaxístico. Resulta moi revelador que as únicas imaxes nas que realmente se pode apreciar non claridade a serra do Galiñeiro e a súa morfoloxía característica aparezan

precisamente no Estudo arquelóxico, un dos escasos documentos elaborados con rigor no EIA.

Nas fotografías que compoñen o dossier fotográfico, ademais, o campo visual amplíase de maneira que a serra practicamente deixa de ser perceptible. A serra do Galiñeiro queda minimizada aínda en maior medida que na *Simulación visual* que acompañaba o Documento de Inicio, que xa naquel momento empequeñecía a imaxe da serra en relación á súa apreciación real desde os puntos desde os cais foron tomadas as imaxes. Precisamente, nas nosas observacións ao referido documento, xa advertíamos o seguinte:

“A simulación fotográfica non cumpre coa finalidade para a cal foi concibida: as imaxes representan a serra do Galiñeiro cunha dimensión manifestamente moi inferior á que se aprecia en realidade desde os puntos desde os que as imaxes foron obtidas”.

Outro aspecto que chamou a nosa atención do dossier fotográfico que contén o Estudo paisaxístico é que, en moitas destas fotografías, a imaxe do Galiñeiro aparece ocultada por algún elemento que a eclipsa: unha casa, unha árbore... No paroxismo da ocultación, algunhas fotografías mostran a serra do Galiñeiro seccionada, cos seus cumes velados por un manto de nubes baixas.


B.12.2. A paisaxe é un elemento que outorga identidade. O perfil único da serra do Galiñeiro e os seus recunchos todos están indisolublemente unidos á paisaxe e á historia da bisbarra. As parroquias que se estenden aos pés da serra teñen no Galiñeiro un auténtico icono. Chamou a atención de viaxeiros como o Padre Sarmiento, quen no século XVIII reparou na maxestuosa presenza do Galiñeiro cando viaxaba entre Tui e Redondela, atravesando a *Depresión Meridiana* galega.

A instalación do Parque Eólico Serra do Galiñeiro terá un gran impacto negativo sobre a paisaxe da área metropolitana de Vigo. Por todos é coñecido o impacto visual dos aeroxeradores dos parques eólicos, pero no caso do proxecto da serra do Galiñeiro adopta unha dimensión extraordinaria dada a singularidade e localización desta serra. As formacións de gneis de riebeckita que forman as famosas Gallas do Galiñeiro configuran unha belísima imaxe que é xa unha referencia paisaxística do sur da provincia de Pontevedra. O Galiñeiro eríxese nun enorme *Inselberg* ou “monte illa” que se destaca no horizonte nos vales de O Frago, Miñor e Louro.

O impacto negativo na paisaxe mesmo se pon de manifesto no propio Estudo de Impacto Integración Paisaxística do proxecto do Parque Eólico, así na páxina 15 cítase: “... las sierras (montes) valles y litoral del sureste de Pontevedra se caracterizan por asentarse sobre materiales graníticos y por sus condiciones climáticas particulares: con matices mediterráneos que no presentan el resto de las sierras gallegas pertenecientes a este tipo de paisaje”. Tamén, no apartado “Puntos de Orientación Geográfica” (páxina 29): “Hitos, que al caracterizarse por sus formas claras, localización prominente y escala

relativa funcionan como referente espacial para la población". E máis adiante, na páxina 31, agora falando acerca dos "*Hitos de referencia espacial*", cando afirma: "*La sierra del Galiñeiro en su conjunto constituye un hito de referencia espacial por sus formas, localización prominente y escala relativa funciona como referente espacial para la población del proyecto*". Ante a evidencia que o propio estudio do Plan Eólico manifesta, non cabe máis que dicir que ese "Fito paisaxístico" quedaría totalmente diminuído coa instalación dos aeroxeradores, o cal por sí so é un argumento para a denegación do Parque.

O mesmo Estudo de Impacto do Parque Eólico no seu intento de diminuír o impacto na paisaxe menciona: "El estudio de la alteración paisajística producida por el Parque Eólico queda limitado por su cuenca visual, es decir el conjunto de puntos desde los que se puede contemplar el objeto considerado. Como límite de la distancia visual a analizar se ha asumido los primeros 3.500 m para cada aerogenerador y en todas las direcciones posibles ..". Ante o cal, temos que dicir que a Serra do Galiñeiro é punto de referencia paisaxística para toda a comarca e poboacións veciñas, sendo visible desde numerosos puntos do concello de Vigo, Gondomar, O Porriño e Mos e, mesmo desde toda a comarca do Morrazo, e gran parte do litoral da Ría de Vigo. É manifestamente evidente que o límite de distancia visual de 3.500 metros responde a un simple interese do proxecto e en ningún caso paliaría o gran impacto visual. Na Figura que presentamos a continuación se pode observar en vermello algúns dos lugares da provincia de Pontevedra desde onde é visible o Galiñeiro.



B.12.2 A instalación do Parque Eólico Serra do Galiñeiro contradi claramente algunhas directrices e normas establecidas no ordenamento xurídico de ordenación do territorio de Galicia, como as Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) e o Plan de Ordenación do Litoral (POL).

Así nas DOT (Decreto 19/2011, de 10 de febreiro) afírmase: *“Nas novas instalacións de produción de enerxía primará a integración ambiental e paisaxística, polo que para a xustificación da idoneidade da localización se deberán valorar as diversas alternativas, outorgando prioridade aos solos xa transformados e descartando, en calquera caso, as que deriven nunha maior incidencia, sen prexuízo das medidas correctoras correspondentes.”* Ante o evidente valor paisaxístico da Serra do Galiñeiro exposto no punto anterior, e mesmamente confirmado polo Estudo de Impacto Integración Paisaxística do propio Parque Eólico, deberíase descartar á Serra do Galiñeiro para a instalación dos aeroxeneradores propostos no proxecto, por ter, como xa mencionamos, unha gran incidencia na paixase nunha contorna de máis de 20 km.

Ademais, a zona de localización do parque eólico está incluída no ámbito do Plan de Ordenación do Litoral (POL). No Título IV do POL, no apartado 2. Ámbito, do Programa de Acción, di: *“Para a elaboración do POL tal e como se estableceu no Título III relativo á Paisaxe delimitouse un ámbito de estudo composto polas unidades litorais e prelitorais”.* E máis adiante explica: *“... o Fondo litoral que engloba o marco ou fondo físico e, en ocasións, escénico das paisaxes litorais e está constituído, basicamente, polas unidades de paisaxe denominadas prelitorais. Ten como obxectivos preservar o fondo das escenas litorais sexan estas de carácter natural, urbano ou rural, así como garantir a utilización racional dos recursos naturais e un desenvolvemento urbanístico sustentable con criterios de integración paisaxística. Para iso é necesario a caracterización das unidades paisaxísticas que o conforman e o establecemento dos obxectivos e directrices de calidade paisaxística.”* Polo tanto, sendo a Serra do Galiñeiro un fondo escénico do litoral das comarcas viguesa e miñorana e un fito de referencia paisaxística na comarca (e así mesmamente o recoñece o mencionado Estudo de Impacto Integración Paisaxística do propio Plan Eólico), a preservación do fondo das esceas litorais contido no POL, e totalmente contradictorio coa instalación do Parque Eólico.

B.12.3 A Serra do Galiñeiro debera ser un referente paisaxístico incluído no catálogo das paisaxes de Galicia.

Este catálogo, que nós saibamos aínda sen elaborar, é un dos principais instrumentos que a Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia establece cara a asegurar unha axeitada protección, xestión e ordenación das paisaxes de Galicia. Esta lei conforme ás disposicións do Convenio europeo da paisaxe aprobado en Florencia o 20 de outubro de 2000 por proposta do Consello de Europa, e cuxa entrada en vigor tivo lugar o 1 de marzo de 2004, *“...pretende recoñecer xuridicamente a paisaxe como elemento*

esencial para o benestar individual e social, cuxa protección, xestión e planeamento comporta dereitos e obrigas para todos, tal e como así o define o devandito Convenio.. “. Ademais esa lei é o “marco de referencia de outras lexislacións sectoriais e os seus plans e programas que poidan influir dalgún xeito na modificación, alteración ou transformación das paisaxes”.

De feito, outras normas posteriores relativas á ordenación do territorio como son as Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) e o do Plan de Ordenación do Litoral (POL) fan referencia explícita a ese ordenamento necesario da paisaxe. Por exemplo o POL fai mención da necesidade de protección e caracterización das unidades paisaxísticas que conforman un determinado “*fondo litoral*”. Como xa mencionamos no punto 2 deste documento, o fondo escénico da Serra do Galiñeiro constitúe claramente un exemplo claro de aplicación da mencionada normativa. Nunha zona como a área metropolitana de Vigo cun forte desenvolvemento económico que reclama a instalación de proxectos industriais de moi diversas características, sería necesario promover con dilixencia a protección paisaxística de certos enclaves, se non se quere perder para sempre algúns dos atractivos máis emblemáticos da zona.

O Galiñeiro no Ano Galego da Paisaxe

A Estratexia Galega da Paisaxe de Galicia está a desenvolver unha serie de medidas que teñen como finalidade “protexer e preservar os elementos máis significativos e característicos das diferentes paisaxes da Comunidade Autónoma”.

A serra do Galiñeiro é un deses elementos paisaxísticos imposibles de ignorar. É un fito imprescindible na paisaxe do Val do Fragoso, Val do Louro e Miñor, impregnados da súa presenza inconfundible e evocadora. Ademais, polo seu carácter único constitúe un elemento importantísimo do patrimonio paisaxístico común de todos os galegos e galegas.

Resultaría absolutamente incomprendible que a Xunta de Galicia despedira este Ano Galego da Paisaxe sacrificando precisamente unha das paisaxes máis singulares de todo o país.

B.12.4. A paisaxe da serra do Galiñeiro, é un activo estratéxico moi importante para o desenvolvemento económico futuro.

O devastador impacto paisaxístico que comportarían estas instalacións hipotecarían tanto o benestar da cidadanía como a explotación económica sostible deste territorio.

O retraso na aplicación da lei de protección da paisaxe de Galicia e polo tanto na promoción de políticas de paisaxe, conleva que zonas que deberían estar protexidas polo seu alto valor paisaxístico estean ameazadas por iniciativas de proxectos de alto impacto como o Parque Eólico Serra Galiñeiro.

B.13. AFECCIÓNS SOBRE ESPAZOS NATURAIS PROTEXIDOS

B.13.1. Impacto sobre o Parque Natural do Monte Aloia

O futuro do Parque Natural do Monte Aloia depende da súa necesaria ampliación, o que significa extender o parque máis alá dos seus límites actuais, incorporando o conxunto das zonas altas da serra do Galiñeiro. Só así, o parque natural poderá cumprir coas condicións que establece a *Lei 9/2001, de 21 de agosto, de Conservación da natureza*.

O Parque Natural do Monte Aloia encóntrase estrangulado actualmente polo seu reducido perímetro, e presenta un hábitat maioritario que –a pesar dos progresos que se están realizando- aínda resulta demasiado artificial para o que se supón nun Parque Natural. A incorporación das cotas altas da serra do Galiñeiro, alén dos valores xeolóxicos, paisaxísticos ou patrimoniais que aportaría, sumaría para o parque unha importante superficie onde existe unha ampla representación de hábitats de carácter natural e de especies catalogados en diversas directivas. Entre estes hábitats, destacan nomeadamente aqueles hábitats vencellados aos afloramentos rochosos da serra e ao seu sistema hídrico, formado por breixeiras húmidas, cauces de media montaña e turbeiras.

A Xunta Reitora do Parque Natural, dacordo con esta apreciación, ten encomendado xa a realización de inventarios e estudos ambientais sobre serra do Galiñeiro, de cara á ampliación do Parque Natural.

No DOG de martes 28 de febreiro de 2012 publicouse *RESOLUCIÓN CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS de 9 de febreiro de 2012, de la Secretaría General Técnica de la Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, por la que se hace pública la cofinanciación por la Unión Europea a través del Fondo Europeo de Desarrollo Regional en un 70% en el marco del Programa operativo Feder Galicia 2007-2013 de varios contratos*.

Dentro destes contratos atópase no punto 8: Servicio para la redacción del Plan de ordenación de los recursos naturales y del medio físico del lugar de importancia comunitaria (LIC) y zona de especial protección de los valores naturales (ZPPVN) denominado Pena Trevinca (Ourense) y del Plan de ordenación de los recursos naturales y del medio físico de la Serra do Galiñeiro denominado ampliación del parque natural del Monte Aloia (Pontevedra) (2 lotes), (expediente 97/2008), adjudicado por Resolución de 7 de abril de 2009. Eje 3, tema prioritario 51.

Polo tanto a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas adica uns fondos europeos para a redacción dun Plan de ordenación dos recursos naturais (PORN) para a ampliación do parque natural do Monte Aloia.

B.13.2. Impacto sobre a rede Natura 2000

Alén dos posibles efectos que o parque eólico poida ocasionar no tránsito de avifauna entre os Lugares de Importancia Comunitaria máis próximos, o proxecto afectaría un espazo natural que reúne as condicións necesarias para

a súa inclusión na rede Natura, xa que nas cotas altas da serra do Galiñeiro abundan os hábitats de carácter natural, entre os cais podemos sumar un mínimo de 9 hábitats incluídos no Anexo I da *Directiva 92/43/CE*.

De feito, o Galiñeiro foi proposto para a súa incorporación á rede *Natura 2000* por numerosos colectivos sociais, mediante a presentación de alegacións á *Proposta de Ampliación da rede Natura 2000 de Galicia* ((DOG nº 1, do 2/01/12).

A Comisión de Peticións do Parlamento Europeo admitiu a trámite a solicitude de inclusión da serra do Galiñeiro na rede Natura 2000 realizada pola Plataforma pola Protección da Serra do Galiñeiro (*Petición 1143/2011*).

Por todo o exposto,

SOLICITAMOS

- Que se **tomen en conta estas alegacións presentadas** en relación co procedemento administrativo relativo ao proxecto do parque eólico Galiñeiro
- Que se nos considere parte interesada a efectos de futuras notificacións, información e audiencia.
- Que, pola mesma razón, o órgano correspondente da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas determine a **non viabilidade ambiental** do Proxecto do Parque Eólico Serra do Galiñeiro.
- **Que se suspenda a tramitación desta instalación**, se dispoña suspender o procedemento e deixar sen valor nin efecto toda a tramitación realizada ata o de agora e se obrigue ao promotor a renunciar á implantación deste proxecto de xeración de enerxía eléctrica.

.....

29 de novembro de 2012

Asdo.: